Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 19/01/2022 01:17:01
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 259
19 de xaneiro de 2022

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

27692 (11/PNP-002445)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira 98588

27816 (11/PNP-002456)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 14 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da rectificación das declaracións do ministro de Consumo respecto do sector cárnico 98592

27997 (11/PNP-002467)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do impacto da covid-19 nas residencias de maiores 98597

Admisión a trámite e publicación

27199 (11/PNP-002415)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia 98602

27207 (11/PNP-002416)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo 98605

27225 (11/PNP-002418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar o nivel competitivo do sector industrial 98610

27236 (11/PNP-002419)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense 98614

27245 (11/PNP-002421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas instalacións e a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores 98617

27251 (11/PNP-002422)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia 98620

27262 (11/PNP-002424)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para protexer o lobo e para paliar os danos que produce 98623

27272 (11/PNP-002425)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia en relación co prezo da luz a comezos de 2022 98628

27282 (11/PNP-002426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061 98632

27313 (11/PNP-002427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela 98636

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27315 (11/PNP-002428)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación da Xunta de Galicia para que, de xeito urxente, cubra as prazas de persoal médico e de enfermaría do Servizo de Paliativos/HADO do Hospital da Mariña 98638

27323 (11/PNP-002429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de traballo entre a Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e Altri de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense 98640

27340 (11/PNP-002430)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022 98642

27400 (11/PNP-002431)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo 98645

27411 (11/PNP-002432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes o Centro de Saúde de Vilalba e o PAC que atende os concellos da contorna 98649

27417 (11/PNP-002433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que supervise a xestión da estación de montaña de Manzaneda pola empresa Artabria Turismo S.L. 98652

27422 (11/PNP-002434)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade 98655

27573 (11/PNP-002435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora e actualización da EDAR de Noia 98659

27592 (11/PNP-002436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o convenio colectivo de Xeal 98664

27619 (11/PNP-002437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia 98669

27624 (11/PNP-002438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento 98673

27651 (11/PNP-002439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar un cambio de modelo na atención primaria 98676

27678 (11/PNP-002440)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo 98680

27680 (11/PNP-002441)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota 98683

27682 (11/PNP-002442)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea 98686

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27684 (11/PNP-002443)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega 98689

27686 (11/PNP-002444)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da realización, diante da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio, dunha defensa do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria 98692

27696 (11/PNP-002446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer a rebaixa das peaxes da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57) 98696

27701 (11/PNP-002447)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación na rede do Servizo Galego de Saúde de dúas unidades de referencia, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose e tratamento da silicose 98699

27718 (11/PNP-002448)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871 98703

27741 (11/PNP-002449)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que tome en consideración e incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre o anteproxecto da futura Lei estatal de vivenda 98707

27745 (11/PNP-002450)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial 98709

27760 (11/PNP-002451)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo 98712

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

27690 (11/PNC-002538)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira 98715

27759 (11/PNC-002545)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo 98718

27815 (11/PNC-002550)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 14 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da rectificación das declaracións do ministro de Consumo respecto do sector cárnico 98722

27992 (11/PNC-002562)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do impacto da Covid19 nas residencias de maiores 98727

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

27200 (11/PNC-002508)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia 98730

27208 (11/PNC-002509)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo 98733

27226 (11/PNC-002511)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar o nivel competitivo do sector industrial 98738

27237 (11/PNC-002512)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense 98742

27246 (11/PNC-002513)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas instalacións e a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores 98745

27252 (11/PNC-002514)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia 98748

27263 (11/PNC-002516)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para protexer o lobo e para paliar os danos que produce 98751

27271 (11/PNC-002517)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia en relación co prezo da luz a comezos de 2022 98756

27277 (11/PNC-002518)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre o proceso de selección das participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás 98760

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27281 (11/PNC-002519)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061 98764

27301 (11/PNC-002520)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela 98768

27302 (11/PNC-002521)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación da Xunta de Galicia para que, de xeito urxente, cubra as prazas de persoal médico e de enfermaría do Servizo de Paliativos/HADO do Hospital da Mariña 98770

27303 (11/PNC-002522)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense 98772

27338 (11/PNC-002523)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022 98775

27399 (11/PNC-002524)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo 98778

27412 (11/PNC-002525)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes o Centro de Saúde de Vilalba e o PAC que atende os concellos da contorna 98782

27418 (11/PNC-002526)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que supervise a xestión da estación de montaña de Manzaneda pola empresa Artabria Turismo S.L. 98785

27423 (11/PNC-002527)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade 98788

27572 (11/PNC-002528)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora e actualización da EDAR de Noia 98792

27591 (11/PNC-002529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o convenio colectivo de Xeal 98797

27620 (11/PNC-002530)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia 98802

27625 (11/PNC-002531)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento 98806

27652 (11/PNC-002532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar un cambio de modelo na atención primaria 98809

27677 (11/PNC-002533)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo 98813

27679 (11/PNC-002534)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota 98816

27681 (11/PNC-002535)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea 98819

27683 (11/PNC-002536)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega 98822

27685 (11/PNC-002537)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da realización, diante da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio, dunha defensa do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria 98825

27697 (11/PNC-002540)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer a rebaixa das peaxes da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57) 98829

27702 (11/PNC-002541)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación na rede do Servizo Galego de Saúde de dúas unidades de referencia, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose e tratamento da silicose 98832

27716 (11/PNC-002542)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871 98836

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27742 (11/PNC-002543)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que tome en consideración e incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre anteproxecto da futura Lei estatal de vivenda 98840'

27746 (11/PNC-002544)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial 98842

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

27664 (11/CPP-000070)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria 98845

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

27991 (11/INT-001420)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do impacto da covid 19 nas residencias de maiores 98847

Admisión a trámite e publicación

27203 (11/INT-001394)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia 98852

27217 (11/INT-001395)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valora da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento e as actuacións ao respecto 98855

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27229 (11/INT-001397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega e a valoración da Xunta de Galicia respecto do Informe de conxuntura socioeconómica do Foro Económico de Galicia respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España 98858

27247 (11/INT-001398)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións 98862

27266 (11/INT-001400)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce 98864

27273 (11/INT-001401)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia 98868

27289 (11/INT-001402)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e o desenvolvemento do marco legal 98871

27316 (11/INT-001403)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de desafiuzamentos 98876

27317 (11/INT-001404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense 98878

27337 (11/INT-001405)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022 98881

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27368 (11/INT-001406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021 98884

27398 (11/INT-001407)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas a mariscadores e mariscadoras 98886

27426 (11/INT-001408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para promover a integración laboral das persoas con discapacidade 98890

27571 (11/INT-001409)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do saneamento e depuración nos concellos galegos 98895

27653 (11/INT-001410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria 98901

27703 (11/INT-001411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da incidencia da silicose 98904

27747 (11/INT-001412)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Consellería de Política Social respecto das residencias de maiores 98908

27758 (11/INT-001413)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre procesos no sector naval da Ría de Vigo 98910

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do tribunal cualificador dos resultados obtidos no procedemento de selección por concurso-oposición e proposta á Mesa do Parlamento da persoa aspirante que superou as probas selectivas da promoción interna de dous postos de administrativo do Parlamento de Galicia
98585

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xaneiro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27692 (11/PNP-002445)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira

- 27816 (11/PNP-002456)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 14 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da rectificación das declaracións do ministro de Consumo respecto do sector cárnico

- 27997 (11/PNP-002467)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do impacto da covid-19 nas residencias de maiores

Admisión a trámite e publicación

- 27199 (11/PNP-002415)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia

- 27207 (11/PNP-002416)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

- 27225 (11/PNP-002418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar o nivel competitivo do sector industrial

- 27236 (11/PNP-002419)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense

- 27245 (11/PNP-002421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas instalacións e a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores

- 27251 (11/PNP-002422)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

- 27262 (11/PNP-002424)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para protexer o lobo e para paliar os danos que produce

- 27272 (11/PNP-002425)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia en relación co prezo da luz a comezos de 2022

- 27282 (11/PNP-002426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061

- 27313 (11/PNP-002427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela

- 27315 (11/PNP-002428)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación da Xunta de Galicia para que, de xeito urxente, cubra as prazas de persoal médico e de enfermaría do Servizo de Paliativos/HADO do Hospital da Mariña

- 27323 (11/PNP-002429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de traballo entre a Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e Altri de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

- 27340 (11/PNP-002430)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

- 27400 (11/PNP-002431)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo

- 27411 (11/PNP-002432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes o Centro de Saúde de Vilalba e o PAC que atende os concellos da contorna

- 27417 (11/PNP-002433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que supervise a xestión da estación de montaña de Manzaneda pola empresa Artabria Turismo S.L.

- 27422 (11/PNP-002434)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

- 27573 (11/PNP-002435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora e actualización da EDAR de Noia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27592 (11/PNP-002436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o convenio colectivo de Xeal

- 27619 (11/PNP-002437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

- 27624 (11/PNP-002438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento

- 27651 (11/PNP-002439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar un cambio de modelo na atención primaria

- 27678 (11/PNP-002440)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo

- 27680 (11/PNP-002441)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota

- 27682 (11/PNP-002442)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea

- 27684 (11/PNP-002443)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega

- 27686 (11/PNP-002444)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da realización, diante da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio, dunha defensa do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria

- 27696 (11/PNP-002446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer a rebaixa das peaxes da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57)

- 27701 (11/PNP-002447)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación na rede do Servizo Galego de Saúde de dúas unidades de referencia, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose e tratamento da silicose

- 27718 (11/PNP-002448)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871

- 27741 (11/PNP-002449)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que tome en consideración e incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre o anteproxecto da futura Lei estatal de vivenda

- 27745 (11/PNP-002450)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial

- 27760 (11/PNP-002451)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

- 27690 (11/PNC-002538)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27759 (11/PNC-002545)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27815 (11/PNC-002550)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 14 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da rectificación das declaracións do ministro de Consumo respecto do sector cárnico
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27992 (11/PNC-002562)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do impacto da Covid19 nas residencias de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 27200 (11/PNC-002508)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27208 (11/PNC-002509)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27226 (11/PNC-002511)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar o nivel competitivo do sector industrial
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27237 (11/PNC-002512)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27246 (11/PNC-002513)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas instalacións e a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27252 (11/PNC-002514)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27263 (11/PNC-002516)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para protexer o lobo e para paliar os danos que produce
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27271 (11/PNC-002517)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia en relación co prezo da luz a comezos de 2022
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27277 (11/PNC-002518)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre o proceso de selección das participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27281 (11/PNC-002519)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27301 (11/PNC-002520)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27302 (11/PNC-002521)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación da Xunta de Galicia para que, de xeito urxente, cubra as prazas de persoal médico e de enfermaría do Servizo de Paliativos/HADO do Hospital da Mariña
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27303 (11/PNC-002522)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27338 (11/PNC-002523)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27399 (11/PNC-002524)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27412 (11/PNC-002525)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes o Centro de Saúde de Vilalba e o PAC que atende os concellos da contorna
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27418 (11/PNC-002526)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que supervise a xestión da estación de montaña de Manzaneda pola empresa Artabria Turismo S.L.
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27423 (11/PNC-002527)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27572 (11/PNC-002528)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora e actualización da EDAR de Noia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27591 (11/PNC-002529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre o convenio colectivo de Xeal
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27620 (11/PNC-002530)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27625 (11/PNC-002531)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27652 (11/PNC-002532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar un cambio de modelo na atención primaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27677 (11/PNC-002533)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27679 (11/PNC-002534)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27681 (11/PNC-002535)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27683 (11/PNC-002536)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27685 (11/PNC-002537)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da realización, diante da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio, dunha defensa do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27697 (11/PNC-002540)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer a rebaixa das peaxes da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57)
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27702 (11/PNC-002541)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación na rede do Servizo Galego de Saúde de dúas unidades de referencia, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose e tratamento da silicose
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27716 (11/PNC-002542)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27742 (11/PNC-002543)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que tome en consideración e incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre anteproxecto da futura Lei estatal de vivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27746 (11/PNC-002544)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 27664 (11/CPP-000070)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27991 (11/INT-001420)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do impacto da covid 19 nas residencias de maiores

Admisión a trámite e publicación

- 27203 (11/INT-001394)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia

- 27217 (11/INT-001395)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valora da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento e as actuacións ao respecto

- 27229 (11/INT-001397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega e a valoración da Xunta de Galicia respecto do Informe de conxuntura socioeconómica do Foro Económico de Galicia respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España

- 27247 (11/INT-001398)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27266 (11/INT-001400)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce

- 27273 (11/INT-001401)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia

- 27289 (11/INT-001402)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e o desenvolvemento do marco legal

- 27316 (11/INT-001403)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de desafiuzamentos

- 27317 (11/INT-001404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

- 27337 (11/INT-001405)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

- 27368 (11/INT-001406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021

- 27398 (11/INT-001407)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas a mariscadores e mariscadoras

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27426 (11/INT-001408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 2 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

- 27571 (11/INT-001409)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do saneamento e depuración nos concellos galegos

- 27653 (11/INT-001410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria

- 27703 (11/INT-001411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da incidencia da silicose

- 27747 (11/INT-001412)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Consellería de Política Social respecto das residencias de maiores

- 27758 (11/INT-001413)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e 3 máis
Sobre procesos no sector naval da Ría de Vigo

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do tribunal cualificador dos resultados obtidos no procedemento de selección por concurso-oposición e proposta á Mesa do Parlamento da persoa aspirante que superou as probas selectivas da promoción interna de dous postos de administrativo do Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 convocáronse probas selectivas para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobáronse as bases reguladoras.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De conformidade coa base 7.1, o tribunal cualificador, unha vez rematadas as probas, emitirá resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total de puntos, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa. Na mesma resolución o tribunal elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

Con data do 6 de outubro e 19 de outubro de 2021 realizáronse as dúas partes de que consta o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, que figuran publicadas no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

PRIMEIRO EXERCICIO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA			
APELIDOS	**NOME**	**DNI**	**NOTA**
LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **	15,23
LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265**	11,10

O tribunal cualificador, na súa reunión do 16 de novembro de 2021, procedeu á valoración dos méritos da única aspirante que superou a fase de oposición e, de conformidade coa base 6.2.3, acordou a súa publicación, que se realizou no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 229, do 18 de novembro de 2021.

Nome e apelidos:	**Puntuación total da fase do concurso:**
MARINA LÓPEZ GÓMEZ	14 puntos

A aspirante dispuxo dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPG, para formular reclamacións, dirixidas á presidencia do tribunal cualificador.

Por todo iso, á vista das puntuacións obtidas na fase de oposición e do concurso, que se detallan no anexo, o tribunal cualificador proponlle á Mesa do Parlamento a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso como funcionaria do corpo administrativo do Parlamento de Galicia de Marina López Gómez.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO I
Fase de oposición:

POSTO: PROMOCIÓN INTERNA CORPO ADMINISTRATIVO				
APELIDOS E NOME	Primeiro exercicio		Segundo exercicio	TOTAL
	1ª proba	2ª proba		
Marina López Gómez	13,80	1,43	Exenta	15,23 ptos.

ANEXO II
Fase de concurso:

POSTO: PROMOCIÓN INTERNA CORPO ADMINISTRATIVO							
APELIDOS E NOME	6 a) 1	6 a) 2	6 b) 3 máx.	6 c) 2 máx.	6 d) 1 max.	6 e) 8 max.	TOTAL
	6,00 máx.						
Marina López Gómez	6,88	-	-	-	-	8,5	
	6,00 ptos.		0 ptos.	0 ptos.	0 ptos.	8 ptos..	14 ptos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:54
Nº Rexistro: 27692
Data envio: 13/01/2022 11:21:54.405

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodriguez Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta** e **Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal, Xera, estase a promover a madeira como elemento básico da bioeconomía circular en Galicia, tanto pola sustentabilidade do seu propio proceso produtivo, como por tratarse dun material natural, de proximidade, que contribúe á mitigación do cambio climático.

Neste contexto, coa colaboración estreita do tecido produtivo galego, estase traballando en ámbitos como a caracterización das diferentes madeiras locais, para fomentar a biodiversidade dos montes; a dixitalización dos procesos, para permitir a trazabilidade e garantir unha xestión sostible (certificación forestal); a ecoinnovación, para reducir o impacto medioambiental; a formación, para aproveitar ao máximo as novas tecnoloxías; e a diversificación, para impulsar novas cadeas de valor como a construción en madeira.

O utilización da madeira como material de construción é unha tendencia que se está consolidando no noso país, seguindo o exemplo dos países Escandinvos, Canadá ou Estados Unidos, cunha longa tradición nesta aplicación. De feito, o sector da construción está a identificar unha oportunidade neste modelo construtivo, xerando unha crecente demanda que cómpre xestionar de maneira eficiente e sostible.

A través do programa Utiliza Madeira, Xera ten apoiado a realización de 171 proxectos para o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras con madeira, que mobilizan un investimento superior aos 9,3 millóns de euros. Por outra banda, entra as actividades da Axencia, cabe destacar a celebración de convenios de colaboración con Pemade para que os prescritores poidan utilizar madeiras locais como elemento construtivo. Así

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:54
Nº Rexistro: 27692
Data envio: 13/01/2022 11:21:54.405

grupo parlamentario popular de galicia

mesmo, participa, xunto con outros socios no proxecto Interreg denominado EGURALT, dirixido ao estudo da construción en madeira de media altura.

Así mesmo, desde a Xunta de Galicia estanse a realizar obras publicas utilizando a madeira, como é o caso do PAC da Laracha ou a ampliación do PAC do Porriño.

Entendemos, polo tanto, que na nosa Comunidade Autónoma xa existe unha masa crítica suficiente para desenvolver estratexia integral que fomente a construción con madeira como unha nova cadea de valor, susceptible de crear riqueza e empregos de calidade, especialmente no medio rural, , e como unha forma de mellorar o benestar da sociedade galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira para deseñar e implantar, a través do diálogo cos axentes implicados, unha folla de ruta que permita dar resposta aos retos tecnolóxicos, formativos, comerciais, legais e de innovación que presenta este modelo construtivo máis sostible e eficiente, maximizando as oportunidades de crecemento e creación de emprego, especialmente no medio rural”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:54
Nº Rexistro: 27692
Data envio: 13/01/2022 11:21:54.405

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 11:01:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2022 11:02:12

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2022 11:02:28

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2022 11:02:43

Borja Verea Fraiz na data 13/01/2022 11:02:59

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2022 11:03:14

Pardo López, Adrián na data 13/01/2022 11:03:32

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/01/2022 11:03:44

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 11:03:59

María Elena Candia López na data 13/01/2022 11:04:15

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 11:05:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:54
Nº Rexistro: 27692
Data envio: 13/01/2022 11:21:54.405

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2022 11:05:47

Raquel Arias Rodríguez na data 13/01/2022 11:06:02

Cachafeiro Anta, Belén na data 13/01/2022 11:06:28

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 13/01/2022 11:06:39

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 27816
Data envio: 14/01/2022 10:50:15.561

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta, Miguel Prado Patiño, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Rio** e **José Manuel Balseiro Orol,** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento urxente da Cámara galega en relación con este asunto.

Exposición de motivos

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación , a industria cárnica é:

- A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

  A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

  É dicir, esta industria está formada dun xeito predominante por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar e con base territorial, que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- En 2020 achegou case 9.000 millóns de euros en exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Como no conxunto de España, en Galicia o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial, agrupando unha variada tipoloxía de produción.

Na nosa Comunidade hai máis de 61.000 explotacións de carne e supéranse as 400.000 toneladas de produción. En canto á industria cárnica, esta aglutina a 192

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 27816
Data envio: 14/01/2022 10:50:15.561

grupo parlamentario popular de galicia

empresas de transformación, que dan emprego a 4.601 traballadores e facturan arredor de 1.400 millóns de euros ao ano.

No caso concreto do vacún de carne, contamos cun total de 19.537 explotacións en Galicia -incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta- que teñen unha media de 22 animais cada unha delas.

Respecto do valor da produción de carne de bovino en Galicia, este ascende a 513 millóns de euros, o que representa o 14,1% do valor da produción final agraria da nosa Comunidade.

Desta produción, unha parte moi importante, como se dixo, está certificada coas indicacións xeográficas protexidas Carne de vacún de Galicia, ao abeiro da IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega e Buey Gallego. Lembremos que no ano 2020, entre ambas IXP, certificáronse case 100.000 canais, producíronse 22.748 toneladas de carne por un valor económico estimado de 126.700.000 euros e representan o 55% de toda a carne española con indicativo de calidade.

Por outra banda, lembremos que a sustentabilidade do sector bovino de carne en Galicia está demostrada e as prácticas tradicionais dos nosos gandeiros son moi respectuosas co medio ambiente. Así, cómpre ter en conta que cada explotación ten base territorial asociada. Este asunto é moi transcendente xa que incide na procedencia da alimentación dos animais e no aproveitamento dos xurros como fertilizantes das súas propias terras.

Neste caso concreto, cómpre sinalar que existe un estudo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, amparado polo propio Ministerio de Ciencia e Innovación, que constata que o uso de dexeccións (xurro e esterco) para enriquecer as terras, fronte á utilización de fertilizantes minerais, non incrementa as emisións de gases con efecto invernadoiro, sempre que se utilice dentro dos límites que se establecen de carga de nitróxeno.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traduciuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 27816
Data envio: 14/01/2022 10:50:15.561

grupo parlamentario popular de galicia

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados ("… *they export this poor quality meat from these ill- treated animals*"). Unhas declaracións que como puidemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca un dos eidos alimentarios máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a miles de familias e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento, o abandono da terra agraria e para previr incendios forestais.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marchas medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Instar á Xunta de Galicia a esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

2º. Instar á Xunta de Galicia a esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 27816
Data envio: 14/01/2022 10:50:15.561

grupo parlamentario popular de galicia

gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

3º. Manifestar e recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros e gandeiras, así coma dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos, nomeadamente os profesionais galegos, para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria acadando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias".

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/01/2022 10:44:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 27816
Data envio: 14/01/2022 10:50:15.561

grupo parlamentario popular de galicia

María Elena Candia López na data 14/01/2022 10:45:08

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2022 10:45:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2022 10:45:45

Raquel Arias Rodríguez na data 14/01/2022 10:46:00

José Antonio Armada Pérez na data 14/01/2022 10:46:19

Cachafeiro Anta, Belén na data 14/01/2022 10:46:36

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 14/01/2022 10:46:45

José Manuel Rey Varela na data 14/01/2022 10:46:53

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2022 10:47:09

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/01/2022 10:47:30

Ana Belén García Vidal na data 14/01/2022 10:47:43

José Alberto Pazos Couñago na data 14/01/2022 10:47:59

Noelia Pérez López na data 14/01/2022 10:48:11

Paula Prado del Río na data 14/01/2022 10:48:30

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2022 10:48:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:36:39
Nº Rexistro: 27997
Data envio: 17/01/2022 13:36:39.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o impacto da Covid19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar canto antes o alcance do impacto da Covid19 nas residencias de maiores así como as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explosión de casos positivos de Covid19 no conxunto da sociedade galega durante a sexta onda da pandemia (finais de 2021 – comezos de 2022) está a ter o seu impacto tamén nas residencias de maiores.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:36:39
Nº Rexistro: 27997
Data envio: 17/01/2022 13:36:39.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se algo aprendemos durante os últimos anos é que a transmisión comunitaria fóra dos centros fai que a Covid19 entre nas residencias contaxiándose tanto o persoal que traballa nelas como as persoas usuarias.

Certo é que a campaña de vacinación mudou radicalmente as consecuencias da pandemia nas residencias de maiores porén, non se pode baixar garda e as medidas de prevención e control deben reforzarse.

Neste senso, recentemente a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX) propuña intensificar as probas de detección da Covid19 entre o persoal das residencias con maior asiduidade e tamén entre as persoas usuarias.

Así mesmo, é imprescindíbel que o Goberno galego vixíe o reforzo dos cadros de persoal nas residencias en que se producen contaxios e que as empresas e entidades propietarias e/ou xestoras de centros residenciais cubren as baixas que se producen entre as traballadoras/es para garantir a calidade asistencial.

Nos últimos días rexistráronse gromos en varios centros residenciais galegos nos que entidades que representan a familiares de persoas usuarias, como REDE ou Vellez Digna, denunciaron diversas irregularidades e falta de transparencia por parte da administración e das empresas. Especialmente graves foron as denuncias trasladadas publicamente nas residencias DomusVI de Bembrive e A Raiola (Compostela).

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:36:39
Nº Rexistro: 27997
Data envio: 17/01/2022 13:36:39.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a intensificar as medidas de prevención e detección da Covid19 nas residencias de maiores especialmente aumentando o número de cribados entre o persoal traballador e persoas usuarias reducindo a súa periodicidade; así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a desenvolver, de oficio, inspeccións naqueles centros en que se detectan gromos para garantir que as empresas e entidades titulares e/ou xestoras destes centros contan co persoal suficiente e necesario para atender as usuarias e usuarios."

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:36:39
Nº Rexistro: 27997
Data envio: 17/01/2022 13:36:39.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2022 13:31:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2022 13:31:19

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 13:31:30

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2022 13:31:50

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2022 13:32:01

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 13:32:12

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 13:32:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 13:32:26

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:36:39
Nº Rexistro: 27997
Data envio: 17/01/2022 13:36:39.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 13:32:35

María González Albert na data 17/01/2022 13:32:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/01/2022 13:33:13

María del Carmen Aira Díaz na data 17/01/2022 13:33:23

Daniel Castro García na data 17/01/2022 13:33:31

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 13:33:39

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 13:33:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2022 13:33:56

Rosana Pérez Fernández na data 17/01/2022 13:34:05

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 13:34:14

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 13:36:23

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:26
Nº Rexistro: 27199
Data envio: 10/01/2022 09:51:26.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro trimestre de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 6.400 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos, afectados polas

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:26
Nº Rexistro: 27199
Data envio: 10/01/2022 09:51:26.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, con estes antecedentes e coa previsión, xa anunciada por Bruxellas, polo Estado e polos propios Orzamentos de 2022 da Xunta, de volta á senda do déficit, esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, previsión da folla de ruta de adaptación ao retorno do cumprimento do marco estatal de déficit. etc e trasladar ao Parlamento Galego para o seu debate unha previsión para a evolución do endebedamento."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:26
Nº Rexistro: 27199
Data envio: 10/01/2022 09:51:26.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 09:32:05

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 09:32:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 09:32:28

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 09:32:38

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:19
Nº Rexistro: 27207
Data envio: 10/01/2022 10:22:19.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o estado ruína da antiga Cámara Agraria de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de A Milagrosa de Carballo é un dos máis senlleiros do casco urbano da vila Bergantiñá. Nesta zona celébrase o segundo, cuarto e quinto domingo de cada mes o popular mercado do Campo da Feira, que complementa a feira de produtos do agro que se segue a celebrar no centro da vila, na Praza do Concello

Tradicionalmente, este barrio foi punto de encontro social e de negocios relacionados co agro e a gandería nos días de feira. A día de hoxe, mantense o "mercadiño" no cruce das Rúas Compostela e Fisterra e nas inmediacións do Edificio Fórum. Máis de 170 postos de venda de calzado, roupa, complementos, cousas do fogar ou incluso maquinaria agrícola, instálanse alí na actualidade e, alén da oferta comercial, constitúen un elemento de dinamización e promoción de Carballo polas numerosas persoas de fóra do concello que se ata alí se achegan.

Neste mesmo barrio radícase o complexo municipal Fórum, enfocado á prestación de servizos á formación e dinamización do emprego no ámbito do municipio de Carballo e da Costa da Morte.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:19
Nº Rexistro: 27207
Data envio: 10/01/2022 10:22:19.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Milagrosa tivo e ten un papel protagonista na estratexia de humanización e reorganización urbana que se leva a cabo polo goberno local dende fai anos, que ademais da potenciación e promoción do mercadiño, buscou a revitalización e dinamización da zona elixindo esa ubicación para o Edificio Fórum ou apostando por este barrio para testar no ano 2017 o proxecto piloto na Galiza "Ti Tes A Chave", de recollida de residuos sólidos urbanos en colectores específicos.

Continuando con esa estratexia urbana que busca facer de Carballo un lugar atractivo para vivir e mellorar a vida das persoas, dende o executivo local abríronse áreas de estacionamento no barrio, e fai ben pouco rematáronse as obras do Centro Social da Milagrosa (antiga escola), cos que se acondicionou o interior e exterior da edificación para dotalo de mellores condicións de habitabilidade e accesibilidade, levándose a cabo tamén tarefas de urbanización exterior.

Pois ben, no corazón mesmo do barrio, ao lado do Centro Social, na zona mesma onde se instalan os postos do mercadiño e a carón da Capela da Milgrosa, a Xunta de Galiza dispón na Avenida da Milagrosa dun inmoble que prestou, en tempos pasados, os servizos de Cámara Agraria.

Edificio que leva anos sen ser empregado por parte da administración titular do mesmo e que se atopa a día de hoxe nunha situación ruinosa, amosando un aspecto exterior de absoluto abandono como consecuencia do desuso, a acción do paso do tempo, os usos impropios aos que se viu sometido ou mesmo a actos puntuais de vandalismo.

Un edificio que rompe coa estratexia de revitalización urbana e social e de dinamización económica que se leva a cabo por parte do goberno local nesa zona, e que na actualidade constitúe un auténtico risco para a seguridade e a integridade física dos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:19
Nº Rexistro: 27207
Data envio: 10/01/2022 10:22:19.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viandantes pola posibilidade de desprendemento e caída de partes da edificación, como cascotes, cristais ou tellas, que xa levou ao Concello a precintar a contorna para evitar males maiores.

Xa no ano 2013 adoptouse un acordo polo Pleno Municipal no que se solicitaba a transferencia ao Concello de Carballo da propiedade deste edificio de titularidade da Xunta de Galiza, que a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio non contemplou ao entender que as únicas opcións para que o Concello puidese adquirir a propiedade do inmoble eran a compra ou a permuta. Comprometéndose esa Secretaría a facer unha valoración económica do inmoble e facerlla chegar ao goberno local. Cousa que, ata día de hoxe, non aconteceu.

Tiveron que pasar dez anos para que un técnico da Xunta xirase visita para valorar o estado do edificio. Constatándose polo técnico o estado ruinoso do mesmo, que faría que non fose economicamente rentábel a súa rehabilitación, ao supoñer esa opción un investimento moi superior ao valor patrimonial do edificio.

O estado lamentábel da edificación contrasta, dende o punto de vista do feísmo urbanístico, coas actuacións de mellora acometidas polo goberno local nos últimos anos na contorna, pero o verdadeiro problema radica, nos últimos tempos, no problema de seguridade para os viandantes que supón o estado no que se atopa o inmoble.

Por ese perigo certo para a seguridade das e dos veciños, faise perentoria a actuación da Xunta de Galiza, para atallar en primeiro lugar ese perigo certo para integridade física das veciñas, pero tamén para eliminar o “lunar” urbanístico que supón este edificio nun ámbito que a actuación do goberno local conseguiu revitalizar, humanizar e dinamizar.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:19
Nº Rexistro: 27207
Data envio: 10/01/2022 10:22:19.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprensíbel que un edificio de titularidade autonómica se atope na actual situación de desleixo, máxime cando máis aló da cuestión de feísmo urbanístico, existe un claro perigo para a integridade física das persoas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar de forma inmediata as actuacións que sexan necesarias no antigo edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo sito na Avenida da Milagrosa, para solucionar o perigo certo que supón o estado do mesmo para a seguridade e integridade física das persoas."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:19
Nº Rexistro: 27207
Data envio: 10/01/2022 10:22:19.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 10:12:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 10:12:44

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:12:53

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:16
Nº Rexistro: 27225
Data envio: 10/01/2022 13:20:16.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do cuarto e último trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Desta forma o Foro apunta a unha consolidación na recuperación do cadro macroeconómico, lixeiramente superior á do ámbito estatal.

Por outra banda, o Informe sinala entre os aspectos máis relevantes o feito de que a produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española. Así mesmo, malia que o impacto da covid na actividade produtiva en Galiza no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só o noso país e a Comunidad Valenciana

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:16
Nº Rexistro: 27225
Data envio: 10/01/2022 13:20:16.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

Canto á situación no mercado laboral, o Informe abonda na tendencia xa sinalada noutros de consolidación da precariedade, especialmente nos ámbitos da mocidade e do emprego feminino. Así mesmo, incrementa a temporalidade e Galiza mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa).

Complementariamente, é necesario sinalar que a finais de decembro de 2021 o Banco de España rebaixaba a súa previsión de crecemento do PIB estatal para 2021, pasando do 6,3% ao 4,5% e para 2022, reducíndoo do 5,9% ao 5,4%. Estas cifras fican lonxe do 6,5% e 7% que proxectaba o goberno central para estes mesmos anos.

A estas cuestións hai que engadir como o remate de 2021 e o comezo de 2022 están marcados pola continuidade da crise de suba de prezos, singularmente os enerxéticos, e por unha expansión sen precedentes da pandemia da covid-19 que, aínda cun menor impacto de casos graves, acompaña un alto volume de persoas contaxiadas e confinadas, o cal tamén impacta na economía e nas súas previsións.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a Galiza a constituír unha mesa de traballo ao abeiro do Consello Económico e Social co obxectivo de impulsar e remitir á

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:16
Nº Rexistro: 27225
Data envio: 10/01/2022 13:20:16.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cámara para o seu debate unha batería de medidas do ámbito social e económico co obxectivo de conseguir que o sector industrial supoña o 20% do PIB en 2023 e o 25% do PIB en 2030 e incrementar progresivamente o seu nivel competitivo, especialmente nos ámbitos máis débiles: innovación, infraestruturas básicas e eficiencia empresarial."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 13:12:07

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:12:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:12:24

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:16
Nº Rexistro: 27225
Data envio: 10/01/2022 13:20:16.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:12:35

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:36
Nº Rexistro: 27236
Data envio: 10/01/2022 13:25:36.673

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Marina Ortega Otero**, **Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela** e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

O 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local da cidade de Ourense, aprobaba o expediente para a contratación do proxecto de humanización da rúa da Concordia. Trátase dun proxecto para dotar de sete ramplas mecánicas e a humanización completa da rúa.

Proxecto que non conta co visto bo da Intervención Municipal que fiscaliza de desconformidade a proposta elaborada para a licitación de Concordia, ao entender que non se respecta o principio de proporcionalidade nos criterios de adxudicación, que ve inxustificados e que vulneran os principios de transparencia e igualdade para os licitadores.

Por outra banda tampouco conta coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. A aprobación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio é imprescindible por canto afecta a unha zona con edificios catalogados, xusto no lado da vía na que o Concello de Ourense pretende instalar pasarelas mecánicas.

Esta obra foi incluída na modificación orzamentaria dos 65 millóns de € aprobada polo Goberno municipal, no Plan de Cooperación Provincial da Deputación de Ourense, e para a execución da mesma tamén se anunciou que se incluíra na solicitude de fondos europeos de mobilidade sostible para o Concello de Ourense, da que recentemente coñecemos que non se aceptara ningunha proposta por parte do Ministerio.

O Grupo Municipal Socialista a medio de escrito presentado por rexistro ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Ourense, puxo en coñecemento da Consellería de Cultura que con data de 14 de outubro de 2021 publicouse no Perfil do Contratante do Concello de Ourense a licitación da intervención na contorna dos Edificios Catalogados que se

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:36
Nº Rexistro: 27236
Data envio: 10/01/2022 13:25:36.673

relacionan no mesmo , sen autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, tal e como é preceptivo.
Concretamente no ámbito sobre o que se licita a intervención de instalación de diversas ramplas mecánicas existen sete edificios catalogados e incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo os artigos 30.1 e 31.4 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia

O Catálogo na súa introdución di:

"... se establece un ámbito de protección o respeto, que, como norma general, alcanza al frente de la manzana donde se ubica el edificio protegido, y allí donde este criterio no pueda cumplirse, el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes yque condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en intimísima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, generadoras de ese ámbito de protección o respeto.
Si bien, este criterio puede ser discutido, constituye la vía para establecer la condición de conseguir la consonancia de las futuribles intervenciones con el contexto, adecuándose al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados."

A Intervención proxectada en base ao catálogo precisa de informe técnico municipal e ditame da CTMPBC e da Dirección Xeral de Patrimonio.

En resumen, a Xunta de Goberno Local do municipio de Ourense resolvía aprobar o proxecto das obras de humanización da rúa Concordia, cun orzamento global de 4.64 6.435,97 euros (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE) cun orzamento de execución material de 3.226.915,74 euros e o procedemento prescinde do trámite esencial nesta Intervención que é a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e se encadra na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:36
Nº Rexistro: 27236
Data envio: 10/01/2022 13:25:36.673

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia con urxencia que requira ao Concello de Ourense a paralización inmediata da licitación das obras de humanización da rúa Concordia, por carecer de autorización preceptiva e ante a inacción da propia da Administración local ao respecto.

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2022 13:17:24

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 13:17:32

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:17:42

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:17:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:18:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 13:18:14

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:12
Nº Rexistro: 27245
Data envio: 10/01/2022 13:32:12.736

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:12
Nº Rexistro: 27245
Data envio: 10/01/2022 13:32:12.736

durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe das instalacións dos centros residenciais para persoas maiores que indique si está adaptada a saída ao tamaño das camas para persoas dependentes, así como o número de traballadoras ou traballadores que existen para as quendas de noite por número de residentes e o número de incidencias rexistradas segundo a quenda laboral.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:41:03

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:41:14

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:12
Nº Rexistro: 27245
Data envio: 10/01/2022 13:32:12.736

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:41:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:41:37

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:36:51
Nº Rexistro: 27251
Data envio: 10/01/2022 13:36:51.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza e o insuficiente desenvolvemento do marco legal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Con este marco legal pretendíase atender un novo concepto de biblioteca pública aberta superadora do concepto tradicional, creando así un marco adecuado para garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade e articular a nova realidade bibliotecaria galega.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:36:51
Nº Rexistro: 27251
Data envio: 10/01/2022 13:36:51.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de se cumprir 10 anos da aprobación desta lei, cómpre facer unha avaliación do desenvolvemento regulador e da súa aplicación.

Neste sentido o que primeiro chama a atención é a falta de desenvolvemento regulador. Desde a aprobación da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza segue vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Mentres tanto, o informe das bibliotecas públicas españolas que elabora o Ministerio de Cultura xunto coas comunidades autónomas ofrece datos negativos para Galiza, xa que en todos os parámetros aparece por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a corrixir esta importante deficiencia normativa e desenvolver antes de rematar o actual período de sesións a Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza para adecuala ás necesidades da realidade actual."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:36:51
Nº Rexistro: 27251
Data envio: 10/01/2022 13:36:51.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:31:31

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:31:35

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:31:46

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:01
Nº Rexistro: 27262
Data envio: 10/01/2022 13:57:01.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que "a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos" para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de septiembre, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:01
Nº Rexistro: 27262
Data envio: 10/01/2022 13:57:01.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que ainda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encirrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de "canto peor mellor", a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluidas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:01
Nº Rexistro: 27262
Data envio: 10/01/2022 13:57:01.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os trámites para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, acorde coa normativa estatal de protección da especie. Como paso previo, elaborase un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do Plan durante os 12 anos de vixencia.

2. Impulsar as seguintes medidas transitorias de estudo e investigación, prevención, compensación, sensibilización e participación en relación coa conservación do lobo:

- Realización dun informe sobre factores que afectan á conservación da especie e nomeadamente sobre mortandade por causas non naturais.

- Incremento das medidas de prevención dos danos ao gando, adaptadas á realidade de cada zona e ao tipo de animais (cabalar, vacún, ovino, caprino).

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:01
Nº Rexistro: 27262
Data envio: 10/01/2022 13:57:01.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incremento das dotacións orzamentarias e dos medios humanos e materiais para a compensación dos danos á gandaría, procurando a máxima axilidade, a adecuación entre as indemnizacións e o valor das perdas, e o control da fraude.

- Desenvolvemento dun programa de información, educación e sensibilización sobre o lobo, evitando a estigmatización da especie.

- Creación do foro galego sobre o lobo como marco de participación e diálogo arredor dos aspectos ecolóxicos, sociais, económicos e culturais relacionados coa especie.

3. Demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, con especial atención ao financiamento de medidas de prevención e indemnización por danos ao gando.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:01
Nº Rexistro: 27262
Data envio: 10/01/2022 13:57:01.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:48:16

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:48:26

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27272
Data envio: 10/01/2022 17:44:07.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao prezo da luz a comezos de 2022 e ás medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Despois dun ano 2021 de récord do prezo da enerxía eléctrica, 2022 comezou na mesma liña. É necesario recordar que o mes de decembro pechou cun prezo medio mensual no mercado maiorista eléctrico de 239,1 euros, o más alto da historia tras superar en máis de 39 euros os 200 euros/MWh de outubro de 2021.

O día no que se reiniciaba o curso escolar, o 10 de xaneiro, o prezo medio da electricidade no mercado maiorista volvía incrementar e facíao de forma espectacular, cun aumento do 82,2% con respecto ao domingo 9 de xaneiro, volvendo superar os 200 euros por megavatio hora. Desta forma, acadaba o prezo medio de 217,26 euros/Mwh cun prezo máximo entre as 19.00 horas e as 20.00 horas, con 294,98 euros/Mwh. Con respecto a hai un ano, o prezo do ‘pool’ para este día foi un 227,8% máis caro que o 10 de enero de 2021, de tan só 66,27 euros/MWh, coincidindo ademais coa borrasca Filomena.

É necesario poñer esta situación nun contexto económico marcado pola pandemia da covid-19, a inflacción xeral dos prezos e a situación concreta dos enerxéticos, disparados polos altos prezos do gas nos mercados e nos dereitos de emisión de CO_2, tamén en máximos históricos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27272
Data envio: 10/01/2022 17:44:07.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, esta situación acontece amosando as debilidades estruturais dun sistema tarifario obsoleto e sobrecargado de elementos alleos ao sistema eléctrico, sen resolver polas medidas conxunturais adoptadas polo goberno do Estado. Así mesmo, isto acontece nun contexto no que segundo os datos que vén de facer públicos Rede Eléctrica Española (REE) sobre a xeración eléctrica no primeiro semestre de 2021 Galiza exportou no primeiro semestre do pasado 2021 o 35% da electricidade producida, destinándose a outros territorios que non soportan os custos ambientais e sociais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un estudo específico ao abeiro do Consello Económico e Social, do INEGA ou do Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que atenda o impacto nos fogares galegos e na economía galega do aumento dos prezos enerxéticos, de cara a estabelecer medidas inmediatas e a longo prazo que permitan atender os ámbitos máis vulnerábeis. Dito informe remitirase ao Parlamento Galego para o seu debate e propostas de resolución.

2. Demandar do Goberno central emprender as medidas e reformas estruturais necesarias para abaratar a facturaeléctrica das familias e empresas afectadas polo escalada no prezo dos últimos meses, singularmente:

- Retirar do pool as centrais hidráulicas e nucleares, que comezarán a cobrar polos custes recoñecidos pola CNMC para producir unha rebaixa xeral no recibo da electricidade.

- Substituír as mudanzas aplicadas no marco tarifario desde o 1 de xuño por unha modificación profunda da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27272
Data envio: 10/01/2022 17:44:07.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

- Negociar unha Tarifa eléctrica galega que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción.

- Demandar a redución permanente do IVE da enerxía ao 4% e a eliminación das imposicións incluídas na factura eléctrica que son alleas á produción e comercialización desta.

- Prohibir de forma permanente os cortes nos subministros básicos.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 17:28:36

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 17:28:56

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27272
Data envio: 10/01/2022 17:44:07.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 17:29:08

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 17:29:18

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 10/01/2022 18:40:53.190

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

Exposición de motivos

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 10/01/2022 18:40:53.190

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 10/01/2022 18:40:53.190

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias, e se a incorporación dunha ambulancia de reforzo á flota da comarca do Morrazo, pode axudar a axilizar e garantir un servizo fundamental en tempo e forma.

Estas son as razóns que levan ao GP do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

"O Parlamento Galego insta o Goberno Galego a dotar de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo, garantindo unha asistencia áxil e eficaz cumprindo coa necesaria seguridade sanitaria. Así como que se investiguen os últimos sucesos acontecidos na comarca debido á falta dunha ambulancia de reforzo."

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 10/01/2022 18:40:53.190

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 18:34:21

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 18:34:27

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 18:34:37

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:22:50
Nº Rexistro: 27313
Data envio: 11/01/2022 10:22:50.787

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 8 de xaneiro de 2004 cualificábase o edificio n.º 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela como de protección autonómica (vivenda protexida de propiedade privada), cunha duración da protección de 25 anos, finalizando o período de protección autonómica en xaneiro de 2029.

En xaneiro de 2021 a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) emitiu unha orde de desafiuzamento das vivendas deste edificio, na que instaba aos inquilinos destas vivendas de protección autonómica que están en réxime de alugueiro a que as deixen libres no prazo dun ano. Prazo este que remata o vindeiro mes de febreiro.

Son varias as familias afectadas por esta decisión da Sareb. Nun principio 16 familias, algunhas das cales xa se cambiaron da vivenda ante a falla de noticias tanto da Sareb como da propia Xunta de Galicia. A día de hoxe seguen sen ter noticias e non saben se ao final terán que abandonar ou non as súas vivendas. A pesares de estar ao corrente nos pagos dos seus alugueiros e de se faceren ademais cargo dos gastos comúns do edificio, á Sareb non lles aporta solucións, nin sequera nos supostos de querer mercar as vivendas.

Non podemos pasar por alto de que se trata de familias que teñen vivendas en alugueiro de protección autonómica, e que se supón que a Xunta de Galicia debe de velar por esta vivenda protexida. Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, a través do IGVS, medie coa Sareb de cara a evitar os desafiuzamentos das vivendas de protección autonómica sitas no edificio número 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela, así como prestar o asesoramento técnico e xurídico que precisan as familias ao longo deste procedemento.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:22:50
Nº Rexistro: 27313
Data envio: 11/01/2022 10:22:50.787

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:23:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:23:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:23:52

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:24:30
Nº Rexistro: 27315
Data envio: 11/01/2022 10:24:30.880

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O servizo de HADO ofrece unha alternativa asistencial á hospitalización convencional, para atender entre outros a doentes oncolóxicos, infecciosos, con cirurxías complexas, crónicos ou en estado terminal. O obxectivo é que eses doentes reciban nas súas casas o conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de complexidade hospitalaria.

O servizo de Paliativos/Hospitalización a Domicilio do hospital da Mariña creouse no seu momento xa dun xeito deficitario con 3 facultativos médicos, que prestaban atención de luns a venres pola mañás, e 5 profesionais de enfermería en quendas de mañá e tarde todos os días da semana.

Dende hai máis de 6 meses só hai dous médicos no servizo e incluso algúns días chegou a haber só un. Ademais os permisos e as baixas do persoal de enfermería non se están a cubrir, recaendo esas quendas de ausencias nos outros compañeiros do servizo.

Ante esta situación o Sergas adoptou a solución de que desaparecese na maior parte dos concellos da Mariña de Lugo a atención presencial que ata hai algo máis de 6 meses se viña a dar dende o servizo de paliativos/HADO dependente do Hospital da Mariña. O Sergas eliminou o servizo presencial en 10 dos 14 concellos da Mariña, quedando, polo tanto, máis do 60 % da súa poboación sen servizo presencial. Agora os doentes destes 10 concellos da Mariña que non teñen servizo presencial de HADO, entre os que se atopan enfermos crónicos ou terminais, o Sergas derívaos aos servizos de Atención Primaria, que como estamos a ver, e levan moito tempo denunciando os seus profesionais, están excedidos e saturados.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a que de xeito urxente, cubra as prazas (persoal médico e de enfermería) do servizo de Paliativos/HADO do Hospital da

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:24:30
Nº Rexistro: 27315
Data envio: 11/01/2022 10:24:30.880

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Mariña ata chegar á dotación inicial todos os días da semana, para poder retomar a atención presencial na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:02:57

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:03:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:03:20

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:53:52
Nº Rexistro: 27323
Data envio: 11/01/2022 10:53:52.974

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A principios de outubro do ano pasado coñeciamos que a industrial portuguesa Altri estaba a buscar un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción.

A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos *Next Generation*.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri de que a comarca da Mariña lucense era a primeira opción da multinacional papeleira para a súa futura planta de produción de fibras téxtiles de orixe forestal, alcaldes e alcaldesas da comarca reclamaban que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia prima pero non ten a industria que a complemente e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, proporá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. De feito o noso grupo parlamentario propúxolle ao Grupo Parlamentario do PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiase a posibilidade de que a dita planta de Altri se instalar na Mariña lucense e o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:53:52
Nº Rexistro: 27323
Data envio: 11/01/2022 10:53:52.974

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia na que lle solicitaba unha reunión de cara a poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, de colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca e ofrecer a mellor situación posible para que este proxecto se poida materializar, que se for así suporía arredor dos 2000 postos de traballo directos. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Convocar e constituír unha mesa de traballo entre Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e Altri de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Comarca da Mariña lucense.

2º. Que, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propoña que se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na comarca da Mariña de Lugo.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 13:58:04

Martín Seco García na data 10/01/2022 13:58:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:58:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 13:58:43

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:19
Nº Rexistro: 27340
Data envio: 11/01/2022 11:58:19.099

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de se aprobaren os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

A incorporación desta emenda aos Orzamentos Xerais do Estado propón a recuperación dun fondo que xa funcionaba entre 2009 e 2011, que logo foi eliminado, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A aprobación desta emenda e incorporación da partida mencionada aos Orzamentos Xerais do Estado implica a transferencia deste fondo a través de convenios

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:19
Nº Rexistro: 27340
Data envio: 11/01/2022 11:58:19.099

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.

Unha vez rematado o trámite de aprobación dos orzamentos xerais do estado cómpre activar desde o goberno galego a fórmula que permita que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial poida dispor deste fondo para avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta a xestionar co goberno do Estado, á maior brevidade posíbel, a transferencia da parte correspondente do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en galego."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:19
Nº Rexistro: 27340
Data envio: 11/01/2022 11:58:19.099

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 11:50:40

Daniel Castro García na data 11/01/2022 11:50:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 11:50:59

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:59:00
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 11/01/2022 13:59:00.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo".

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:59:00
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 11/01/2022 13:59:00.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariscadores da Ria do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a súa actividade profesional e, polo tanto, soster os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa do goberno da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigar os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:59:00
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 11/01/2022 13:59:00.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos europeos ben pode asumir, por parte do goberno da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta a adiantar os cartos das compensacións económicas por inactividade obrigada aos mariscadores da Ría do Burgo durante o tempo que duren as obras de dragaxe e rexeneración e logo reclamarllos directamente ao Estado, xa que dispón de asistencia xurídica propia para a súa xestión, o que permite activar garantías de protección aos mariscadores e evitarlles un compromiso de endebedamento engadido innecesario."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:59:00
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 11/01/2022 13:59:00.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:55:53

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:55:56

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:56:07

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27411
Data envio: 11/01/2022 16:31:35.380

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **Julio Torrado, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do SERGAS.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual. Algúns dos casos, ademais, son situacións que veñen arrastrándose dende antes da situación pandémica, na que xa se viñan evidenciando os problemas de xestión para cubrir os cupos de profesionais necesarios no sistema de atención primaria.

O caso de Vilalba e a súa contorna de Terra Chá é paradigmático desta situación, existindo problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que da servizo a este concello e aos de Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de 14.000 habitantes, conta con 11 cupos de profesionais facultativos de medicina de familia e comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos 8 tendo que redistribuír, entre eles, os outros 3 cupos de pacientes o que sitúa a súa ratio real en máis de 1700 pacientes por profesional. Isto provoca un aumento de carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentración de asistencias no mesmo espazo de tempo. A maiores desta situación non resolta os 2 cupos de profesionais de pediatría están sendo cubertos por profesionais de familia e comunitaria, e a

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27411
Data envio: 11/01/2022 16:31:35.380

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

atención especializada que existía anteriormente estase a perder (oftalmoloxía ou reumatoloxía).

En Xermade, concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos 3 cupos existentes hai non moito tempo agora a asistencia sanitaria de atención primaria está cuberta por un profesional, variable e que non está fixado ao centro de saúde.

O PAC que atende aos concellos citados sufre tamén as dificultades dunha xestión incompleta que dende o área sanitaria non consegue dar a cobertura de persoal que o centro necesita. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case 25.000 persoas (en torno a 1.800 en idade pediátrica)

A fixación de poboación en contornos máis rurais precisa duns servizos públicos que garantan calidade, e de maneira especial no caso do servizo sanitario, polo que é necesario desenvolver políticas de discriminación positiva cara o rural que garantan os seus servizos e a atención ás necesidades fundamentais da poboación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes ao centro de saúde de Vilalba, e ao PAC que atende aos concellos da contorna, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada e recupere os servizos que foron suprimidos ou mermados nos últimos tempos."

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27411
Data envio: 11/01/2022 16:31:35.380

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 13:42:19

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 13:42:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2022 13:42:41

Marina Ortega Otero na data 11/01/2022 13:42:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/01/2022 13:43:02

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27417
Data envio: 11/01/2022 17:25:45.436

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de **lei** para o seu debate en **Pleno.**

Logo dun procedemento fallido de licitación en libre concorrencia do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda de titularidade de Meisa (Manzaneda Estación de Esquí S.A), a Xunta de Galicia conxuntamente coa Deputación Provincial de Ourense, en canto que máximos accionistas, decidiron colocar ao fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo SL.

Unha empresa constituída 10 meses antes e, a priori, sen ningunha experiencia na xestión deste tipo de instalacións.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Enxeñería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 euros que se establecían nas plicas.

Segundo a Xunta de Galicia, así o manifestou a Sra. Nava Castro, directora xeral de Turismo na súa comparecencia diante da Comisión 3.ª deste Parlamento, a adxudicación a Artabria Turismo SL era unha solución transitoria e temporal.

Así mesmo, tras 40 anos de presencia, o Consello de Administración de Meisa adoptou, entre outras medidas, a expulsión do mesmo dos dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña: A Pobra de Trives e Manzaneda. Expulsando aos alcaldes destes dous concellos, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione e que xere actividade e riqueza, se está evitando que os maiores interesados teñan tan sequera voz para defender os intereses da comarca, conculcando os principios de transparencia que a Xunta de Galicia e a propia Deputación de Ourense deberían impulsar como regra fundamental de funcionamento da propia Meisa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten reclamado neste Parlamento que se lle faga entrega do Contrato de Adxudicación da estación de Montaña de Manzaneda asinado coa empresa Artabria Turismo, amén doutra documentación, sen que a día de hoxe se teña remitido absolutamente nada.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27417
Data envio: 11/01/2022 17:25:45.436

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Así mesmo, nestes últimos anos, dende o PSdeG-PSOE , tanto na Deputación de Ourense coma no Parlamento de Galicia, lévanse rexistrado varias peticións solicitando diversa información sobre a xestión de Meisa e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda.

Entre outras respostas, neste caso dada por parte do Sr. presidente da Deputación de Ourense aos deputados provinciais socialistas, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se lle indica o PSdeG - PSOE que o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa.

Con data 25 de setembro de 2020, o Grupo Socialista na Deputación, dirixiu un escrito ao Consello de Administración de Meisa coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado dito escrito ao correo oficial desta Deputación da secretaria de dito Consello de Administración.

Logo de 15 meses e de despois de que se celebrase algunha xuntanza do Consello de Administración de Meisa, o expediente segue sen ser remitido os representantes socialistas, xa sexa na Deputación ou neste Parlamento.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Utilizar a súa maioría accionarial para a incorporar como membros do Consello de Administración de Meisa ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, para garantir a representatividade dos territorios nos que se asenta a estación de montaña de Manzaneda e a transparencia na súa xestión.

2. Dirixirse á Deputación Provincial de Ourense a que cese da actual xestión obscurantista da estación de montaña de Manzaneda e comecen a aplicar un modelo público, transparente e coa esixencia de que, quen estea á fronte, conte con experiencia e solvencia acreditada.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27417
Data envio: 11/01/2022 17:25:45.436

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

3. Que remita á Cámara galega, no prazo de cinco días, o contrato en virtude do cal se adxudica a xestión da Estación de Montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo SL.

4. Dirixirse a Diputación de Ourense a resolver a situación de provisionalidade contractual e licitar no prazo máximo de 6 meses o contrato de xestión da Estación de Esquí de Manzaneda, dacordo cos principios de publicidade, transparencia e libre concorrencia.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/01/2022 17:22:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2022 17:22:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/01/2022 17:22:55

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 11/01/2022 17:29:40.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carme González Iglesias** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior numero de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 11/01/2022 17:29:40.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 11/01/2022 17:29:40.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario", e fai referencia no seu texto a que "*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*", causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivos destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoas con discapacidade.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas "*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*".

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 11/01/2022 17:29:40.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que a Consellaría de Emprego e Igualdade leve a cabo o control, avaliación e seguimento das axudas outorgadas a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, tal e como regula a Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE)."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:18:03

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:18:08

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:18:16

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:49
Nº Rexistro: 27573
Data envio: 12/01/2022 12:41:49.773

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contra-pendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:49
Nº Rexistro: 27573
Data envio: 12/01/2022 12:41:49.773

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo recoñece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:49
Nº Rexistro: 27573
Data envio: 12/01/2022 12:41:49.773

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: "Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020". (...) "En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento".

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:49
Nº Rexistro: 27573
Data envio: 12/01/2022 12:41:49.773

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Dotar dunha partida orzamentaria específica para comezar a realizar nesta mesma anualidade un investimento de 1.325.000 € destinados á urxente mellora e actualización da EDAR de Noia, tal e como indica o Plan Director de Saneamento dese Concello.

2. Establecer un convenio de colaboración entre Augas de Galiza e Concello de Noia para a xestión do mantemento da rede de saneamento de Noia, impedindo que o

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:49
Nº Rexistro: 27573
Data envio: 12/01/2022 12:41:49.773

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abandono da infraestrutura volva a provocar os importantes problemas que ten causado dende o 2016.

3. Establecer conxuntamente co Concello de Noia un calendario de investimentos para a posta en marcha do resto de accións pertinentes para a mellora da rede de saneamento de Noia, tal e como indica o Plan Director de Saneamento de Noia."

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:33:29

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:33:42

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:32
Nº Rexistro: 27592
Data envio: 12/01/2022 13:38:32.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Pérez López**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao convenio colectivo de XEAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroaliaxes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:32
Nº Rexistro: 27592
Data envio: 12/01/2022 13:38:32.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao "adelgazar" cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificado a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio. Despois das tres reunións mantidas no marco da mediación solicitada polo comité no Consello Galego de Relacións Laborais para desbloquear as negociacións, a empresa rachou as mesmas de xeito unilateral, coa vontade meridiana que o convenio propio perda vixencia e decaia, para así aplicar o sectorial, de condicións inferiores.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, é incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á situación de conflitividade laboral

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:32
Nº Rexistro: 27592
Data envio: 12/01/2022 13:38:32.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que existe a día de hoxe, que ameaza o mantemento do emprego e condicións laborais nas fábricas de Cee e Dumbría.

Atendendo a isto, é difícilmente xustificábel manter unha posición equidistante por parte do goberno galego, máxime cando estamos a falar dunha empresa que se beneficia de axudas públicas e que pode estar incumprindo, atendendo aos pronunciamentos xudiciais, as condicións dunha concesión pública sobre a que a Xunta ten competencia. E sobre todo, cando ese comportamento empresarial pon en perigo o mantemento de máis de 250 postos de traballo.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Ante isto, so cabe que o goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación. Sendo moi necesaria a mediación política do goberno galego para atopar unha saída á tensa situación sociolaboral que se vive na comarca, facendo valer as prerrogativas que lle confire o feito de tratarse dun complexo industrial anoado, de xeito indisolúbel, á concesión da explotación de centrais hidroeléctricas que constitúen un recursos público.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Mediar na situación de conflitividade sociolaboral xerada no marco da negociación do convenio propio de XEAL e pola perda continua de postos de traballo e

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:32
Nº Rexistro: 27592
Data envio: 12/01/2022 13:38:32.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

redución da actividade produtiva, co obxectivo de manter o emprego e salvagardar os dereitos laborais adquiridos polos traballadores.

- Exercer as funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, para esixir o mantemento do emprego, recuperar a actividade dos fornos ou, se procede, reverter os dereitos de explotación."

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 13:30:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2022 13:30:41

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 13:30:48

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:32
Nº Rexistro: 27592
Data envio: 12/01/2022 13:38:32.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2022 13:30:56

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:48:25
Nº Rexistro: 27619
Data envio: 12/01/2022 13:48:25.679

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos alude á importancia do control cidadán sobre a actividade gobernamental nunha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

No mesmo sentido, establece que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

A dita lei establece no artigo 2 os principios reitores que se sinalan:

“a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:48:25
Nº Rexistro: 27619
Data envio: 12/01/2022 13:48:25.679

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.

e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.”

Xa que logo, reforzar a transparencia do noso sistema político, ademais dun mandato legal, é unha das funcións mais salientable que debe cumprir o conxunto dos poderes públicos de Galicia, dando resposta á crecente demanda cidadán existente neste sentido.

É neste contexto no que se propugna esta iniciativa , que ten por obxecto que instar a Xunta de Galicia a creación da Oficina de Control Orzamentario, dotada da necesaria independencia respecto do poder executivo da Xunta de Galicia e co fin de garantir o necesario asesoramento parlamentario nas cuestións que fan referencia á execución orzamentaria, así como para afondar nas análises económico–financeiras nos traballos a desenvolver pola Cámara lexislativa galega.

Daríase resposta deste xeito á necesidade de articular no Parlamento de Galicia un mecanismo eficaz de asesoramento técnico que vén sendo demandado desde os diversos grupos parlamentarios, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e independencia, e co obxecto de facilitar igualmente a información dispoñible para o conxunto da cidadanía galega.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:48:25
Nº Rexistro: 27619
Data envio: 12/01/2022 13:48:25.679

Así, a Xunta de Galicia deberá en todo momento, vía informática, e por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados, informar ao Parlamento de Galicia da súa execución orzamentaria.

Entre as funcións asignadas a esta Oficina de control orzamentario estarían as de:

a) Asesorar tecnicamente aos grupos parlamentarios en materia orzamentaria.

b) Servir de apoio aos órganos da Cámara, aos grupos parlamentarios e a os deputados e deputadas no control continuado na fase de execución dos Orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico dependente dela.

c) Informar aos grupos parlamentarios e aos deputados e deputadas, especialmente aos membros da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, da documentación relativa á aprobación, execución e liquidación do orzamento.

d) Elaborar informes, comunicacións o resumes sobre a documentación á que se refire o apartado anterior, así como sobre a documentación de carácter económico e orzamentario recibida na Cámara, tanto por iniciativa propia da Oficina de Control Orzamentario, como por solicitude dos grupos parlamentarios ou da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.

e) Facilitar aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a documentación suficiente que afecte a cada comparecencia con carácter previo.

f) Asesorar á Ponencia da Comisión correspondente na tramitación do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

g) A información, asesoramento e apoio sobre calquera outra actividade parlamentaria de seguimento e control continuado do orzamento.

Ademais a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar canta información considere e solicitar, no seu caso, as oportunas explicacións. Ao fronte deste departamento podería ser nomeado un director ou unha directora, entre persoas independentes e con experiencia nas disciplinas económicas e orzamentaria.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:48:25
Nº Rexistro: 27619
Data envio: 12/01/2022 13:48:25.679

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A creación desta Oficina de Control Orzamentario igualmente afondaría nos aspectos da información periódica de carácter orzamentario e financeiro que debe ser facilitada pola Xunta de Galicia, no tocante ao grado de execución das diversas partidas que conforman o gasto público, á vez que completa a información non soamente aos orzamentos limitativos da Administración xeral autonómica e dos seus entes autónomos, senón para o conxunto do sector público galego, obtendo unha información máis ampla e integral.

Mais cando o conxunto de sociedades, entes de dereito público e fundacións do sector público, moven unhas dotacións de centos de millóns de euros, e dos que actualmente non se recibe información periódica no transcurso do correspondente exercicio económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a creación dunha Oficina de Control Orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, gozando dentro da Cámara galega de autonomía administrativa e con plena capacidade para desenvolver as súas funcións, con independencia e obxectividade.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 09:22:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 09:22:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2022 09:22:47

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:09
Nº Rexistro: 27624
Data envio: 12/01/2022 13:51:09.367

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia viña experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada. A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte: En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.

En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) Cantos proxectos adicionais en Galicia están en marcha? Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros? Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:09
Nº Rexistro: 27624
Data envio: 12/01/2022 13:51:09.367

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

En setembro do 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos case 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos. Un aforro, que motivado pola crise da Covid-19.

A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo de tres meses un programa integral de impulso ao investimento en Galicia, que atenda tanto á captación de investimento externo como ao procedente do aforro dos galegos e das galegas.

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:09
Nº Rexistro: 27624
Data envio: 12/01/2022 13:51:09.367

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 13:45:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:46:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2022 13:46:12

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:36:39
Nº Rexistro: 27651
Data envio: 13/01/2022 10:36:39.920

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade…), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018. O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:36:39
Nº Rexistro: 27651
Data envio: 13/01/2022 10:36:39.920

ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente medico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espacio e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nús e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao limite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:36:39
Nº Rexistro: 27651
Data envio: 13/01/2022 10:36:39.920

respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a afrontar decididamente un cambio de modelo na Atención Primaria de Galicia, que teña como liñas principais estratéxicas:

- Reducir o médico-centrismo actual do sistema sanitario público de Galicia en Atención Primaria.
- Ampliar decididamente o catálogo de especialidades sanitarias ofertadas en Atención Primaria, coa valoración de incluír categorías non existentes ata o de agora e ampliando o volume de profesionais naquelas que xa existen pero se sitúan en ratios por debaixo da media estatal.
- Establecer programas de vinculación da saúde mental coa atención primaria por áreas sanitarias, para fortalecer o impacto da capacidade asistencial deste servizo.
- Comprometerse a convocar o máximo de prazas de formación especializada que sexan habilitadas polo goberno de España vinculadas á atención primaria durante os vindeiros 5 anos.
- Ampliar as ofertas de contratación eventual ata o máximo temporal de cobertura posible das prazas ofertadas, evitando a concatenación innecesaria de contratos eventuais repetidos para as mesmas prazas e funcións.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:36:39
Nº Rexistro: 27651
Data envio: 13/01/2022 10:36:39.920

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:33:48

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:33:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 10:34:04

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:19
Nº Rexistro: 27678
Data envio: 13/01/2022 11:18:19.623

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O resultado do acordo sobre as posibilidades de capturas para a frota comunitaria en 2022 foi para Galicia escaso e limitado a meras rebaixas nos recortes propostos ou estabilidade das cotas en especies complementarias ou accesorias. Un resultado cifrado en perdas para a economía galega de máis de 16 M€. Ao impacto destes recortes nas cotas do Cantábrico Noroeste (CNW) e augas de Francia engádese o sufrido pola diminución en anos anteriores, cifrada en 26 M€.

As estimacións feitas por Galicia mostran que asume o 63% do impacto, cunha caída dos seus ingresos de arredor de 7 M€ e a posta en risco de 60 empregos. A incidencia nos salarios das tripulacións acada os 2,4 M€ (uns 280 €/ano/traballador) e un impacto indirecto nos bens e servizos provistos aos barcos de 2,8 M€. Compre por iso lamentar que Bruxelas dese prioridade novamente aos aspectos biolóxicos e non atendese axeitadamente os económicos e sociais pese a o bo estado dos caladoiros.

Se ben é certo que no CNW se deron certos avances tras facer valer os informes socioeconómicos elaborados por Galicia, estes son insuficientes, pois no caso da pescada Sur (especie de gran importancia para a frota galega), só se suavizou a proposta de recorte das posibilidades de pesca en augas ibéricas, reducíndose do 18% inicial ao 8%, e que supón o terceiro ano de diminución consecutiva.

O 22 de xullo celebrouse a Conferencia Sectorial de Pesca na que se aprobaron os criterios de reparto do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura 2021-2027 (FEMPA) entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

O FEMPA volve a incorporar as axudas á paralización definitiva da frota, un instrumento esencial que axuda a eliminar a sobrecapacidade estrutural, a través do incentivo a quen abandona a actividade, o que suporá a mellora futura dos restantes operadores que se manteñen en actividade, ao mellorar os *stocks* e a rendibilidade.

Galicia trasladara ao Goberno central varias propostas para optimizar o uso do FEMPA e apoiar de xeito homoxéneo a todas as frotas nacionais, como a da posibilidade de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:19
Nº Rexistro: 27678
Data envio: 13/01/2022 11:18:19.623

grupo parlamentario popular de galicia

establecer paradas temporais en todas as comunidades, estendéndoas ás que poderían desenvolverse en augas do CNW, fronte á proposta inicial que limitaba a súa aprobación a augas do Mediterráneo e do Golfo de Cádiz.

Pola súa banda, o acordo para o Mediterráneo fixou unha redución do 6% dos días de pesca dispoñibles para a frota de arrastre do Mediterráneo para o 2022, polo que o Goberno anunciou que haberá máis axudas a modo de compensación ante este mal resultado. Unhas axudas, financiadas co FEMP, que se asimilarán ás paradas temporais e permitirán compensar a armadores e tripulantes polos días que se vexan obrigados a reducir o esforzo pesqueiro para cumprir cos requisitos, incrementados, de Bruxelas e ás que España opúxose votando en contra.

Galicia lamenta que o Goberno Central só rexeitase as medidas propostas para o Mediterráneo e apoiase un acordo xeral que recoñece as tendencias negativas das posibilidades de capturas de varias especies do caladoiro do CNW e, en concreto, da pescada, o que xera agravios comparativos entre as frotas nacionais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, a articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:19
Nº Rexistro: 27678
Data envio: 13/01/2022 11:18:19.623

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:28:30

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:28:57

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:29:08

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:29:24

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:29:34

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:29:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:29:56

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:30:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:46
Nº Rexistro: 27680
Data envio: 13/01/2022 11:18:46.717

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Por xunto, a Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Gran Sol (ANASOL), a Organización de Produtores de Pesca do Porto e Ría de Marín (OPROMA OPP08), a Organización Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Uxía OPP, a Confraría de Pescadores de Muros, a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP13), o Porto de Celeiro, SA (OPP77), a Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo (OPP07), e Arrastre de Asturias, a Organización de Produtores de Pesca de Altura de Cantabria (OPECA), a Organización de Produtores de Pesca de Altura de Ondárroa (OPPAO), representan ao 70% da flota de Arrastre de Fondo do Cantábrico Noroeste (CNW).

En outubro de 2021 asinaron unha carta que foi enviada á Secretaria Xeral de Pesca, Dª Alicia Villauriz Iglesias, na que lle mostraban a súa fonda preocupación ante a grave crise que está atravesando este segmento do sector de arrastre, motivada principalmente pola sobrecapacidade estrutural da flota existente aínda; a mala situación de algúns dos stocks principais, a falta de rendibilidade, os incrementos dos costes do combustible, e a falta de relevo xeracional e tripulantes; especialmente titulados.

Por tales cuestións, solicitaban que se elaborase un Plan de Reestruturación para o segmento da flota de arrastre do CNW, voluntario, con desenvolvemento da normativa nacional e con orzamento apropiado de axudas á paralización definitiva, en base ás axudas do FEMPA. Unha medida que axudaría a dimensionar a flota, a incrementar a rendibilidade e a competitividade da flota, á sustentabilidade e a recuperar os principais stocks do caladoiro ao rendemento máximo sostible. Un todo que se traduciría na mellora das condicións sociolaborais dos tripulantes e que contribuiría a ter un sector máis resiliente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:46
Nº Rexistro: 27680
Data envio: 13/01/2022 11:18:46.717

grupo parlamentario popular de galicia

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar, en colaboración có sector, unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota".

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:33:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:46
Nº Rexistro: 27680
Data envio: 13/01/2022 11:18:46.717

grupo parlamentario popular de galicia

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:34:01

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:34:12

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:34:26

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:34:39

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:34:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:35:01

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:35:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:14
Nº Rexistro: 27682
Data envio: 13/01/2022 11:19:14.514

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Recentemente os eurodiputados do Grupo do Partido Popular Europeo, Gabriel Mato e Francisco Millán Mon, remitiron unha misiva ao comisario europeo de Medio Ambiente, Virginijus Sinkevičius, no que lle trasladaban a preocupación do sector do arrastre de fondo, pola persecución á que se senten sometidos pola Comisión Europea, ao ser considerada "*a actividade máis prexudicial para o fondo do mar*".

As recentes declaracións da Comisión, con motivo da Conferencia sobre o futuro dos mares e da reunión coas ONG que reclaman á UE a eliminación progresiva das prácticas pesqueiras destrutivas, foron percibidas polo sector como unha confirmación da súa intención, expresada xa indirectamente na proposta de *Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030*: prohibir o arrastre de fondo.

Javier Garat, presidente da Europêche, tamén lle enviou unha carta na que solicitaba debater os obxectivos fixados no Ocean Action Plan para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños, tras a súa participación na elaboración da folla de ruta e na consulta pública, na que deixou constancia dos avances realizados pola frota pesqueira, especialmente o sector de arrastre.

O arrastre de fondo é unha das artes de pesca máis comúns e reguladas en Europa. É a única forma viable de capturar moitas das especies clave que se consumen na rexión, alimentos saudables de alta calidade, capturados case todas co rendemento máximo sostible e estando moitas delas certificadas polo *Marine Stewardship Council*.

As flotas afectadas xa sufriron perdas de ingresos, debido ao aumento dos custos, ao impacto da Covid-19 e aos elevados prezos dos combustibles. Asemade, a drástica redución do seu esforzo pesqueiro xa tivo duras repercusións sociais, sendo a súa posible prohibición catastrófica para comunidades costeiras enteiras. Cómpre recordar que este sector representa o 35% da capacidade de pesca europea total e o 38% dos ingresos xerados pola flota europea; datos significativos que non poden ser descoidados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:14
Nº Rexistro: 27682
Data envio: 13/01/2022 11:19:14.514

grupo parlamentario popular de galicia

Con todo, a actividade pesqueira é relativamente pequena no que se refire ao conxunto da economía como para ser considerada a orixe da destrución dos ecosistemas mariños, feito que deriva da falta de consideración doutras fontes de presión e degradación.

Unha situación ante a que Galicia considera que o sector precisa políticas pesqueiras que funcionen e lles proporcionen certeza, á vez que garantan a sustentabilidade dos ecosistemas mariños por igual. Prohibir unha arte de pesca baseada en emocións e na falta de xustificación científica non sería xusto nin equilibrado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que rexeite publicamente os ataques que o sector do arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.

2. Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.

3. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:14
Nº Rexistro: 27682
Data envio: 13/01/2022 11:19:14.514

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:39:54

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:40:15

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:40:25

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:40:41

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:40:51

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:41:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:41:15

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:41:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:41
Nº Rexistro: 27684
Data envio: 13/01/2022 11:19:41.983

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

En pasadas semanas asistimos á adopción de medidas de xestión que xeraron malestar e tamén incredulidade entre a frota pola súa incongruencia e falla de coordinación. Referímonos aos peches e reaperturas das pesquerías do bonito e do ollomol, cuxos datos de captura son transmitidos de forma electrónica e que xeran unha contabilización case automática, polo que os niveis de consumo das cotas se poden coñecer practicamente en tempo real.

O pasado 5 de novembro estableceuse o peche da pesqueira de ollomol para os buques de pavillón español con motivo do suposto sgotamento da cota asignada. O 28 de decembro a Secretaría General de Pesca publica unha resolución coa reapertura desta pesqueira, xa que afirma que tras a revisión dos datos dispoñibles obsérvase que existe un remanente de cota dispoñible deste stock. O sector non entende como se pode pechar unha especie de alto valor comercial e non reabrila para a súa pesca antes das datas de Nadal, cando acada prezos importantes, e mesmo deixar tres días para rematar unha cota que non vai ser poder desembarcada ata períodos de baixos prezos.

Se analizamos o acontecido coa pesquería do bonito, o 16 de agosto de 2021 a Secretaría General de Pesca comunica o peche desta pesqueira en augas do Océano Atlántico para os buques con pavillón español como consecuencia da previsión do esgotamento da cota española, segundo os datos de consumo das cotas, en función do consumo medio diario.

O 12 de novembro a Secretaría General de Pesca publica unha resolución coa reapertura desta pesqueira, xa que afirma que tras a revisión dos datos dispoñibles obsérvase que existe un remanente de cota dispoñible deste stock.

Tres meses pasaron entre o peche e a reapertura da pesquería do bonito, porque dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobaron que a frota

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:41
Nº Rexistro: 27684
Data envio: 13/01/2022 11:19:41.983

grupo parlamentario popular de galicia

española aínda podería capturar outros 213.715 kilos. O sector pesqueiro non acerta a comprender porque o Ministerio volve demorarse tanto, sobre todo tras forzalos a deixar o bonito cando máis abundaba e cando o mercado o demandaba.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:41
Nº Rexistro: 27684
Data envio: 13/01/2022 11:19:41.983

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:44:30

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:44:47

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:44:59

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:45:31

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:45:40

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:45:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:46:03

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:46:30

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:20:09
Nº Rexistro: 27686
Data envio: 13/01/2022 11:20:09.092

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O 28 de decembro de 2021 os medios de comunicación recollían a noticia da xuntanza que mantivo o novo secretario xeral dos Socialistas de Galicia, Valentín González Formoso, con representantes da Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo (ARVI) .

Nesta xuntanza, González Formoso estivo acompañado por outros responsables socialistas como o eurodeputado Nicolás González, as deputadas autonómicas Patricia Otero e Leticia Gallego, así como a que fora Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa.

Segundo recollen os medios de comunicación, o secretario xeral dos Socialistas de Galicia apelou aos representantes galegos nas institucións comunitarias a crear unha fronte común para defender os intereses comúns de Galicia diante da UE e, así defender unha aposta común do sector pesqueiro galego que permita compatibilizar a sostibilidade ambiental coa económica e social da que dependen milleiros de familias en Galicia.

Ante este cambio de postura dos Socialistas de Galicia con referencia a demandar e defender, de maneira conxunta, nas institución comunitarias ao sector pesqueiro galego, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. A realización, diante da UE e da OMC, dunha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:20:09
Nº Rexistro: 27686
Data envio: 13/01/2022 11:20:09.092

grupo parlamentario popular de galicia

2. A reorientación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) cara ás necesidades de mellora e avance cara ao futuro do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria, con especial incidencia na busca dunha axeitada remuda xeracional e na mellora da competitividade da estrutura produtiva e da protección do medio mariño mediante medidas de cogobernanza co sector.

3. A formulación dunha petición á Comisión Europea para a revisión das medidas de protección do marraxo dientuso de forma que non leven ao quebranto económico da frota e que teña en conta todas as medidas de xestión sostible que as diferentes ORP e a UE teñen adoptado en favor desta especie.

4. A dirixirse ao Parlamento Europeo e á DG Mare para amosar o seu rexeitamento á Resolución sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable (RMS), en particular zonas de recuperación de poboacións de peixes e zonas mariñas protexidas, de tal xeito que se reconsidere o seu contido, en favor do xusto equilibro entre a sustentabilidade ambiental e as dimensións económica e sociolaboral da actividade pesqueira.

5. A trasladar durante as negociacións nos trílogos do Regulamento de Control da Pesca (CE) 1224/2009, o rexeitamento ás medidas contempladas, especialmente as referentes á pesca costeira artesanal e, de forma específica, as referidas á obrigatoriedade de instalación de cámaras a bordo a obrigación de instalar o Diario Electrónico de Pesca na frota artesanal e a imposición da xeolocalización en barcos de máis de 4 metros de eslora".

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:20:09
Nº Rexistro: 27686
Data envio: 13/01/2022 11:20:09.092

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:49:45

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:50:02

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:50:14

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:50:25

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:50:37

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:50:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:51:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:20:09
Nº Rexistro: 27686
Data envio: 13/01/2022 11:20:09.092

grupo parlamentario popular de galicia

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:51:15

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:11
Nº Rexistro: 27696
Data envio: 13/01/2022 11:35:11.951

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

O 24 de maio de 1999, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba a autoestrada do Val Miñor (AG-57), a primeira vía de alta capacidade propiedade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia concedeu a explotación das súas autoestradas á empresa Autoestradas de Galicia, pertencente ao mesmo grupo do que forma parte Audasa, concesionaria da explotación da autoestrada do Atlántico. Esta concesión da AG-57 rematará en febreiro de 2045.

O Executivo autonómico comeza este ano 2022 coa subida de tarifas da AG-57 en 5 céntimos, feito que volve a indignar a poboación do Val Miñor. Circular desde Vigo a Vincios sae en 0,40, a Gondomar 0,90, a Nigrán 1,15 e ata Baiona 1,70 céntimos.

As viaxes entre os tres concellos miñoranos tamén son máis caros. Desde Vincios custa 0,55 ir a Gondomar; 0,85 a Nigrán; 0,70 ata A Ramallosa e 1,40 ata Baiona. O traxecto entre A Ramallosa e Baiona ascende a 0,70 céntimos; o que une Nigrán con Baiona págase a 1,15 euros e o que se sitúa exclusivamente por Nigrán, entre Porto do Molle e Ramallosa, chega ós 0,35 céntimos.

A Xunta de Galicia, lonxe de liberar esta autoestrada o que fai dende o 1 de xaneiro deste ano é volver a subir a tarifa da AG-57 en 5 céntimos, por iso o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que rebaixe as peaxes da autovía AG-57 que une Vigo cos tres concellos do Val Miñor, mentres o Goberno autonómico non liberalice a peaxe desta autoestrada.

Os concellos do Val Miñor veñen reclamando desde hai anos liberar a peaxe desta autoestrada, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás avantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:11
Nº Rexistro: 27696
Data envio: 13/01/2022 11:35:11.951

desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.

Tal medida contribuiría a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da Comunidade Autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) .

A propia Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *"nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou* ***anular*** *o pagamento directo pola persoa usuaria".*

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias. Igual que acontece coa aprobación do desconto do 100 % na viaxe de ida e volta ás familias numerosas, que se fixo efectivo a mediados de agosto do ano pasado. A maioría das persoas usuarias desta autoestrada non compren estes requisitos.

Os tres alcaldes do Val Miñor, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, volvemos reclamar ó Goberno autonómico deixar libre de peaxes a AG-57 para convertelo na auténtica circunvalación dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona. Esta é unha vella reclamación da veciñanza e representantes políticos do Val Miñor. O Executivo autonómico é o propietario da Autoestrada do Val Miñor e os tres alcaldes coinciden en eliminar a peaxe da autoestrada AG-57.

A Autoestrada AG-57 é a vía que une de xeito máis rápido e directo o Val Miñor con servizos básicos como o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares. Ir ao médico ou estudar non pode significar para a veciñanza do Val Miñor un plus de desembolso con respecto a outras áreas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:11
Nº Rexistro: 27696
Data envio: 13/01/2022 11:35:11.951

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, de xeito inmediato, a rebaixa das peaxes, mantendo ó menos a tarifa do ano 2021, para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57).
2. Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2022 10:54:06

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 10:54:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 10:54:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 10:54:32

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:29
Nº Rexistro: 27701
Data envio: 13/01/2022 11:36:29.701

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presencia desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presencia mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras , tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos.

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presencia de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presencia no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:29
Nº Rexistro: 27701
Data envio: 13/01/2022 11:36:29.701

dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.

O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado.

Si ben , antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA), o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Traballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual:

"por outra banda y en relación ca silicose , as partes asinantes do presente convenio, se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:29
Nº Rexistro: 27701
Data envio: 13/01/2022 11:36:29.701

galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa"

O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Creación de dúas unidades de referencia, establecidas dentro da rede do Sergas, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e a pedra.

2. Que poña en marcha un programa integral de silicose de Galicia que conte coa participación das consellerías con competencias na materia, emprego, sanidade e industria, con liñas concretas de actuación en formación, protocolos de actuación, seguimento e control da actividade e investigación, e no que se establezan como principios orientadores do programa a participación consensuada e activa de tódolos actores implicados, sindicatos, patronal, ISGA, servizos de prevención e mutuas, INSS, TGSS, sociedades científicas.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:29
Nº Rexistro: 27701
Data envio: 13/01/2022 11:36:29.701

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 11:28:57

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 11:29:07

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 11:29:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 11:29:21

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:43
Nº Rexistro: 27718
Data envio: 13/01/2022 12:00:43.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do anuncio do pasado 3 de xaneiro realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade onde a bombo e prato se anunciaba un reforzo das conexións por autobuses entre a Coruña e Ferrol, activando –segundo o comunicado da propia consellería-, 55 novos servizo directos máis á semana, o resultado é que co comezo do ano e unha vez en funcionamento o devandito reforzo, o caos foi total.

E así é que os usuarios viron suprimidos servizos por autoestrada en horas punta, tal como o das 15:30h Coruña E.A-Ferrol, así como non atender a demanda de recuperar o servizo directo de Ferrol-Coruña pasando por o CHUAC e demais centros sanitarios da Coruña, para facilitar a entrada de traballador@s, e a asistencia de doentes da comarca de Ferrolterra ás citas de especialidades das primeiras horas ao igual que no caso do servizo de oncoloxía. Servizo que foi demandado desde o primeiro momento en que se suprimiu.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:43
Nº Rexistro: 27718
Data envio: 13/01/2022 12:00:43.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito suprimíronse frecuencias nas liñas de autobús que conectan a comarca das Mariñas. Estas supresións de frecuencias véñense sumar ás deficiencias que xa sufría este servizo nas Mariñas e que se agravou desde a adxudicación dos novos contratos de transporte o pasado ano, como xa denunciamos no seu momento.

Co comezo de ano suprimíronse frecuencias na liña A Coruña – Ferrol, que afectan á veciñanza de Betanzos ou Miño, onde eliminaron o bus que saía de Ferrol ás 15:09h deixando só unha frecuencia pola tarde ás 19:30 h. Esta redución de frecuencias foi acompañada ademais a primeiros de ano por unha suba do prezo, nun servizo que funciona como vimos denunciando no último ano dunha forma totalmente deficiente.

A todo isto temos que engadir, de novo, as múltiples queixas sobre a deficiente información que desde a Xunta se facilita. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, recolle unha información de horarios e frecuencias non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos nos que hai información dalgún tipo e todo isto provoca confusión nas persoas usuarias do servizo.

Todas estas deficiencias víronse empeoradas de novo coa redución de servizos neste principio de ano, e coa redución tamén de servizos ferroviarios derivando nunha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo que ademais usan maioritariamente colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade e estudantado dos diferentes niveis do ensino non obrigatorio.

Estas son as razón que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:43
Nº Rexistro: 27718
Data envio: 13/01/2022 12:00:43.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento Galego insta o Goberno Galego a atender as demandas das persoas afectadas pola redución de frecuencias e horarios das liñas de autobús nas comarcas afectadas, especialmente na recuperación dos servizos ofrecidos pola anterior concesionaria, así como tamén a ofrecer a información correcta a través da páxina bus.gal e nas paradas dos buses dos horarios, frecuencias e paradas destes servizos."

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Ramón Fernández Alfonzo

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2022 11:43:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 11:44:08

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 11:44:20

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:43
Nº Rexistro: 27718
Data envio: 13/01/2022 12:00:43.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 11:44:30

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:51:05
Nº Rexistro: 27741
Data envio: 13/01/2022 12:51:05.795

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira** e **Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de Motivos

Despois de moitos meses de anuncios nos medios de comunicación, o 26 de outubro o Consello de Ministros do Goberno de España tomou en consideración o Anteproxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, iniciándose polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a tramitación do texto.

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación que o anteproxecto da futura Lei de Vivenda se iniciase sen consenso nin consulta previa coas distintas comunidades autónomas, e concretamente con Galicia. Todo iso, sen ter en conta que son as que teñen atribuídas constitucional e estatutariamente as competencias en materia de vivenda e as que deben xestionar as medidas propostas.

De feito, na nosa comunidade existe xa un marco normativo autonómico e un Pacto de Vivenda de Galicia (2021-2025) asinado polos representantes do pleno do Observatorio da Vivenda, órgano que tamén se ten involucrado activamente no contido das alegacións presentadas polo Goberno galego a esta norma estatal.

As alegacións formuladas, tras unha análise do anteproxecto estatal despréndese que a futura lei podería incorrer en inconstitucionalidade, por non ter en conta o marco competencial. Ademais entra a regular cuestións tan importantes como a ocupación de vivendas, na que se establecen as posibilidades de suspensión do proceso de lanzamento dos ocupantes e atribúe ás comunidades autónomas a obriga de facilitarlles unha alternativa habitacional.

Outro aspecto a rexeitar –avaliado nas alegacións formuladas por Galicia- é que a futura lei admita a ocupación ilegal de vivendas como unha forma de acceso ao parque público de vivendas, e de feito, o anteproxecto incorpora unha modificación da lei de axuizamento civil con este obxecto.

A futura norma tamén regula o concepto de vivenda baleira, que será aquela que estea desocupada de xeito continuado por un período de 2 anos, e nas que se poden

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:51:05
Nº Rexistro: 27741
Data envio: 13/01/2022 12:51:05.795

grupo parlamentario popular de galicia

establecer recargos de ata un 150% no Imposto de Bens Inmobles (IBI). Con carácter xeral, parece máis axeitado de cara a unha maior efectividade a introdución de medidas incentivadoras que aquelas como as incluídas na proposta, que buscan penalizar as vivendas baleiras.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que tome en consideración a incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre anteproxecto da futura Lei estatal de Vivenda".

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 12:47:32

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 12:47:45

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2022 12:47:55

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2022 12:48:24

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 12:48:41

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2022 12:49:31

Diego Calvo Pouso na data 13/01/2022 12:49:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2022 12:50:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:05
Nº Rexistro: 27745
Data envio: 13/01/2022 13:08:05.530

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia atópase nun contexto complexo para os centros de atención residencial motivado unha vez máis pola pandemia. Os contaxios de residentes e persoal nas residencias continúa crecendo de xeito preocupante, especialmente en residencias coma Raiola O Hórreo, e a de Bembrive de Vigo que conta con máis do centenar de afectados, converténdose no maior foco de contaxios do último ano.

A nova variante da Covid, omicron está desafiar a velocidade de transmisión do virus, polo que é preciso adiantar os recursos a esta nova realidade.

Tendo en conta a situación actual, o colapso laboral nos centros de atención residencial debido ás baixas do persoal por contaxios ou corentenas, pode poñer en risco a atención ás persoas maiores residentes. Polo que é preciso unha actuación inmediata por parte da Administración competente.

A gravidade das casuísticas de contaxios nos centros de maiores é menor, debido ás vacinas que chegaron a Galicia a través da partida de máis de 1000 millóns de euros por exercicio presupuestario do Ministerio de Sanidade, non obstante non garante que poidan existir casos graves en persoas con patoloxías previas fundamentalmente, polo que é preciso un protocolo inmediato.

Polo tanto é urxente que o Goberno galego volva a facer públicos na páxina oficial da Xunta o número de contaxios e falecementos por Covid nos centros de atención residencial, para coñecer a realidade por parte da cidadanía así como do propio sector. É importante coñecer se existen casos graves ou falecementos nestes centros con diagnóstico en Covid, tanto dos residentes como do persoal laboral de ditos centros.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:05
Nº Rexistro: 27745
Data envio: 13/01/2022 13:08:05.530

É urxente ademais saber se a Xunta de Galicia suspendeu ou non as probas diagnósticas PCR de covid en decembro de 2021, principalmente para os traballadores e traballadoras que se incorporaban tras vacacións, ou novas incorporacións entre outras.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar de xeito inmediato os datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial na páxina oficial da Xunta de Galicia.

2. Habilitar o mecanismo preciso para blindar ao persoal das residencias e que marca como mínimo a normativa e garantir que se cubran a totalidade de baixas que se prevé debido ao incremento de contaxio por covid.

3. Realizar PCR a usuarios e persoal dos centros de atención residencial cando se teña a mínima sospeita dalgún caso de covid.

4. Realizar probas PCR nos centros de atención residencial para o persoal de nova incorporación ou regreso de vacacións.

5. Realización de probas diagnósticas periódicas aos residentes e persoal dos centros de atención residencial.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:05:38

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:05:49

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:05
Nº Rexistro: 27745
Data envio: 13/01/2022 13:08:05.530

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 13:06:03

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:30:19
Nº Rexistro: 27760
Data envio: 13/01/2022 13:30:19.358

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carme González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras (Vigo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos vaivéns do estaleiro Barreras nos últimos anos poñen en perigo o futuro do sector naval da Ría de Vigo tal e como o coñecemos. A viabilidade e a actividade deste estaleiro é fundamental para atallar a crise industrial que padece a cidade de Vigo e a súa contorna.

Barreras é o maior estaleiro privado do estado, atópase en proceso de liquidación e pendente da decisión da empresa sobre o traspaso da unidade produtiva a un dos grupos interesados, un traspaso que debe ser validado polo Xulgado do Mercantil de Vigo e pola Autoridade Portuaria de Vigo.

Este proceso está tendo continuos cambios e modificación de datas e esta a se alongar máis do previsto inicialmente o que provoca desconcerto e incerteza entre o sector e os traballadores sen que as distintas administracións, e nomeadamente a Xunta de Galiza que ten as competencias en materia de industria, aclare a situación evitando informar do proceso máis alá de anuncios e propaganda sen compromisos reais.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:30:19
Nº Rexistro: 27760
Data envio: 13/01/2022 13:30:19.358

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sinalar tamén que a Autoridade Portuaria de Vigo, como xa indicamos antes, ten que validar o traspaso do estaleiro e tampouco ofrece ningunha información sobre o proceso.

Esta gravísima situación, na que existe o risco real da desaparición dun dos principais estaleiros da Ría de Vigo, que podería poñer en xaque o conxunto do sector da construción e reparación naval de Vigo, non ten sido enfrontada até o momento por parte da Xunta de Galiza, que máis unha vez volve desertar das súas competencias en materia de política industrial.

Aliás, é xa manifesta a incapacidade do capital privado para poñer en marcha as enormes potencialidades produtivas que ten Barreras, que vén sufrindo unha sucesión de fiascos empresariais desde a súa privatización, dos que salienta a frustrada operación liderada por Pemex co entusiasta patrocinio da Xunta de Galiza e a máis recente adquisición por parte do grupo Ritz Carlton. Nese sentido, unha solución de futuro que garanta a continuidade da actividade produtiva e do emprego non pode pasar por insistir no apalancamento financeiro, a cargo de recursos e avais públicos, senón que esixe dunha decidida intervención desde o público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que actúe coa maior dilixencia para despregar todas as actuacións que foren precisas co obxectivo de garantir a continuidade da actividade e do emprego no estaleiro Barreras de Vigo, evitando o

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:30:19
Nº Rexistro: 27760
Data envio: 13/01/2022 13:30:19.358

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desgaxamento da empresa, incluíndo a posibilidade dunha intervención pública directa para o converter nun estaleiro de titularidade pública ou semipública.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2022 13:15:06

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 13:15:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 13:15:27

Daniel Pérez López na data 13/01/2022 13:15:38

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:11
Nº Rexistro: 27690
Data envio: 13/01/2022 11:21:11.717

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López** e **Moisés Rodriguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal, Xera, estase a promover a madeira como elemento básico da bioeconomía circular en Galicia, tanto pola sustentabilidade do seu propio proceso produtivo, como por tratarse dun material natural, de proximidade, que contribúe á mitigación do cambio climático.

Neste contexto, coa colaboración estreita do tecido produtivo galego, estase traballando en ámbitos como a caracterización das diferentes madeiras locais, para fomentar a biodiversidade dos montes; a dixitalización dos procesos, para permitir a trazabilidade e garantir unha xestión sostible (certificación forestal); a ecoinnovación, para reducir o impacto medioambiental; a formación, para aproveitar ao máximo as novas tecnoloxías; e a diversificación, para impulsar novas cadeas de valor como a construción en madeira.

O utilización da madeira como material de construción é unha tendencia que se está consolidando no noso país, seguindo o exemplo dos países Escandinvos, Canadá ou Estados Unidos, cunha longa tradición nesta aplicación. De feito, o sector da construción está a identificar unha oportunidade neste modelo construtivo, xerando unha crecente demanda que cómpre xestionar de maneira eficiente e sostible.

A través do programa Utiliza Madeira, Xera ten apoiado a realización de 171 proxectos para o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras con madeira, que mobilizan un investimento superior aos 9,3 millóns de euros. Por outra banda, entra as actividades da Axencia, cabe destacar a celebración de convenios de colaboración con Pemade para que os prescritores poidan utilizar madeiras locais como elemento construtivo. Así

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:11
Nº Rexistro: 27690
Data envio: 13/01/2022 11:21:11.717

grupo parlamentario popular de galicia

mesmo, participa, xunto con outros socios no proxecto Interreg denominado EGURALT, dirixido ao estudo da construción en madeira de media altura.

Así mesmo, desde a Xunta de Galicia estanse a realizar obras publicas utilizando a madeira, como é o caso do PAC da Laracha ou a ampliación do PAC do Porriño.

Entendemos, polo tanto, que na nosa Comunidade Autónoma xa existe unha masa crítica suficiente para desenvolver estratexia integral que fomente a construción con madeira como unha nova cadea de valor, susceptible de crear riqueza e empregos de calidade, especialmente no medio rural, , e como unha forma de mellorar o benestar da sociedade galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a elaboración dunha estratexia de fomento da construción con madeira para deseñar e implantar, a través do diálogo cos axentes implicados, unha folla de ruta que permita dar resposta aos retos tecnolóxicos, formativos, comerciais, legais e de innovación que presenta este modelo construtivo máis sostible e eficiente, maximizando as oportunidades de crecemento e creación de emprego, especialmente no medio rural”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:21:11
Nº Rexistro: 27690
Data envio: 13/01/2022 11:21:11.717

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:58:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2022 10:59:15

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2022 10:59:28

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2022 10:59:42

Borja Verea Fraiz na data 13/01/2022 10:59:57

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2022 11:00:12

Pardo López, Adrián na data 13/01/2022 11:00:27

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/01/2022 11:00:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:59
Nº Rexistro: 27759
Data envio: 13/01/2022 13:29:59.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carme González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras (Vigo).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos vaivéns do estaleiro Barreras nos últimos anos poñen en perigo o futuro do sector naval da Ría de Vigo tal e como o coñecemos. A viabilidade e a actividade deste estaleiro é fundamental para atallar a crise industrial que padece a cidade de Vigo e a súa contorna.

Barreras é o maior estaleiro privado do estado, atópase en proceso de liquidación e pendente da decisión da empresa sobre o traspaso da unidade produtiva a un dos grupos interesados, un traspaso que debe ser validado polo Xulgado do Mercantil de Vigo e pola Autoridade Portuaria de Vigo.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:59
Nº Rexistro: 27759
Data envio: 13/01/2022 13:29:59.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este proceso está tendo continuos cambios e modificación de datas e esta a se alongar máis do previsto inicialmente o que provoca desconcerto e incerteza entre o sector e os traballadores sen que as distintas administracións, e nomeadamente a Xunta de Galiza que ten as competencias en materia de industria, aclare a situación evitando informar do proceso máis alá de anuncios e propaganda sen compromisos reais.

Sinalar tamén que a Autoridade Portuaria de Vigo, como xa indicamos antes, ten que validar o traspaso do estaleiro e tampouco ofrece ningunha información sobre o proceso.

Esta gravísima situación, na que existe o risco real da desaparición dun dos principais estaleiros da Ría de Vigo, que podería poñer en xaque o conxunto do sector da construción e reparación naval de Vigo, non ten sido enfrontada até o momento por parte da Xunta de Galiza, que máis unha vez volve desertar das súas competencias en materia de política industrial.

Aliás, é xa manifesta a incapacidade do capital privado para poñer en marcha as enormes potencialidades produtivas que ten Barreras, que vén sufrindo unha sucesión de fiascos empresariais desde a súa privatización, dos que salienta a frustrada operación liderada por Pemex co entusiasta patrocinio da Xunta de Galiza e a máis recente adquisición por parte do grupo Ritz Carlton. Nese sentido, unha solución de futuro que garanta a continuidade da actividade produtiva e do emprego non pode pasar por insistir no apalancamento financeiro, a cargo de recursos e avais públicos, senón que esixe dunha decidida intervención desde o público.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:59
Nº Rexistro: 27759
Data envio: 13/01/2022 13:29:59.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que actúe coa maior dilixencia para despregar todas as actuacións que foren precisas co obxectivo de garantir a continuidade da actividade e do emprego no estaleiro Barreras de Vigo, evitando o desgaxamento da empresa, incluíndo a posibilidade dunha intervención pública directa para o converter nun estaleiro de titularidade pública ou semipública."

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2022 13:20:37

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:59
Nº Rexistro: 27759
Data envio: 13/01/2022 13:29:59.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2022 13:20:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 13:20:53

Daniel Pérez López na data 13/01/2022 13:21:05

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 13:21:12

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:00
Nº Rexistro: 27815
Data envio: 14/01/2022 10:50:00.983

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta, Miguel Prado Patiño, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Rio** e **José Manuel Balseiro Orol,** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento urxente da Cámara galega en relación con este asunto.

Exposición de motivos

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación , a industria cárnica é:

- A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

  A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

  É dicir, esta industria está formada dun xeito predominante por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar e con base territorial, que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- En 2020 achegou case 9.000 millóns de euros en exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Como no conxunto de España, en Galicia o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial, agrupando unha variada tipoloxía de produción.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:00
Nº Rexistro: 27815
Data envio: 14/01/2022 10:50:00.983

grupo parlamentario popular de galicia

Na nosa Comunidade hai máis de 61.000 explotacións de carne e supéranse as 400.000 toneladas de produción. En canto á industria cárnica, esta aglutina a 192 empresas de transformación, que dan emprego a 4.601 traballadores e facturan arredor de 1.400 millóns de euros ao ano.

No caso concreto do vacún de carne, contamos cun total de 19.537 explotacións en Galicia -incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta- que teñen unha media de 22 animais cada unha delas.

Respecto do valor da produción de carne de bovino en Galicia, este ascende a 513 millóns de euros, o que representa o 14,1% do valor da produción final agraria da nosa Comunidade.

Desta produción, unha parte moi importante, como se dixo, está certificada coas indicacións xeográficas protexidas Carne de vacún de Galicia, ao abeiro da IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega e Buey Gallego. Lembremos que no ano 2020, entre ambas IXP, certificáronse case 100.000 canais, producíronse 22.748 toneladas de carne por un valor económico estimado de 126.700.000 euros e representan o 55% de toda a carne española con indicativo de calidade.

Por outra banda, lembremos que a sustentabilidade do sector bovino de carne en Galicia está demostrada e as prácticas tradicionais dos nosos gandeiros son moi respectuosas co medio ambiente. Así, cómpre ter en conta que cada explotación ten base territorial asociada. Este asunto é moi transcendente xa que incide na procedencia da alimentación dos animais e no aproveitamento dos xurros como fertilizantes das súas propias terras.

Neste caso concreto, cómpre sinalar que existe un estudo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, amparado polo propio Ministerio de Ciencia e Innovación, que constata que o uso de dexeccións (xurro e esterco) para enriquecer as terras, fronte á utilización de fertilizantes minerais, non incrementa as emisións de gases con efecto invernadoiro, sempre que se utilice dentro dos límites que se establecen de carga de nitróxeno.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:00
Nº Rexistro: 27815
Data envio: 14/01/2022 10:50:00.983

grupo parlamentario popular de galicia

Este acordo traduciuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados ("… *they export this poor quality meat from these ill- treated animals*"). Unhas declaracións que como puidemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca un dos eidos alimentarios máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a miles de familias e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento, o abandono da terra agraria e para previr incendios forestais.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marchas medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Instar á Xunta de Galicia a esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:00
Nº Rexistro: 27815
Data envio: 14/01/2022 10:50:00.983

grupo parlamentario popular de galicia

2º. Instar á Xunta de Galicia a esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

3º. Manifestar e recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros e gandeiras, así coma dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos, nomeadamente os profesionais galegos, para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria acadando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias".

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 10:50:00
Nº Rexistro: 27815
Data envio: 14/01/2022 10:50:00.983

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/01/2022 10:39:23

María Elena Candia López na data 14/01/2022 10:39:47

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2022 10:40:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2022 10:40:22

Raquel Arias Rodríguez na data 14/01/2022 10:40:49

José Antonio Armada Pérez na data 14/01/2022 10:41:10

Cachafeiro Anta, Belén na data 14/01/2022 10:41:28

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 14/01/2022 10:41:37

José Manuel Rey Varela na data 14/01/2022 10:41:47

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2022 10:42:02

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/01/2022 10:42:16

Ana Belén García Vidal na data 14/01/2022 10:42:29

José Alberto Pazos Couñago na data 14/01/2022 10:42:57

Noelia Pérez López na data 14/01/2022 10:43:11

Paula Prado del Río na data 14/01/2022 10:43:25

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2022 10:43:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:17
Nº Rexistro: 27992
Data envio: 17/01/2022 13:35:17.057

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o impacto da Covid19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar canto antes o alcance do impacto da Covid19 nas residencias de maiores así como as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explosión de casos positivos de Covid19 no conxunto da sociedade galega durante a sexta onda da pandemia (finais de 2021 – comezos de 2022) está a ter o seu impacto tamén nas residencias de maiores.

Se algo aprendemos durante os últimos anos é que a transmisión comunitaria fóra dos centros fai que a Covid19 entre nas residencias contaxiándose tanto o persoal que traballa nelas como as persoas usuarias.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:17
Nº Rexistro: 27992
Data envio: 17/01/2022 13:35:17.057

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Certo é que a campaña de vacinación mudou radicalmente as consecuencias da pandemia nas residencias de maiores porén, non se pode baixar garda e as medidas de prevención e control deben reforzarse.

Neste senso, recentemente a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX) propuña intensificar as probas de detección da Covid19 entre o persoal das residencias con maior asiduidade e tamén entre as persoas usuarias.

Así mesmo, é imprescindíbel que o Goberno galego vixíe o reforzo dos cadros de persoal nas residencias en que se producen contaxios e que as empresas e entidades propietarias e/ou xestoras de centros residenciais cubren as baixas que se producen entre as traballadoras/es para garantir a calidade asistencial.

Nos últimos días rexistráronse gromos en varios centros residenciais galegos nos que entidades que representan a familiares de persoas usuarias, como REDE ou Vellez Digna, denunciaron diversas irregularidades e falta de transparencia por parte da administración e das empresas. Especialmente graves foron as denuncias trasladadas publicamente nas residencias DomusVI de Bembrive e A Raiola (Compostela).

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a intensificar as medidas de prevención e detección da Covid19 nas residencias de maiores especialmente aumentando o número de cribados entre o persoal traballador e persoas usuarias reducindo a súa periodicidade; así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a desenvolver, de oficio, inspeccións naqueles centros en que se detectan gromos para garantir que as empresas e entidades

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:17
Nº Rexistro: 27992
Data envio: 17/01/2022 13:35:17.057

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

titulares e/ou xestoras destes centros contan co persoal suficiente e necesario para atender as usuarias e usuarios.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2022 13:30:19

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 13:30:23

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 13:30:41

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:51
Nº Rexistro: 27200
Data envio: 10/01/2022 09:51:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro trimestre de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 6.400 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos, afectados polas

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:51
Nº Rexistro: 27200
Data envio: 10/01/2022 09:51:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, con estes antecedentes e coa previsión, xa anunciada por Bruxellas, polo Estado e polos propios Orzamentos de 2022 da Xunta, de volta á senda do déficit, esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, previsión da folla de ruta de adaptación ao retorno do cumprimento do marco estatal de déficit. etc e trasladar ao Parlamento Galego para o seu debate unha previsión para a evolución do endebedamento."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:51:51
Nº Rexistro: 27200
Data envio: 10/01/2022 09:51:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 09:32:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 09:32:56

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 09:33:05

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 09:33:12

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:36
Nº Rexistro: 27208
Data envio: 10/01/2022 10:22:36.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre o estado ruína da antiga Cámara Agraria de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de A Milagrosa de Carballo é un dos máis senlleiros do casco urbano da vila Bergantiñá. Nesta zona celébrase o segundo, cuarto e quinto domingo de cada mes o popular mercado do Campo da Feira, que complementa a feira de produtos do agro que se segue a celebrar no centro da vila, na Praza do Concello

Tradicionalmente, este barrio foi punto de encontro social e de negocios relacionados co agro e a gandería nos días de feira. A día de hoxe, mantense o "mercadiño" no cruce das Rúas Compostela e Fisterra e nas inmediacións do Edificio Fórum. Máis de 170 postos de venda de calzado, roupa, complementos, cousas do fogar ou incluso maquinaria agrícola, instálanse alí na actualidade e, alén da oferta comercial, constitúen un elemento de dinamización e promoción de Carballo polas numerosas persoas de fóra do concello que se ata alí se achegan.

Neste mesmo barrio radícase o complexo municipal Fórum, enfocado á prestación de servizos á formación e dinamización do emprego no ámbito do municipio de Carballo e da Costa da Morte.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:36
Nº Rexistro: 27208
Data envio: 10/01/2022 10:22:36.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Milagrosa tivo e ten un papel protagonista na estratexia de humanización e reorganización urbana que se leva a cabo polo goberno local dende fai anos, que ademais da potenciación e promoción do mercadiño, buscou a revitalización e dinamización da zona elixindo esa ubicación para o Edificio Fórum ou apostando por este barrio para testar no ano 2017 o proxecto piloto na Galiza "Ti Tes A Chave", de recollida de residuos sólidos urbanos en colectores específicos.

Continuando con esa estratexia urbana que busca facer de Carballo un lugar atractivo para vivir e mellorar a vida das persoas, dende o executivo local abríronse áreas de estacionamento no barrio, e fai ben pouco rematáronse as obras do Centro Social da Milagrosa (antiga escola), cos que se acondicionou o interior e exterior da edificación para dotalo de mellores condicións de habitabilidade e accesibilidade, levándose a cabo tamén tarefas de urbanización exterior.

Pois ben, no corazón mesmo do barrio, ao lado do Centro Social, na zona mesma onde se instalan os postos do mercadiño e a carón da Capela da Milgrosa, a Xunta de Galiza dispón na Avenida da Milagrosa dun inmoble que prestou, en tempos pasados, os servizos de Cámara Agraria.

Edificio que leva anos sen ser empregado por parte da administración titular do mesmo e que se atopa a día de hoxe nunha situación ruinosa, amosando un aspecto exterior de absoluto abandono como consecuencia do desuso, a acción do paso do tempo, os usos impropios aos que se viu sometido ou mesmo a actos puntuais de vandalismo.

Un edificio que rompe coa estratexia de revitalización urbana e social e de dinamización económica que se leva a cabo por parte do goberno local nesa zona, e que na actualidade constitúe un auténtico risco para a seguridade e a integridade física dos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:36
Nº Rexistro: 27208
Data envio: 10/01/2022 10:22:36.835

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viandantes pola posibilidade de desprendemento e caída de partes da edificación, como cascotes, cristais ou tellas, que xa levou ao Concello a precintar a contorna para evitar males maiores.

Xa no ano 2013 adoptouse un acordo polo Pleno Municipal no que se solicitaba a transferencia ao Concello de Carballo da propiedade deste edificio de titularidade da Xunta de Galiza, que a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio non contemplou ao entender que as únicas opcións para que o Concello puidese adquirir a propiedade do inmoble eran a compra ou a permuta. Comprometéndose esa Secretaría a facer unha valoración económica do inmoble e facerlla chegar ao goberno local. Cousa que, ata día de hoxe, non aconteceu.

Tiveron que pasar dez anos para que un técnico da Xunta xirase visita para valorar o estado do edificio. Constatándose polo técnico o estado ruinoso do mesmo, que faría que non fose economicamente rentábel a súa rehabilitación, ao supoñer esa opción un investimento moi superior ao valor patrimonial do edificio.

O estado lamentábel da edificación contrasta, dende o punto de vista do feísmo urbanístico, coas actuacións de mellora acometidas polo goberno local nos últimos anos na contorna, pero o verdadeiro problema radica, nos últimos tempos, no problema de seguridade para os viandantes que supón o estado no que se atopa o inmoble.

Por ese perigo certo para a seguridade das e dos veciños, faise perentoria a actuación da Xunta de Galiza, para atallar en primeiro lugar ese perigo certo para integridade física das veciñas, pero tamén para eliminar o “lunar” urbanístico que supón este edificio nun ámbito que a actuación do goberno local conseguiu revitalizar, humanizar e dinamizar.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:36
Nº Rexistro: 27208
Data envio: 10/01/2022 10:22:36.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprensíbel que un edificio de titularidade autonómica se atope na actual situación de desleixo, máxime cando máis aló da cuestión de feísmo urbanístico, existe un claro perigo para a integridade física das persoas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar de forma inmediata as actuacións que sexan necesarias no antigo edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo sito na Avenida da Milagrosa, para solucionar o perigo certo que supón o estado do mesmo para a seguridade e integridade física das persoas."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:22:36
Nº Rexistro: 27208
Data envio: 10/01/2022 10:22:36.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:10:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 10:10:15

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 10:10:28

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:34
Nº Rexistro: 27226
Data envio: 10/01/2022 13:20:34.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do cuarto e último trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Desta forma o Foro apunta a unha consolidación na recuperación do cadro macroeconómico, lixeiramente superior á do ámbito estatal.

Por outra banda, o Informe sinala entre os aspectos máis relevantes o feito de que a produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española. Así mesmo, malia que o impacto da covid na actividade produtiva en Galiza no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só o noso país e a Comunidad Valenciana

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:34
Nº Rexistro: 27226
Data envio: 10/01/2022 13:20:34.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

Canto á situación no mercado laboral, o Informe abonda na tendencia xa sinalada noutros de consolidación da precariedade, especialmente nos ámbitos da mocidade e do emprego feminino. Así mesmo, incrementa a temporalidade e Galiza mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa).

Complementariamente, é necesario sinalar que a finais de decembro de 2021 o Banco de España rebaixaba a súa previsión de crecemento do PIB estatal para 2021, pasando do 6,3% ao 4,5% e para 2022, reducíndoo do 5,9% ao 5,4%. Estas cifras fican lonxe do 6,5% e 7% que proxectaba o goberno central para estes mesmos anos.

A estas cuestións hai que engadir como o remate de 2021 e o comezo de 2022 están marcados pola continuidade da crise de suba de prezos, singularmente os enerxéticos, e por unha expansión sen precedentes da pandemia da covid-19 que, aínda cun menor impacto de casos graves, acompaña un alto volume de persoas contaxiadas e confinadas, o cal tamén impacta na economía e nas súas previsións.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a Galiza a constituír unha mesa de traballo ao abeiro do Consello Económico e Social co obxectivo de impulsar e remitir á

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:34
Nº Rexistro: 27226
Data envio: 10/01/2022 13:20:34.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cámara para o seu debate unha batería de medidas do ámbito social e económico co obxectivo de conseguir que o sector industrial supoña o 20% do PIB en 2023 e o 25% do PIB en 2030 e incrementar progresivamente o seu nivel competitivo, especialmente nos ámbitos máis débiles: innovación, infraestruturas básicas e eficiencia empresarial."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:10:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:10:57

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:11:07

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:20:34
Nº Rexistro: 27226
Data envio: 10/01/2022 13:20:34.443

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 13:11:19

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:54
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 10/01/2022 13:25:54.923

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Marina Ortega Otero**, **Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela** e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

O 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local da cidade de Ourense, aprobaba o expediente para a contratación do proxecto de humanización da rúa da Concordia. Trátase dun proxecto para dotar de sete ramplas mecánicas e a humanización completa da rúa.

Proxecto que non conta co visto bo da Intervención Municipal que fiscaliza de desconformidade a proposta elaborada para a licitación de Concordia, ao entender que non se respecta o principio de proporcionalidade nos criterios de adxudicación, que ve inxustificados e que vulneran os principios de transparencia e igualdade para os licitadores.

Por outra banda tampouco conta coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. A aprobación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio é imprescindible por canto afecta a unha zona con edificios catalogados, xusto no lado da vía na que o Concello de Ourense pretende instalar pasarelas mecánicas.

Esta obra foi incluída na modificación orzamentaria dos 65 millóns de € aprobada polo Goberno municipal, no Plan de Cooperación Provincial da Deputación de Ourense, e para a execución da mesma tamén se anunciou que se incluíra na solicitude de fondos europeos de mobilidade sostible para o Concello de Ourense, da que recentemente coñecemos que non se aceptara ningunha proposta por parte do Ministerio.

O Grupo Municipal Socialista a medio de escrito presentado por rexistro ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Ourense, puxo en coñecemento da Consellería de Cultura que con data de 14 de outubro de 2021 publicouse no Perfil do Contratante do Concello de Ourense a licitación da intervención na contorna dos Edificios Catalogados que se

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:54
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 10/01/2022 13:25:54.923

relacionan no mesmo , sen autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, tal e como é preceptivo.
Concretamente no ámbito sobre o que se licita a intervención de instalación de diversas ramplas mecánicas existen sete edificios catalogados e incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo os artigos 30.1 e 31.4 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia

O Catálogo na súa introdución di:

"... se establece un ámbito de protección o respeto, que, como norma general, alcanza al frente de la manzana donde se ubica el edificio protegido, y allí donde este criterio no pueda cumplirse, el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes yque condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en intimísima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, generadoras de ese ámbito de protección o respeto.
Si bien, este criterio puede ser discutido, constituye la vía para establecer la condición de conseguir la consonancia de las futuribles intervenciones con el contexto, adecuándose al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados."

A Intervención proxectada en base ao catálogo precisa de informe técnico municipal e ditame da CTMPBC e da Dirección Xeral de Patrimonio.

En resumen, a Xunta de Goberno Local do municipio de Ourense resolvía aprobar o proxecto das obras de humanización da rúa Concordia, cun orzamento global de 4.64 6.435,97 euros (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE) cun orzamento de execución material de 3.226.915,74 euros e o procedemento prescinde do trámite esencial nesta Intervención que é a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e se encadra na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:25:54
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 10/01/2022 13:25:54.923

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia con urxencia que requira ao Concello de Ourense a paralización inmediata da licitación das obras de humanización da rúa Concordia, por carecer de autorización preceptiva e ante a inacción da propia da Administración local ao respecto.

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2022 13:16:18

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 13:16:26

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:16:35

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:16:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:16:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 13:17:06

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:32
Nº Rexistro: 27246
Data envio: 10/01/2022 13:32:32.720

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:32
Nº Rexistro: 27246
Data envio: 10/01/2022 13:32:32.720

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe das instalacións dos centros residenciais para persoas maiores que indique si está adaptada a saída ao tamaño das camas para persoas dependentes, así como o número de traballadoras ou traballadores que existen para as quendas de noite por número de residentes e o número de incidencias rexistradas segundo a quenda laboral.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:40:18

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:40:29

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:32
Nº Rexistro: 27246
Data envio: 10/01/2022 13:32:32.720

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:40:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:40:49

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:37:03
Nº Rexistro: 27252
Data envio: 10/01/2022 13:37:03.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza e o insuficiente desenvolvemento do marco legal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Con este marco legal pretendíase atender un novo concepto de biblioteca pública aberta superadora do concepto tradicional, creando así un marco adecuado para garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade e articular a nova realidade bibliotecaria galega.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:37:03
Nº Rexistro: 27252
Data envio: 10/01/2022 13:37:03.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de se cumprir 10 anos da aprobación desta lei, cómpre facer unha avaliación do desenvolvemento regulador e da súa aplicación.

Neste sentido o que primeiro chama a atención é a falta de desenvolvemento regulador. Desde a aprobación da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza segue vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Mentres tanto, o informe das bibliotecas públicas españolas que elabora o Ministerio de Cultura xunto coas comunidades autónomas ofrece datos negativos para Galiza, xa que en todos os parámetros aparece por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a corrixir esta importante deficiencia normativa e desenvolver antes de rematar o actual período de sesións a Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza para adecuala ás necesidades da realidade actual."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:37:03
Nº Rexistro: 27252
Data envio: 10/01/2022 13:37:03.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:30:29

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:30:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:30:48

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:13
Nº Rexistro: 27263
Data envio: 10/01/2022 13:57:13.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que "a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos" para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de septiembre, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:13
Nº Rexistro: 27263
Data envio: 10/01/2022 13:57:13.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que ainda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encirrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de "canto peor mellor", a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluidas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:13
Nº Rexistro: 27263
Data envio: 10/01/2022 13:57:13.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os trámites para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, acorde coa normativa estatal de protección da especie. Como paso previo, elaborase un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do Plan durante os 12 anos de vixencia.

2. Impulsar as seguintes medidas transitorias de estudo e investigación, prevención, compensación, sensibilización e participación en relación coa conservación do lobo:

- Realización dun informe sobre factores que afectan á conservación da especie e nomeadamente sobre mortandade por causas non naturais.

- Incremento das medidas de prevención dos danos ao gando, adaptadas á realidade de cada zona e ao tipo de animais (cabalar, vacún, ovino, caprino).

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:13
Nº Rexistro: 27263
Data envio: 10/01/2022 13:57:13.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incremento das dotacións orzamentarias e dos medios humanos e materiais para a compensación dos danos á gandaría, procurando a máxima axilidade, a adecuación entre as indemnizacións e o valor das perdas, e o control da fraude.

- Desenvolvemento dun programa de información, educación e sensibilización sobre o lobo, evitando a estigmatización da especie.

- Creación do foro galego sobre o lobo como marco de participación e diálogo arredor dos aspectos ecolóxicos, sociais, económicos e culturais relacionados coa especie.

3. Demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, con especial atención ao financiamento de medidas de prevención e indemnización por danos ao gando.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:13
Nº Rexistro: 27263
Data envio: 10/01/2022 13:57:13.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:49:58

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:50:07

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27271
Data envio: 10/01/2022 17:43:35.065

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa ao prezo da luz a comezos de 2022 e ás medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Despois dun ano 2021 de récord do prezo da enerxía eléctrica, 2022 comezou na mesma liña. É necesario recordar que o mes de decembro pechou cun prezo medio mensual no mercado maiorista eléctrico de 239,1 euros, o más alto da historia tras superar en máis de 39 euros os 200 euros/MWh de outubro de 2021.

O día no que se reiniciaba o curso escolar, o 10 de xaneiro, o prezo medio da electricidade no mercado maiorista volvía incrementar e facíao de forma espectacular, cun aumento do 82,2% con respecto ao domingo 9 de xaneiro, volvendo superar os 200 euros por megavatio hora. Desta forma, acadaba o prezo medio de 217,26 euros/Mwh cun prezo máximo entre as 19.00 horas e as 20.00 horas, con 294,98 euros/Mwh. Con respecto a hai un ano, o prezo do ‘pool’ para este día foi un 227,8% máis caro que o 10 de enero de 2021, de tan só 66,27 euros/MWh, coincidindo ademais coa borrasca Filomena.

É necesario poñer esta situación nun contexto económico marcado pola pandemia da covid-19, a inflacción xeral dos prezos e a situación concreta dos enerxéticos, disparados polos altos prezos do gas nos mercados e nos dereitos de emisión de CO2, tamén en máximos históricos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27271
Data envio: 10/01/2022 17:43:35.065

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, esta situación acontece amosando as debilidades estruturais dun sistema tarifario obsoleto e sobrecargado de elementos alleos ao sistema eléctrico, sen resolver polas medidas conxunturais adoptadas polo goberno do Estado. Así mesmo, isto acontece nun contexto no que segundo os datos que vén de facer públicos Rede Eléctrica Española (REE) sobre a xeración eléctrica no primeiro semestre de 2021 Galiza exportou no primeiro semestre do pasado 2021 o 35% da electricidade producida, destinándose a outros territorios que non soportan os custos ambientais e sociais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un estudo específico ao abeiro do Consello Económico e Social, do INEGA ou do Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que atenda o impacto nos fogares galegos e na economía galega do aumento dos prezos enerxéticos, de cara a estabelecer medidas inmediatas e a longo prazo que permitan atender os ámbitos máis vulnerábeis. Dito informe remitirase ao Parlamento galego para o seu debate e propostas de resolución.

2. Demandar do Goberno central emprender as medidas e reformas estruturais necesarias para abaratar a facturaeléctrica das familias e empresas afectadas polo escalada no prezo dos últimos meses, singularmente:

- Retirar do pool as centrais hidráulicas e nucleares, que comezarán a cobrar polos custes recoñecidos pola CNMC para producir unha rebaixa xeral no recibo da electricidade.

- Substituír as mudanzas aplicadas no marco tarifario desde o 1 de xuño por unha modificación profunda da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27271
Data envio: 10/01/2022 17:43:35.065

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

- Negociar unha Tarifa eléctrica galega que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción.

- Demandar a redución permanente do IVE da enerxía ao 4% e a eliminación das imposicións incluídas na factura eléctrica que son alleas á produción e comercialización desta.

- Prohibir de forma permanente os cortes nos subministros básicos.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 17:30:41

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 17:30:46

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27271
Data envio: 10/01/2022 17:43:35.065

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 17:30:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 17:31:22

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27277
Data envio: 10/01/2022 18:20:14.550

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Noa Presas Bergantiños**, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a existencia de presuntas irregularidades no Obradoiro Río Arnoia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven subvencionando os custes derivados das posta en marcha do programa de obradoiros duais de emprego e da contratación das participantes nos mesmos.

Os programas duais de emprego procuran a formación e a empregabilidade de persoas desempregadas, incrementando a súa cualificación profesional, ao tempo que realizan un traballo produtivo de utilidade pública e social que se lle retribúe. A duración do período no que a formación compatibilizase coa práctica profesional é de 9 meses, durante os que a alumna-traballadora estará vencellada á entidade promotora por un contrato para a formación e aprendizaxe.

Así, a Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha dunha nova edición do obradoiro Río Arnoia, promovido polos concellos de A Merca, Cartelle e Ramirás, destinando ao desenvolvemento do obradoiro a suma de 347.000 € de fondos públicos.

A selección das persoas beneficiarias do programa, que durante 9 meses disporán dun posto de traballo ao tempo que recibirán formación teórica e práctica que

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27277
Data envio: 10/01/2022 18:20:14.550

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lles permitirá obter un certificado de profesionalidade acreditativo das aptitudes adquiridas; correspondeu ás entidades locais promotoras. Proceso de selección que, presuntamente, estivo pragado de irregularidades e anomalías que puideron ser determinantes do seu resultado e, xa que logo, desvirtuar a finalidade do investimento realizado, de recursos públicos.

Segundo denunciaron diversas participantes a documentación que se presentaba non se rexistraba polo que non existía constancia da súa achega, impedindo a posibilidade real dunha revisión de eventuais omisións na valoración dos méritos presentados polas distintas candidatas.

Por outra banda, consta a vulneración do disposto na Orde da Consellaría de Traballo e Igualdade do 31 de decembro de 2020 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galiza, nomeadamente ás normas xerais de selección do alumnado-traballador. Así, no parágrafo 2º do art.10 se dispón que:

"No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos, deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva".

No procedemento seguido polos concellos promotores (A Merca, Cartelle e Ramirás) a comunicación das valoracións realizouse conxuntamente, resultando, en boa parte dos casos, determinante da selección, o resultado dunha entrevista que non consta se realizase.

Para impugnar o proceso e o resultado outorgouse un prazo de 3 días naturais, coincidindo a publicación das listaxes cun venres, polo que dada a organización das entidades locais promotoras só existiu un día para a atención persoal das solicitantes e a

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27277
Data envio: 10/01/2022 18:20:14.550

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aclaración das dúbidas existentes, extremos importantes para fundamentar unha eventual impugnación. Xa que logo, o proceso foi altamente irregular e o sistema para as impugnacións máis pensado para impedir o dereito de defensa que para evitar as arbitrariedades nas que puideran incorrer as administracións públicas.

E por iso que desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formúlase a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza á revisión do proceso de selección das particpantes no obradoiro dual rio Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás e subvencionado pola Xunta de Galiza. En particular, a verificar a efectiva celebración da entrevista e a legalidade dos criterios aplicados para a valoración das mesmas."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27277
Data envio: 10/01/2022 18:20:14.550

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 18:17:57

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 18:18:01

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 18:18:11

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 18:18:22

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27281
Data envio: 10/01/2022 18:40:40.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

Exposición de motivos

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27281
Data envio: 10/01/2022 18:40:40.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27281
Data envio: 10/01/2022 18:40:40.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias, e se a incorporación dunha ambulancia de reforzo á flota da comarca do Morrazo, pode axudar a axilizar e garantir un servizo fundamental en tempo e forma.

Estas son as razóns que levan ao GP do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

"O Parlamento Galego insta o Goberno Galego a dotar de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo, garantindo unha asistencia áxil e eficaz cumprindo coa necesaria seguridade sanitaria. Así como que se investiguen os últimos sucesos acontecidos na comarca debido á falta dunha ambulancia de reforzo."

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27281
Data envio: 10/01/2022 18:40:40.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 18:35:40

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 18:35:46

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 18:35:53

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:01:15
Nº Rexistro: 27301
Data envio: 11/01/2022 10:01:15.865

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O 8 de xaneiro de 2004 cualificábase o edificio n.º 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela como de protección autonómica (vivenda protexida de propiedade privada), cunha duración da protección de 25 anos, finalizando o período de protección autonómica en xaneiro de 2029.

En xaneiro de 2021 a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) emitiu unha orde de desafiuzamento das vivendas deste edificio, na que instaba aos inquilinos destas vivendas de protección autonómica que están en réxime de alugueiro a que as deixen libres no prazo dun ano. Prazo este que remata o vindeiro mes de febreiro.

Son varias as familias afectadas por esta decisión da Sareb. Nun principio 16 familias, algunhas das cales xa se cambiaron da vivenda ante a falla de noticias tanto da Sareb como da propia Xunta de Galicia. A día de hoxe seguen sen ter noticias e non saben se ao final terán que abandonar ou non as súas vivendas. A pesares de estar ao corrente nos pagos dos seus alugueiros e de se faceren ademais cargo dos gastos comúns do edificio, á Sareb non lles aporta solucións, nin sequera nos supostos de querer mercar as vivendas.

Non podemos pasar por alto de que se trata de familias que teñen vivendas en alugueiro de protección autonómica, e que se supón que a Xunta de Galicia debe de velar por esta vivenda protexida. Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, a través do IGVS, medie coa Sareb de cara a evitar os desafiuzamentos das vivendas de protección autonómica sitas no edificio número 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela, así como prestar o asesoramento técnico e xurídico que precisan as familias ao longo deste procedemento.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:01:15
Nº Rexistro: 27301
Data envio: 11/01/2022 10:01:15.865

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:25:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:25:20

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:25:33

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:01:54
Nº Rexistro: 27302
Data envio: 11/01/2022 10:01:54.709

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O servizo de HADO ofrece unha alternativa asistencial á hospitalización convencional, para atender entre outros a doentes oncolóxicos, infecciosos, con cirurxías complexas, crónicos ou en estado terminal. O obxectivo é que eses doentes reciban nas súas casas o conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de complexidade hospitalaria.

O servizo de Paliativos/Hospitalización a Domicilio do hospital da Mariña creouse no seu momento xa dun xeito deficitario con 3 facultativos médicos, que prestaban atención de luns a venres pola mañás, e 5 profesionais de enfermería en quendas de mañá e tarde todos os días da semana.

Dende hai máis de 6 meses só hai dous médicos no servizo e incluso algúns días chegou a haber só un. Ademais os permisos e as baixas do persoal de enfermería non se están a cubrir, recaendo esas quendas de ausencias nos outros compañeiros do servizo.

Ante esta situación o Sergas adoptou a solución de que desaparecese na maior parte dos concellos da Mariña de Lugo a atención presencial que ata hai algo máis de 6 meses se viña a dar dende o servizo de paliativos/HADO dependente do Hospital da Mariña. O Sergas eliminou o servizo presencial en 10 dos 14 concellos da Mariña, quedando, polo tanto, máis do 60 % da súa poboación sen servizo presencial. Agora os doentes destes 10 concellos da Mariña que non teñen servizo presencial de HADO, entre os que se atopan enfermos crónicos ou terminais, o Sergas derívaos aos servizos de Atención Primaria, que como estamos a ver, e levan moito tempo denunciando os seus profesionais, están excedidos e saturados.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a que de xeito urxente, cubra as prazas (persoal médico e de enfermería) do servizo de Paliativos/HADO do Hospital da

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:01:54
Nº Rexistro: 27302
Data envio: 11/01/2022 10:01:54.709

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Mariña ata chegar á dotación inicial todos os días da semana, para poder retomar a atención presencial na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:03:34

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:03:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 12:19:48

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:02:25
Nº Rexistro: 27303
Data envio: 11/01/2022 10:02:25.224

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A principios de outubro do ano pasado coñeciamos que a industrial portuguesa Altri estaba a buscar un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción.

A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos *Next Generation*.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri de que a comarca da Mariña lucense era a primeira opción da multinacional papeleira para a súa futura planta de produción de fibras téxtiles de orixe forestal, alcaldes e alcaldesas da comarca reclamaban que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia prima pero non ten a industria que a complemente e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, proporá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. De feito o noso grupo parlamentario propúxolle ao Grupo Parlamentario do PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiase a posibilidade de que a dita planta de Altri se instalar na Mariña lucense e o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:02:25
Nº Rexistro: 27303
Data envio: 11/01/2022 10:02:25.224

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia na que lle solicitaba unha reunión de cara a poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, de colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca e ofrecer a mellor situación posible para que este proxecto se poida materializar, que se for así suporía arredor dos 2000 postos de traballo directos. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Convocar e constituír unha mesa de traballo entre Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e Altri de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Comarca da Mariña lucense.

2º. Que, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propoña que se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na comarca da Mariña de Lugo.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 13:56:55

Martín Seco García na data 10/01/2022 13:57:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:57:27

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:02:25
Nº Rexistro: 27303
Data envio: 11/01/2022 10:02:25.224

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/01/2022 13:57:40

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:08
Nº Rexistro: 27338
Data envio: 11/01/2022 11:58:08.130

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de se aprobaren os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

A incorporación desta emenda aos Orzamentos Xerais do Estado propón a recuperación dun fondo que xa funcionaba entre 2009 e 2011, que logo foi eliminado, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A aprobación desta emenda e incorporación da partida mencionada aos Orzamentos Xerais do Estado implica a transferencia deste fondo a través de convenios

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:08
Nº Rexistro: 27338
Data envio: 11/01/2022 11:58:08.130

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.

Unha vez rematado o trámite de aprobación dos orzamentos xerais do estado cómpre activar desde o goberno galego a fórmula que permita que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial poida dispor deste fondo para avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a xestionar co goberno do Estado, á maior brevidade posíbel, a transferencia da parte correspondente do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en galego."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:58:08
Nº Rexistro: 27338
Data envio: 11/01/2022 11:58:08.130

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 11:51:40

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 11:51:44

Daniel Castro García na data 11/01/2022 11:51:54

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:49
Nº Rexistro: 27399
Data envio: 11/01/2022 13:58:49.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo".

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:49
Nº Rexistro: 27399
Data envio: 11/01/2022 13:58:49.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariscadores da Ria do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a súa actividade profesional e, polo tanto, soster os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa do goberno da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigar os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:49
Nº Rexistro: 27399
Data envio: 11/01/2022 13:58:49.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos europeos ben pode asumir, por parte do goberno da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento insta a Xunta a adiantar os cartos das compensacións económicas por inactividade obrigada aos mariscadores da Ría do Burgo durante o tempo que duren as obras de dragaxe e rexeneración e logo reclamarllos directamente ao Estado, xa que dispón de asistencia xurídica propia para a súa xestión, o que permite activar garantías de protección aos mariscadores e evitarlles un compromiso de endebedamento engadido innecesario."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:49
Nº Rexistro: 27399
Data envio: 11/01/2022 13:58:49.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:55:21

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:55:25

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:55:35

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 11/01/2022 16:32:02.693

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **Julio Torrado, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do SERGAS.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual. Algúns dos casos, ademais, son situacións que veñen arrastrándose dende antes da situación pandémica, na que xa se viñan evidenciando os problemas de xestión para cubrir os cupos de profesionais necesarios no sistema de atención primaria.

O caso de Vilalba e a súa contorna de Terra Chá é paradigmático desta situación, existindo problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que da servizo a este concello e aos de Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de 14.000 habitantes, conta con 11 cupos de profesionais facultativos de medicina de familia e comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos 8 tendo que redistribuír, entre eles, os outros 3 cupos de pacientes o que sitúa a súa ratio real en máis de 1700 pacientes por profesional. Isto provoca un aumento de carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentración de asistencias no mesmo espazo de tempo. A maiores desta situación non resolta os 2 cupos de profesionais de

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 11/01/2022 16:32:02.693

pediatría están sendo cubertos por profesionais de familia e comunitaria, e a atención especializada que existía anteriormente estase a perder (oftalmoloxía ou reumatoloxía).

En Xermade, concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos 3 cupos existentes hai non moito tempo agora a asistencia sanitaria de atención primaria está cuberta por un profesional, variable e que non está fixado ao centro de saúde.

O PAC que atende aos concellos citados sufre tamén as dificultades dunha xestión incompleta que dende o área sanitaria non consegue dar a cobertura de persoal que o centro necesita. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case 25.000 persoas (en torno a 1.800 en idade pediátrica)

A fixación de poboación en contornos máis rurais precisa duns servizos públicos que garantan calidade, e de maneira especial no caso do servizo sanitario, polo que é necesario desenvolver políticas de discriminación positiva cara o rural que garantan os seus servizos e a atención ás necesidades fundamentais da poboación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar dos medios humanos e materiais necesarios e suficientes ao centro de saúde de Vilalba, e ao PAC que atende aos concellos da contorna, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada e recupere os servizos que foron suprimidos ou mermados nos últimos tempos."

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 11/01/2022 16:32:02.693

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 13:41:17

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 13:41:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2022 13:41:45

Marina Ortega Otero na data 11/01/2022 13:41:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/01/2022 13:42:05

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27418
Data envio: 11/01/2022 17:25:57.468

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de **lei** para o seu debate na **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Logo dun procedemento fallido de licitación en libre concorrencia do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda de titularidade de Meisa (Manzaneda Estación de Esquí S.A), a Xunta de Galicia conxuntamente coa Deputación Provincial de Ourense, en canto que máximos accionistas, decidiron colocar ao fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo SL.

Unha empresa constituída 10 meses antes e, a priori, sen ningunha experiencia na xestión deste tipo de instalacións.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Enxeñería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 euros que se establecían nas plicas.

Segundo a Xunta de Galicia, así o manifestou a Sra. Nava Castro, directora xeral de Turismo na súa comparecencia diante da Comisión 3.ª deste Parlamento, a adxudicación a Artabria Turismo SL era unha solución transitoria e temporal.

Así mesmo, tras 40 anos de presencia, o Consello de Administración de Meisa adoptou, entre outras medidas, a expulsión do mesmo dos dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña: A Pobra de Trives e Manzaneda. Expulsando aos alcaldes destes dous concellos, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione e que xere actividade e riqueza, se está evitando que os maiores interesados teñan tan sequera voz para defender os intereses da comarca, conculcando os principios de transparencia que a Xunta de Galicia e a propia Deputación de Ourense deberían impulsar como regra fundamental de funcionamento da propia Meisa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten reclamado neste Parlamento que se lle faga entrega do Contrato de Adxudicación da estación de Montaña de Manzaneda asinado coa empresa Artabria Turismo, amén doutra documentación, sen que a día de hoxe se teña remitido absolutamente nada.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Así mesmo, nestes últimos anos, dende o PSdeG-PSOE , tanto na Deputación de Ourense coma no Parlamento de Galicia, lévanse rexistrado varias peticións solicitando diversa información sobre a xestión de Meisa e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda.

Entre outras respostas, neste caso dada por parte do Sr. presidente da Deputación de Ourense aos deputados provinciais socialistas, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se lle indica o PSdeG - PSOE que o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa.

Con data 25 de setembro de 2020, o Grupo Socialista na Deputación, dirixiu un escrito ao Consello de Administración de Meisa coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado dito escrito ao correo oficial desta Deputación da secretaria de dito Consello de Administración.

Logo de 15 meses e de despois de que se celebrase algunha xuntanza do Consello de Administración de Meisa, o expediente segue sen ser remitido os representantes socialistas, xa sexa na Deputación ou neste Parlamento.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Utilizar a súa maioría accionarial para a incorporar como membros do Consello de Administración de Meisa ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, para garantir a representatividade dos territorios nos que se asenta a estación de montaña de Manzaneda e a transparencia na súa xestión.

2. Dirixirse á Deputación Provincial de Ourense a que cese da actual xestión obscurantista da estación de montaña de Manzaneda e comecen a aplicar un modelo público, transparente e coa esixencia de que, quen estea á fronte, conte con experiencia e solvencia acreditada.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27418
Data envio: 11/01/2022 17:25:57.468

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

3. Que remita á Cámara galega, no prazo de cinco días, o contrato en virtude do cal se adxudica a xestión da Estación de Montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo SL.

4. Dirixirse a Diputación de Ourense a resolver a situación de provisionalidade contractual e licitar no prazo máximo de 6 meses o contrato de xestión da Estación de Esquí de Manzaneda, dacordo cos principios de publicidade, transparencia e libre concorrencia.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/01/2022 17:22:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2022 17:22:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/01/2022 17:22:25

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27423
Data envio: 11/01/2022 17:29:56.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carme González Iglesias** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior numero de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27423
Data envio: 11/01/2022 17:29:56.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27423
Data envio: 11/01/2022 17:29:56.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario", e fai referencia no seu texto a que "*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*", causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivos destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoas con discapacidade.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas "*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*".

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27423
Data envio: 11/01/2022 17:29:56.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que a Consellaría de Emprego e Igualdade leve a cabo o control, avaliación e seguimento das axudas outorgadas a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, tal e como regula a Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE)."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:17:08

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:17:18

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:17:30

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:37
Nº Rexistro: 27572
Data envio: 12/01/2022 12:41:37.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contra-pendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:37
Nº Rexistro: 27572
Data envio: 12/01/2022 12:41:37.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo recoñece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:37
Nº Rexistro: 27572
Data envio: 12/01/2022 12:41:37.929

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: "Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020". (...) "En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento".

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:37
Nº Rexistro: 27572
Data envio: 12/01/2022 12:41:37.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Dotar dunha partida orzamentaria específica para comezar a realizar nesta mesma anualidade un investimento de 1.325.000 € destinados á urxente mellora e actualización da EDAR de Noia, tal e como indica o Plan Director de Saneamento dese Concello.

2. Establecer un convenio de colaboración entre Augas de Galiza e Concello de Noia para a xestión do mantemento da rede de saneamento de Noia, impedindo que o

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:37
Nº Rexistro: 27572
Data envio: 12/01/2022 12:41:37.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abandono da infraestrutura volva a provocar os importantes problemas que ten causado dende o 2016.

3. Establecer conxuntamente co Concello de Noia un calendario de investimentos para a posta en marcha do resto de accións pertinentes para a mellora da rede de saneamento de Noia, tal e como indica o Plan Director de Saneamento de Noia."

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:34:26

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:34:37

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:22
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 12/01/2022 13:38:22.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Pérez López**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ao convenio colectivo de XEAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroaliaxes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:22
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 12/01/2022 13:38:22.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao "adelgazar" cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificado a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio. Despois das tres reunións mantidas no marco da mediación solicitada polo comité no Consello Galego de Relacións Laborais para desbloquear as negociacións, a empresa rachou as mesmas de xeito unilateral, coa vontade meridiana que o convenio propio perda vixencia e decaia, para así aplicar o sectorial, de condicións inferiores.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, é incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á situación de conflitividade laboral

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:22
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 12/01/2022 13:38:22.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que existe a día de hoxe, que ameaza o mantemento do emprego e condicións laborais nas fábricas de Cee e Dumbría.

Atendendo a isto, é difícilmente xustificábel manter unha posición equidistante por parte do goberno galego, máxime cando estamos a falar dunha empresa que se beneficia de axudas públicas e que pode estar incumprindo, atendendo aos pronunciamentos xudiciais, as condicións dunha concesión pública sobre a que a Xunta ten competencia. E sobre todo, cando ese comportamento empresarial pon en perigo o mantemento de máis de 250 postos de traballo.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Ante isto, so cabe que o goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación. Sendo moi necesaria a mediación política do goberno galego para atopar unha saída á tensa situación sociolaboral que se vive na comarca, facendo valer as prerrogativas que lle confire o feito de tratarse dun complexo industrial anoado, de xeito indisolúbel, á concesión da explotación de centrais hidroeléctricas que constitúen un recursos público.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Mediar na situación de conflitividade sociolaboral xerada no marco da negociación do convenio propio de XEAL e pola perda continua de postos de traballo e

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:22
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 12/01/2022 13:38:22.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

redución da actividade produtiva, co obxectivo de manter o emprego e salvagardar os dereitos laborais adquiridos polos traballadores.

- Exercer as funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, para esixir o mantemento do emprego, recuperar a actividade dos fornos ou, se procede, reverter os dereitos de explotación."

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2022 13:31:39

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 13:31:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2022 13:31:58

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:38:22
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 12/01/2022 13:38:22.742

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 13:32:08

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:50:16
Nº Rexistro: 27620
Data envio: 12/01/2022 13:50:16.054

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Exposición de motivos

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos alude á importancia do control cidadán sobre a actividade gobernamental nunha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

No mesmo sentido, establece que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

A dita lei establece no artigo 2 os principios reitores que se sinalan:

“a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:50:16
Nº Rexistro: 27620
Data envio: 12/01/2022 13:50:16.054

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.

e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.”

Xa que logo, reforzar a transparencia do noso sistema político, ademais dun mandato legal, é unha das funcións mais salientable que debe cumprir o conxunto dos poderes públicos de Galicia, dando resposta á crecente demanda cidadán existente neste sentido.

É neste contexto no que se propugna esta iniciativa , que ten por obxecto que instar a Xunta de Galicia a creación da Oficina de Control Orzamentario, dotada da necesaria independencia respecto do poder executivo da Xunta de Galicia e co fin de garantir o necesario asesoramento parlamentario nas cuestións que fan referencia á execución orzamentaria, así como para afondar nas análises económico–financeiras nos traballos a desenvolver pola Cámara lexislativa galega.

Daríase resposta deste xeito á necesidade de articular no Parlamento de Galicia un mecanismo eficaz de asesoramento técnico que vén sendo demandado desde os diversos grupos parlamentarios, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e independencia, e co obxecto de facilitar igualmente a información dispoñible para o conxunto da cidadanía galega.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:50:16
Nº Rexistro: 27620
Data envio: 12/01/2022 13:50:16.054

Así, a Xunta de Galicia deberá en todo momento, vía informática, e por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados, informar ao Parlamento de Galicia da súa execución orzamentaria.

Entre as funcións asignadas a esta Oficina de control orzamentario estarían as de:

a) Asesorar tecnicamente aos grupos parlamentarios en materia orzamentaria.

b) Servir de apoio aos órganos da Cámara, aos grupos parlamentarios e a os deputados e deputadas no control continuado na fase de execución dos Orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico dependente dela.

c) Informar aos grupos parlamentarios e aos deputados e deputadas, especialmente aos membros da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, da documentación relativa á aprobación, execución e liquidación do orzamento.

d) Elaborar informes, comunicacións o resumes sobre a documentación á que se refire o apartado anterior, así como sobre a documentación de carácter económico e orzamentario recibida na Cámara, tanto por iniciativa propia da Oficina de Control Orzamentario, como por solicitude dos grupos parlamentarios ou da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.

e) Facilitar aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a documentación suficiente que afecte a cada comparecencia con carácter previo.

f) Asesorar á Ponencia da Comisión correspondente na tramitación do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

g) A información, asesoramento e apoio sobre calquera outra actividade parlamentaria de seguimento e control continuado do orzamento.

Ademais a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar canta información considere e solicitar, no seu caso, as oportunas explicacións. Ao fronte deste departamento podería ser nomeado un director ou unha directora, entre persoas independentes e con experiencia nas disciplinas económicas e orzamentaria.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:50:16
Nº Rexistro: 27620
Data envio: 12/01/2022 13:50:16.054

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A creación desta Oficina de Control Orzamentario igualmente afondaría nos aspectos da información periódica de carácter orzamentario e financeiro que debe ser facilitada pola Xunta de Galicia, no tocante ao grado de execución das diversas partidas que conforman o gasto público, á vez que completa a información non soamente aos orzamentos limitativos da Administración xeral autonómica e dos seus entes autónomos, senón para o conxunto do sector público galego, obtendo unha información máis ampla e integral.

Mais cando o conxunto de sociedades, entes de dereito público e fundacións do sector público, moven unhas dotacións de centos de millóns de euros, e dos que actualmente non se recibe información periódica no transcurso do correspondente exercicio económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a creación dunha Oficina de Control Orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, gozando dentro da Cámara galega de autonomía administrativa e con plena capacidade para desenvolver as súas funcións, con independencia e obxectividade.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 09:20:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 09:20:12

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2022 09:20:22

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:21
Nº Rexistro: 27625
Data envio: 12/01/2022 13:51:21.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Exposición de motivos

Galicia viña experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada. A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte: En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.

En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) Cantos proxectos adicionais en Galicia están en marcha? Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros? Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:21
Nº Rexistro: 27625
Data envio: 12/01/2022 13:51:21.945

En setembro do 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos case 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos. Un aforro, que motivado pola crise da Covid-19.

A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo de tres meses un programa integral de impulso ao investimento en Galicia, que atenda tanto á captación de investimento externo como ao procedente do aforro dos galegos e das galegas.

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:21
Nº Rexistro: 27625
Data envio: 12/01/2022 13:51:21.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 13:45:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:45:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2022 13:45:38

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:05
Nº Rexistro: 27652
Data envio: 13/01/2022 10:37:05.155

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade…), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:05
Nº Rexistro: 27652
Data envio: 13/01/2022 10:37:05.155

O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente medico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espacio e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nús e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao limite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:05
Nº Rexistro: 27652
Data envio: 13/01/2022 10:37:05.155

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a afrontar decididamente un cambio de modelo na Atención Primaria de Galicia, que teña como liñas principais estratéxicas:

- Reducir o médico-centrismo actual do sistema sanitario público de Galicia en Atención Primaria.
- Ampliar decididamente o catálogo de especialidades sanitarias ofertadas en Atención Primaria, coa valoración de incluír categorías non existentes ata o de agora e ampliando o volume de profesionais naquelas que xa existen pero se sitúan en ratios por debaixo da media estatal.
- Establecer programas de vinculación da saúde mental coa atención primaria por áreas sanitarias, para fortalecer o impacto da capacidade asistencial deste servizo.
- Comprometerse a convocar o máximo de prazas de formación especializada que sexan habilitadas polo goberno de España vinculadas á atención primaria durante os vindeiros 5 anos.
- Ampliar as ofertas de contratación eventual ata o máximo temporal de cobertura posible das prazas ofertadas, evitando a concatenación innecesaria de contratos eventuais repetidos para as mesmas prazas e funcións.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:05
Nº Rexistro: 27652
Data envio: 13/01/2022 10:37:05.155

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:33:17

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:33:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 10:33:33

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:05
Nº Rexistro: 27677
Data envio: 13/01/2022 11:18:05.201

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

O resultado do acordo sobre as posibilidades de capturas para a frota comunitaria en 2022 foi para Galicia escaso e limitado a meras rebaixas nos recortes propostos ou estabilidade das cotas en especies complementarias ou accesorias. Un resultado cifrado en perdas para a economía galega de máis de 16 M€. Ao impacto destes recortes nas cotas do Cantábrico Noroeste (CNW) e augas de Francia engádese o sufrido pola diminución en anos anteriores, cifrada en 26 M€.

As estimacións feitas por Galicia mostran que asume o 63% do impacto, cunha caída dos seus ingresos de arredor de 7 M€ e a posta en risco de 60 empregos. A incidencia nos salarios das tripulacións acada os 2,4 M€ (uns 280 €/ano/traballador) e un impacto indirecto nos bens e servizos provistos aos barcos de 2,8 M€. Compre por iso lamentar que Bruxelas dese prioridade novamente aos aspectos biolóxicos e non atendese axeitadamente os económicos e sociais pese a o bo estado dos caladoiros.

Se ben é certo que no CNW se deron certos avances tras facer valer os informes socioeconómicos elaborados por Galicia, estes son insuficientes, pois no caso da pescada Sur (especie de gran importancia para a frota galega), só se suavizou a proposta de recorte das posibilidades de pesca en augas ibéricas, reducíndose do 18% inicial ao 8%, e que supón o terceiro ano de diminución consecutiva.

O 22 de xullo celebrouse a Conferencia Sectorial de Pesca na que se aprobaron os criterios de reparto do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura 2021-2027 (FEMPA) entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

O FEMPA volve a incorporar as axudas á paralización definitiva da frota, un instrumento esencial que axuda a eliminar a sobrecapacidade estrutural, a través do incentivo a quen abandona a actividade, o que suporá a mellora futura dos restantes operadores que se manteñen en actividade, ao mellorar os *stocks* e a rendibilidade.

Galicia trasladara ao Goberno central varias propostas para optimizar o uso do FEMPA e apoiar de xeito homoxéneo a todas as frotas nacionais, como a da posibilidade de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:05
Nº Rexistro: 27677
Data envio: 13/01/2022 11:18:05.201

grupo parlamentario popular de galicia

establecer paradas temporais en todas as comunidades, estendéndoas ás que poderían desenvolverse en augas do CNW, fronte á proposta inicial que limitaba a súa aprobación a augas do Mediterráneo e do Golfo de Cádiz.

Pola súa banda, o acordo para o Mediterráneo fixou unha redución do 6% dos días de pesca dispoñibles para a frota de arrastre do Mediterráneo para o 2022, polo que o Goberno anunciou que haberá máis axudas a modo de compensación ante este mal resultado. Unhas axudas, financiadas co FEMP, que se asimilarán ás paradas temporais e permitirán compensar a armadores e tripulantes polos días que se vexan obrigados a reducir o esforzo pesqueiro para cumprir cos requisitos, incrementados, de Bruxelas e ás que España opúxose votando en contra.

Galicia lamenta que o Goberno Central só rexeitase as medidas propostas para o Mediterráneo e apoiase un acordo xeral que recoñece as tendencias negativas das posibilidades de capturas de varias especies do caladoiro do CNW e, en concreto, da pescada, o que xera agravios comparativos entre as frotas nacionais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, a articulación dunha liña de axudas para a frota da pescada Sur no senso da anunciada para compensar as perdas económicas da frota de arrastre do Mediterráneo”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:05
Nº Rexistro: 27677
Data envio: 13/01/2022 11:18:05.201

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:25:45

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:26:08

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:26:25

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:26:40

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:26:52

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:27:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:27:22

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:27:35

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:33
Nº Rexistro: 27679
Data envio: 13/01/2022 11:18:33.764

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Por xunto, a Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Gran Sol (ANASOL), a Organización de Produtores de Pesca do Porto e Ría de Marín (OPROMA OPP08), a Organización Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Uxía OPP, a Confraría de Pescadores de Muros, a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP13), o Porto de Celeiro, SA (OPP77), a Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo (OPP07), e Arrastre de Asturias, a Organización de Produtores de Pesca de Altura de Cantabria (OPECA), a Organización de Produtores de Pesca de Altura de Ondárroa (OPPAO), representan ao 70% da flota de Arrastre de Fondo do Cantábrico Noroeste (CNW).

En outubro de 2021 asinaron unha carta que foi enviada á Secretaria Xeral de Pesca, Dª Alicia Villauriz Iglesias, na que lle mostraban a súa fonda preocupación ante a grave crise que está atravesando este segmento do sector de arrastre, motivada principalmente pola sobrecapacidade estrutural da flota existente aínda; a mala situación de algúns dos stocks principais, a falta de rendibilidade, os incrementos dos costes do combustible, e a falta de relevo xeracional e tripulantes; especialmente titulados.

Por tales cuestións, solicitaban que se elaborase un Plan de Reestruturación para o segmento da flota de arrastre do CNW, voluntario, con desenvolvemento da normativa nacional e con orzamento apropiado de axudas á paralización definitiva, en base ás axudas do FEMPA. Unha medida que axudaría a dimensionar a flota, a incrementar a rendibilidade e a competitividade da flota, á sustentabilidade e a recuperar os principais stocks do caladoiro ao rendemento máximo sostible. Un todo que se traduciría na mellora das condicións sociolaborais dos tripulantes e que contribuiría a ter un sector máis resiliente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:33
Nº Rexistro: 27679
Data envio: 13/01/2022 11:18:33.764

grupo parlamentario popular de galicia

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar, en colaboración có sector, unha análise da situación sociolaboral e económica da frota de arrastre de litoral que permita determinar de forma específica as necesidades de actuación neste ámbito da frota".

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:31:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:18:33
Nº Rexistro: 27679
Data envio: 13/01/2022 11:18:33.764

grupo parlamentario popular de galicia

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:31:42

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:32:00

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:32:15

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:32:25

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:32:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:32:50

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:33:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:00
Nº Rexistro: 27681
Data envio: 13/01/2022 11:19:00.967

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Recentemente os eurodiputados do Grupo do Partido Popular Europeo, Gabriel Mato e Francisco Millán Mon, remitiron unha misiva ao comisario europeo de Medio Ambiente, Virginijus Sinkevičius, no que lle trasladaban a preocupación do sector do arrastre de fondo, pola persecución á que se senten sometidos pola Comisión Europea, ao ser considerada "*a actividade máis prexudicial para o fondo do mar*".

As recentes declaracións da Comisión, con motivo da Conferencia sobre o futuro dos mares e da reunión coas ONG que reclaman á UE a eliminación progresiva das prácticas pesqueiras destrutivas, foron percibidas polo sector como unha confirmación da súa intención, expresada xa indirectamente na proposta de *Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030*: prohibir o arrastre de fondo.

Javier Garat, presidente da Europêche, tamén lle enviou unha carta na que solicitaba debater os obxectivos fixados no Ocean Action Plan para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños, tras a súa participación na elaboración da folla de ruta e na consulta pública, na que deixou constancia dos avances realizados pola frota pesqueira, especialmente o sector de arrastre.

O arrastre de fondo é unha das artes de pesca máis comúns e reguladas en Europa. É a única forma viable de capturar moitas das especies clave que se consumen na rexión, alimentos saudables de alta calidade, capturados case todas co rendemento máximo sostible e estando moitas delas certificadas polo *Marine Stewardship Council*.

As flotas afectadas xa sufriron perdas de ingresos, debido ao aumento dos custos, ao impacto da Covid-19 e aos elevados prezos dos combustibles. Asemade, a drástica redución do seu esforzo pesqueiro xa tivo duras repercusións sociais, sendo a súa posible prohibición catastrófica para comunidades costeiras enteiras. Cómpre recordar que este sector representa o 35% da capacidade de pesca europea total e o 38% dos ingresos xerados pola flota europea; datos significativos que non poden ser descoidados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:00
Nº Rexistro: 27681
Data envio: 13/01/2022 11:19:00.967

grupo parlamentario popular de galicia

Con todo, a actividade pesqueira é relativamente pequena no que se refire ao conxunto da economía como para ser considerada a orixe da destrución dos ecosistemas mariños, feito que deriva da falta de consideración doutras fontes de presión e degradación.

Unha situación ante a que Galicia considera que o sector precisa políticas pesqueiras que funcionen e lles proporcionen certeza, á vez que garantan a sustentabilidade dos ecosistemas mariños por igual. Prohibir unha arte de pesca baseada en emocións e na falta de xustificación científica non sería xusto nin equilibrado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que rexeite publicamente os ataques que o sector do arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.

2. Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.

3. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:00
Nº Rexistro: 27681
Data envio: 13/01/2022 11:19:00.967

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:36:30

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:37:48

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:38:00

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:38:17

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:38:27

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:38:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:38:54

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:39:12

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:28
Nº Rexistro: 27683
Data envio: 13/01/2022 11:19:28.405

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

En pasadas semanas asistimos á adopción de medidas de xestión que xeraron malestar e tamén incredulidade entre a frota pola súa incongruencia e falla de coordinación. Referímonos aos peches e reaperturas das pesquerías do bonito e do ollomol, cuxos datos de captura son transmitidos de forma electrónica e que xeran unha contabilización case automática, polo que os niveis de consumo das cotas se poden coñecer practicamente en tempo real.

O pasado 5 de novembro estableceuse o peche da pesqueira de ollomol para os buques de pavillón español con motivo do suposto sgotamento da cota asignada. O 28 de decembro a Secretaría General de Pesca publica unha resolución coa reapertura desta pesqueira, xa que afirma que tras a revisión dos datos dispoñibles obsérvase que existe un remanente de cota dispoñible deste stock. O sector non entende como se pode pechar unha especie de alto valor comercial e non reabrila para a súa pesca antes das datas de Nadal, cando acada prezos importantes, e mesmo deixar tres días para rematar unha cota que non vai ser poder desembarcada ata períodos de baixos prezos.

Se analizamos o acontecido coa pesquería do bonito, o 16 de agosto de 2021 a Secretaría General de Pesca comunica o peche desta pesqueira en augas do Océano Atlántico para os buques con pavillón español como consecuencia da previsión do esgotamento da cota española, segundo os datos de consumo das cotas, en función do consumo medio diario.

O 12 de novembro a Secretaría General de Pesca publica unha resolución coa reapertura desta pesqueira, xa que afirma que tras a revisión dos datos dispoñibles obsérvase que existe un remanente de cota dispoñible deste stock.

Tres meses pasaron entre o peche e a reapertura da pesquería do bonito, porque dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobaron que a frota

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:28
Nº Rexistro: 27683
Data envio: 13/01/2022 11:19:28.405

grupo parlamentario popular de galicia

española aínda podería capturar outros 213.715 kilos. O sector pesqueiro non acerta a comprender porque o Ministerio volve demorarse tanto, sobre todo tras forzalos a deixar o bonito cando máis abundaba e cando o mercado o demandaba.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adecúe e afine os modelos de xestión das cotas para evitar que existan paralizacións provisionais de especies fundamentais cando non sexan rendibles economicamente segundo os datos de consumo e que prexudican gravemente a frota galega”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:28
Nº Rexistro: 27683
Data envio: 13/01/2022 11:19:28.405

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:42:15

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:42:37

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:42:48

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:43:06

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:43:17

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:43:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:43:39

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:43:52

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:55
Nº Rexistro: 27685
Data envio: 13/01/2022 11:19:55.326

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

O 28 de decembro de 2021 os medios de comunicación recollían a noticia da xuntanza que mantivo o novo secretario xeral dos Socialistas de Galicia, Valentín González Formoso, con representantes da Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo (ARVI) .

Nesta xuntanza, González Formoso estivo acompañado por outros responsables socialistas como o eurodeputado Nicolás González, as deputadas autonómicas Patricia Otero e Leticia Gallego, así como a que fora Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa.

Segundo recollen os medios de comunicación, o secretario xeral dos Socialistas de Galicia apelou aos representantes galegos nas institucións comunitarias a crear unha fronte común para defender os intereses comúns de Galicia diante da UE e, así defender unha aposta común do sector pesqueiro galego que permita compatibilizar a sostibilidade ambiental coa económica e social da que dependen milleiros de familias en Galicia.

Ante este cambio de postura dos Socialistas de Galicia con referencia a demandar e defender, de maneira conxunta, nas institución comunitarias ao sector pesqueiro galego, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. A realización, diante da UE e da OMC, dunha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:55
Nº Rexistro: 27685
Data envio: 13/01/2022 11:19:55.326

grupo parlamentario popular de galicia

2. A reorientación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) cara ás necesidades de mellora e avance cara ao futuro do sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria, con especial incidencia na busca dunha axeitada remuda xeracional e na mellora da competitividade da estrutura produtiva e da protección do medio mariño mediante medidas de cogobernanza co sector.

3. A formulación dunha petición á Comisión Europea para a revisión das medidas de protección do marraxo dientuso de forma que non leven ao quebranto económico da frota e que teña en conta todas as medidas de xestión sostible que as diferentes ORP e a UE teñen adoptado en favor desta especie.

4. A dirixirse ao Parlamento Europeo e á DG Mare para amosar o seu rexeitamento á Resolución sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable (RMS), en particular zonas de recuperación de poboacións de peixes e zonas mariñas protexidas, de tal xeito que se reconsidere o seu contido, en favor do xusto equilibro entre a sustentabilidade ambiental e as dimensións económica e sociolaboral da actividade pesqueira.

5. A trasladar durante as negociacións nos trílogos do Regulamento de Control da Pesca (CE) 1224/2009, o rexeitamento ás medidas contempladas, especialmente as referentes á pesca costeira artesanal e, de forma específica, as referidas á obrigatoriedade de instalación de cámaras a bordo a obrigación de instalar o Diario Electrónico de Pesca na frota artesanal e a imposición da xeolocalización en barcos de máis de 4 metros de eslora".

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:55
Nº Rexistro: 27685
Data envio: 13/01/2022 11:19:55.326

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 10:47:21

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:47:39

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:47:50

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:48:03

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:48:13

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:48:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:48:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:19:55
Nº Rexistro: 27685
Data envio: 13/01/2022 11:19:55.326

grupo parlamentario popular de galicia

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:48:51

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:26
Nº Rexistro: 27697
Data envio: 13/01/2022 11:35:26.842

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O 24 de maio de 1999, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba a autoestrada do Val Miñor (AG-57), a primeira vía de alta capacidade propiedade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia concedeu a explotación das súas autoestradas á empresa Autoestradas de Galicia, pertencente ao mesmo grupo do que forma parte Audasa, concesionaria da explotación da autoestrada do Atlántico. Esta concesión da AG-57 rematará en febreiro de 2045.

O Executivo autonómico comeza este ano 2022 coa subida de tarifas da AG-57 en 5 céntimos, feito que volve a indignar a poboación do Val Miñor. Circular desde Vigo a Vincios sae en 0,40, a Gondomar 0,90, a Nigrán 1,15 e ata Baiona 1,70 céntimos.

As viaxes entre os tres concellos miñoranos tamén son máis caros. Desde Vincios custa 0,55 ir a Gondomar; 0,85 a Nigrán; 0,70 ata A Ramallosa e 1,40 ata Baiona. O traxecto entre A Ramallosa e Baiona ascende a 0,70 céntimos; o que une Nigrán con Baiona págase a 1,15 euros e o que se sitúa exclusivamente por Nigrán, entre Porto do Molle e Ramallosa, chega ós 0,35 céntimos.

A Xunta de Galicia, lonxe de liberar esta autoestrada o que fai dende o 1 de xaneiro deste ano é volver a subir a tarifa da AG-57 en 5 céntimos, por iso o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que rebaixe as peaxes da autovía AG-57 que une Vigo cos tres concellos do Val Miñor, mentres o Goberno autonómico non liberalice a peaxe desta autoestrada.

Os concellos do Val Miñor veñen reclamando desde hai anos liberar a peaxe desta autoestrada, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás avantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:26
Nº Rexistro: 27697
Data envio: 13/01/2022 11:35:26.842

desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.

Tal medida contribuiría a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da Comunidade Autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) .

A propia Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *"nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou* ***anular*** *o pagamento directo pola persoa usuaria".*

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias. Igual que acontece coa aprobación do desconto do 100 % na viaxe de ida e volta ás familias numerosas, que se fixo efectivo a mediados de agosto do ano pasado. A maioría das persoas usuarias desta autoestrada non compren estes requisitos.

Os tres alcaldes do Val Miñor, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, volvemos reclamar ó Goberno autonómico deixar libre de peaxes a AG-57 para convertelo na auténtica circunvalación dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona. Esta é unha vella reclamación da veciñanza e representantes políticos do Val Miñor. O Executivo autonómico é o propietario da Autoestrada do Val Miñor e os tres alcaldes coinciden en eliminar a peaxe da autoestrada AG-57.

A Autoestrada AG-57 é a vía que une de xeito máis rápido e directo o Val Miñor con servizos básicos como o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares. Ir ao médico ou estudar non pode significar para a veciñanza do Val Miñor un plus de desembolso con respecto a outras áreas.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:35:26
Nº Rexistro: 27697
Data envio: 13/01/2022 11:35:26.842

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, de xeito inmediato, a rebaixa das peaxes, mantendo ó menos a tarifa do ano 2021, para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57).
2. Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2022 10:53:22

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 10:53:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 10:53:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 10:53:49

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:42
Nº Rexistro: 27702
Data envio: 13/01/2022 11:36:42.889

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presencia desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presencia mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras , tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos.

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presencia de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presencia no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:42
Nº Rexistro: 27702
Data envio: 13/01/2022 11:36:42.889

dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.

O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado.

Si ben , antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA), o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Traballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual :

"por outra banda y en relación ca silicose, as partes asinantes do presente convenio , se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:42
Nº Rexistro: 27702
Data envio: 13/01/2022 11:36:42.889

galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa"

O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Creación de dúas unidades de referencia, establecidas dentro da rede do Sergas, unha en Ourense e outra en Pontevedra, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e a pedra.

2. Que poña en marcha un programa integral de silicose de Galicia que conte coa participación das consellerías con competencias na materia, emprego, sanidade e industria, con liñas concretas de actuación en formación, protocolos de actuación, seguimento e control da actividade e investigación, e no que se establezan como principios orientadores do programa a participación consensuada e activa de tódolos actores implicados, sindicatos, patronal, ISGA, servizos de prevención e mutuas, INSS, TGSS, sociedades científicas.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:42
Nº Rexistro: 27702
Data envio: 13/01/2022 11:36:42.889

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 11:27:05

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 11:27:13

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 11:27:20

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 11:27:29

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:26
Nº Rexistro: 27716
Data envio: 13/01/2022 12:00:26.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do anuncio do pasado 3 de xaneiro realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade onde a bombo e prato se anunciaba un reforzo das conexións por autobuses entre a Coruña e Ferrol, activando –segundo o comunicado da propia consellería-, 55 novos servizo directos máis á semana, o resultado é que co comezo do ano e unha vez en funcionamento o devandito reforzo, o caos foi total.

E así é que os usuarios viron suprimidos servizos por autoestrada en horas punta, tal como o das 15:30h Coruña E.A-Ferrol, así como non atender a demanda de recuperar o servizo directo de Ferrol-Coruña pasando por o CHUAC e demais centros sanitarios da Coruña, para facilitar a entrada de traballador@s, e a asistencia de doentes da comarca de Ferrolterra ás citas de especialidades das primeiras horas ao igual que no caso do servizo de oncoloxía. Servizo que foi demandado desde o primeiro momento en que se suprimiu.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:26
Nº Rexistro: 27716
Data envio: 13/01/2022 12:00:26.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito suprimíronse frecuencias nas liñas de autobús que conectan a comarca das Mariñas. Estas supresións de frecuencias véñense sumar ás deficiencias que xa sufría este servizo nas Mariñas e que se agravou desde a adxudicación dos novos contratos de transporte o pasado ano, como xa denunciamos no seu momento.

Co comezo de ano suprimíronse frecuencias na liña A Coruña – Ferrol, que afectan á veciñanza de Betanzos ou Miño, onde eliminaron o bus que saía de Ferrol ás 15:09h deixando só unha frecuencia pola tarde ás 19:30 h. Esta redución de frecuencias foi acompañada ademais a primeiros de ano por unha suba do prezo, nun servizo que funciona como vimos denunciando no último ano dunha forma totalmente deficiente.

A todo isto temos que engadir, de novo, as múltiples queixas sobre a deficiente información que desde a Xunta se facilita. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, recolle unha información de horarios e frecuencias non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos nos que hai información dalgún tipo e todo isto provoca confusión nas persoas usuarias do servizo.

Todas estas deficiencias víronse empeoradas de novo coa redución de servizos neste principio de ano, e coa redución tamén de servizos ferroviarios derivando nunha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo que ademais usan maioritariamente colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade e estudantado dos diferentes niveis do ensino non obrigatorio.

Estas son as razón que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:26
Nº Rexistro: 27716
Data envio: 13/01/2022 12:00:26.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento Galego insta o Goberno Galego a atender as demandas das persoas afectadas pola redución de frecuencias e horarios das liñas de autobús nas comarcas afectadas, especialmente na recuperación dos servizos ofrecidos pola anterior concesionaria, así como tamén a ofrecer a información correcta a través da páxina bus.gal e nas paradas dos buses dos horarios, frecuencias e paradas destes servizos."

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Ramón Fernández Alfonzo

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 11:45:56

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2022 11:46:00

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 11:46:35

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:00:26
Nº Rexistro: 27716
Data envio: 13/01/2022 12:00:26.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 11:46:50

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:51:21
Nº Rexistro: 27742
Data envio: 13/01/2022 12:51:21.686

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira** e **Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

Despois de moitos meses de anuncios nos medios de comunicación, o 26 de outubro o Consello de Ministros do Goberno de España tomou en consideración o Anteproxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, iniciándose polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a tramitación do texto.

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación que o anteproxecto da futura Lei de Vivenda se iniciase sen consenso nin consulta previa coas distintas comunidades autónomas, e concretamente con Galicia. Todo iso, sen ter en conta que son as que teñen atribuídas constitucional e estatutariamente as competencias en materia de vivenda e as que deben xestionar as medidas propostas.

De feito, na nosa comunidade existe xa un marco normativo autonómico e un Pacto de Vivenda de Galicia (2021-2025) asinado polos representantes do pleno do Observatorio da Vivenda, órgano que tamén se ten involucrado activamente no contido das alegacións presentadas polo Goberno galego a esta norma estatal.

As alegacións formuladas, tras unha análise do anteproxecto estatal despréndese que a futura lei podería incorrer en inconstitucionalidade, por non ter en conta o marco competencial. Ademais entra a regular cuestións tan importantes como a ocupación de vivendas, na que se establecen as posibilidades de suspensión do proceso de lanzamento dos ocupantes e atribúe ás comunidades autónomas a obriga de facilitarlles unha alternativa habitacional.

Outro aspecto a rexeitar –avaliado nas alegacións formuladas por Galicia- é que a futura lei admita a ocupación ilegal de vivendas como unha forma de acceso ao parque público de vivendas, e de feito, o anteproxecto incorpora unha modificación da lei de axuizamento civil con este obxecto.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 12:51:21
Nº Rexistro: 27742
Data envio: 13/01/2022 12:51:21.686

grupo parlamentario popular de galicia

A futura norma tamén regula o concepto de vivenda baleira, que será aquela que estea desocupada de xeito continuado por un período de 2 anos, e nas que se poden establecer recargos de ata un 150% no Imposto de Bens Inmobles (IBI). Con carácter xeral, parece máis axeitado de cara a unha maior efectividade a introdución de medidas incentivadoras que aquelas como as incluídas na proposta, que buscan penalizar as vivendas baleiras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que tome en consideración a incorpore ao futuro texto legal as alegacións presentadas por Galicia sobre anteproxecto da futura Lei estatal de Vivenda"

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2022 12:40:35

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 12:40:54

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2022 12:41:05

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2022 12:41:25

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 12:41:49

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2022 12:42:03

Diego Calvo Pouso na data 13/01/2022 12:46:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2022 12:46:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:24
Nº Rexistro: 27746
Data envio: 13/01/2022 13:08:24.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Galicia atópase nun contexto complexo para os centros de atención residencial motivado unha vez máis pola pandemia. Os contaxios de residentes e persoal nas residencias continúa crecendo de xeito preocupante, especialmente en residencias coma Raiola O Hórreo, e a de Bembrive de Vigo que conta con máis do centenar de afectados, converténdose no maior foco de contaxios do último ano.

A nova variante da Covid, omicron está desafiar a velocidade de transmisión do virus, polo que é preciso adiantar os recursos a esta nova realidade.

Tendo en conta a situación actual, o colapso laboral nos centros de atención residencial debido ás baixas do persoal por contaxios ou corentenas, pode poñer en risco a atención ás persoas maiores residentes. Polo que é preciso unha actuación inmediata por parte da Administración competente.

A gravidade das casuísticas de contaxios nos centros de maiores é menor, debido ás vacinas que chegaron a Galicia a través da partida de máis de 1000 millóns de euros por exercicio presupuestario do Ministerio de Sanidade, non obstante non garante que poidan existir casos graves en persoas con patoloxías previas fundamentalmente, polo que é preciso un protocolo inmediato.

Polo tanto é urxente que o Goberno galego volva a facer públicos na páxina oficial da Xunta o número de contaxios e falecementos por Covid nos centros de atención residencial, para coñecer a realidade por parte da cidadanía así como do propio sector. É importante coñecer se existen casos graves ou falecementos nestes centros con diagnóstico en Covid, tanto dos residentes como do persoal laboral de ditos centros.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:24
Nº Rexistro: 27746
Data envio: 13/01/2022 13:08:24.467

É urxente ademais saber se a Xunta de Galicia suspendeu ou non as probas diagnósticas PCR de covid en decembro de 2021, principalmente para os traballadores e traballadoras que se incorporaban tras vacacións, ou novas incorporacións entre outras.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar de xeito inmediato os datos de contaxios e/ou falecementos por covid nos centros de atención residencial na páxina oficial da Xunta de Galicia.

2. Habilitar o mecanismo preciso para blindar ao persoal das residencias e que marca como mínimo a normativa e garantir que se cubran a totalidade de baixas que se prevé debido ao incremento de contaxio por covid.

3. Realizar PCR a usuarios e persoal dos centros de atención residencial cando se teña a mínima sospeita dalgún caso de covid.

4. Realizar probas PCR nos centros de atención residencial para o persoal de nova incorporación ou regreso de vacacións.

5. Realización de probas diagnósticas periódicas aos residentes e persoal dos centros de atención residencial.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:05:02

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:05:12

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:24
Nº Rexistro: 27746
Data envio: 13/01/2022 13:08:24.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/01/2022 13:05:24

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:03:06
Nº Rexistro: 27664
Data envio: 13/01/2022 11:03:06.310
Data 13/01/2022 11:02
Xacobeo 21·22

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da Conselleiro de Sanidade, para informar sobre **a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/01/2022 11:02:58

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:03:06
Nº Rexistro: 27664
Data envio: 13/01/2022 11:03:06.310

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/01/2022 11:02:58

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:06
Nº Rexistro: 27991
Data envio: 17/01/2022 13:35:06.307

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre o impacto da Covid19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar canto antes o alcance do impacto da Covid19 nas residencias de maiores así como as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explosión de casos positivos de Covid19 no conxunto da sociedade galega durante a sexta onda da pandemia (finais de 2021 – comezos de 2022) está a ter o seu impacto tamén nas residencias de maiores.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:06
Nº Rexistro: 27991
Data envio: 17/01/2022 13:35:06.307

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se algo aprendemos durante os últimos anos é que a transmisión comunitaria fóra dos centros fai que a Covid19 entre nas residencias contaxiándose tanto o persoal que traballa nelas como as persoas usuarias.

Certo é que a campaña de vacinación mudou radicalmente as consecuencias da pandemia nas residencias de maiores porén, non se pode baixar garda e as medidas de prevención e control deben reforzarse.

Neste senso, recentemente a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX) propuña intensificar as probas de detección da Covid19 entre o persoal das residencias con maior asiduidade e tamén entre as persoas usuarias co obxectivo de

Así mesmo, é imprescindíbel que o Goberno galego vixíe o reforzo dos cadros de persoal nas residencias en que se producen contaxios e que as empresas e entidades propietarias e/ou xestoras de centros residenciais cubren as baixas que se producen entre as traballadoras/es para garantir a calidade asistencial.

Nos últimos días rexistráronse gromos en varios centros residenciais galegos nos que entidades que representan a familiares de persoas usuarias, como REDE ou Vellez Digna, denunciaron diversas irregularidades e falta de transparencia por parte da administración e das empresas. Especialmente graves foron as denuncias trasladadas publicamente nas residencias DomusVI de Bembrive e A Raiola (Compostela).

Por todo o exposto con anterioridade formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:06
Nº Rexistro: 27991
Data envio: 17/01/2022 13:35:06.307

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno galego a situación da Covid19 nas residencias nesta sexta onda da pandemia?

- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galiza nas residencias de maiores fronte á sexta onda da pandemia?

- Que medidas está a adoptar o Goberno galego en materia de prevención, detección e control da covid-19 nas residencias?

- Que medidas adoptou ou vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as empresas contan co persoal suficiente naqueles centros en que se producen gromos?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:06
Nº Rexistro: 27991
Data envio: 17/01/2022 13:35:06.307

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2022 13:03:12

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 13:03:27

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 13:03:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 13:03:40

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 13:03:50

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 13:04:00

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 13:04:09

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 13:35:06
Nº Rexistro: 27991
Data envio: 17/01/2022 13:35:06.307

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 17/01/2022 13:04:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/01/2022 13:04:47

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2022 13:04:58

María del Carmen Aira Díaz na data 17/01/2022 13:05:08

Daniel Castro García na data 17/01/2022 13:05:17

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2022 13:05:27

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 13:05:36

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 13:05:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2022 13:05:54

Rosana Pérez Fernández na data 17/01/2022 13:06:05

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 13:06:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2022 13:06:22

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:52:19
Nº Rexistro: 27203
Data envio: 10/01/2022 09:52:19.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro trimestre de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 6.400 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos, afectados polas

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:52:19
Nº Rexistro: 27203
Data envio: 10/01/2022 09:52:19.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, con estes antecedentes e coa previsión, xa anunciada por Bruxellas, polo Estado e polos propios Orzamentos de 2022 da Xunta, de volta á senda do déficit, esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cal é a valoración do goberno galego do impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda segundo o Banco de España?

. Considera o goberno galego que se axusta as previsións indicadas nos últimos anos?

. Cal prevé o goberno galego que sexa o impacto da sexta vaga da pandemia na débeda galega?

. Cre que os orzamentos de 2022 contaban coa prudencia necesaria que esixía o contexto de incerteza da variante ónmicron?

. Está disposto o goberno galego a garantir información periódica detallada sobre a débeda pública galega, tal como os cadros de amortizacións, listaxe de entidades coas que está contraída a débeda, os xuros pagados en cada emisións, etc?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:52:19
Nº Rexistro: 27203
Data envio: 10/01/2022 09:52:19.167

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios que se prevén para 2023?

. Como prevé abordar un hipotético cambio de escenario das condicións financeiras?

. Que influencia ten na débeda galega un sistema de financiamento inxusto acordado polo Partido Popular e polo propio Núñez Feijóo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 09:39:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 09:39:30

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 09:39:40

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:41:44
Nº Rexistro: 27217
Data envio: 10/01/2022 10:41:44.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de decembro de 2021 a ministra de Facenda e Función Pública, María Jesús Montero, remitía a todas as Comunidades Autónomas de réxime común e ás Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla un documento para iniciar o debate sobre a reforma do financiamento autonómico achegando unha proposta de novo cálculo da poboación axustada, elemento central do sistema ao ser unha das variábeis centrais.

Días antes, o 23 de novembro de 2021, Feijóo convocaba unha reunión, o denominado Foro de Santiago, na que participaron tamén os presidentes de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Aragón, Castela-A Mancha, Estremadura e Castela e León. En dita reunión presentouse publicamente un documento xenérico con diversas propostas sen soporte numérico e unha apelación a que se teña en conta o custo real dos servizos, como a sanidade ou a educación e os factores que os encarecen como a dispersión ou o avellentamento, ter en conta a crise demográfica ou a necesidade de atinar no reparto dos fondos europeos. Cuestións todas elas nas que en abstracto existe un amplo consenso.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:41:44
Nº Rexistro: 27217
Data envio: 10/01/2022 10:41:44.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que a proposta presentada polo goberno central como para financiar máis a "España vaciada" beneficia ás autonomías que secundaron o cumio do Presidente da Xunta e, porén, prexudica a Galiza. Esta cuestión evidencia que a estratexia do goberno galego unha vez máis é errática ao rexeitar negociar de forma directa e bilateral co goberno central e nunha posición acorde coa situación de nacionalidade histórica.

En resumo, coa proposta do goberno do Estado as nosas necesidades de gasto por habitante ficarían reducidas nun -2,7% a respecto das consideradas polo sistema actual principalmente debido ao incremento de peso da poboación en idade educativa, ao criterio de reparto dos custos fixos, e ao novo cálculo da dispersión poboacional.

As Comunidades Autónomas teñen ata finais do vindeiro mes de xaneiro para enviar ao Ministerio as súas valoracións. Polo tanto, con independencia da confianza no funcionamento da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta de Galiza diante da reforma do sistema de financiamento é necesario coñecer cal é a valoración da Xunta e as novidades ao respecto.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cal é a valoración do goberno galego da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central?

. Como valora a estratexia negociadora do goberno galego e o feito de que as comunidades coas que pretendía unha alianza se vexan beneficiadas e sexa Galiza a máis prexudicada? Fai autocrítica?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 10:41:44
Nº Rexistro: 27217
Data envio: 10/01/2022 10:41:44.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Para alén dos acordos que poidan emanar da propia comisión parlamentaria, cal é a proposta de resposta na que traballa o goberno galego para remitir?

. Remitiu xa algunha proposta? En que termos?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:40:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 10:40:46

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 10:40:54

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:21:01
Nº Rexistro: 27229
Data envio: 10/01/2022 13:21:01.677

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do cuarto e último trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Desta forma o Foro apunta a unha consolidación na recuperación do cadro macroeconómico, lixeiramente superior á do ámbito estatal.

Por outra banda, o Informe sinala entre os aspectos máis relevantes o feito de que a produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española. Así mesmo, malia que o impacto da covid na actividade produtiva en Galiza no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só o noso país e a Comunidad Valenciana

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:21:01
Nº Rexistro: 27229
Data envio: 10/01/2022 13:21:01.677

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

Canto á situación no mercado laboral, o Informe abonda na tendencia xa sinalada noutros de consolidación da precariedade, especialmente nos ámbitos da mocidade e do emprego feminino. Así mesmo, incrementa a temporalidade e Galiza mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa).

Complementariamente, é necesario sinalar que a finais de decembro de 2021 o Banco de España rebaixaba a súa previsión de crecemento do PIB estatal para 2021, pasando do 6,3% ao 4,5% e para 2022, reducíndoo do 5,9% ao 5,4%. Estas cifras fican lonxe do 6,5% e 7% que proxectaba o goberno central para estes mesmos anos.

A estas cuestións hai que engadir como o remate de 2021 e o comezo de 2022 están marcados pola continuidade da crise de suba de prezos, singularmente os enerxéticos, e por unha expansión sen precedentes da pandemia da covid-19 que, aínda cun menor impacto de casos graves, acompaña un alto volume de persoas contaxiadas e confinadas, o cal tamén impacta na economía e nas súas previsións.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que actuacións correctoras de política económica vai impulsar o goberno galego para afrontar as debilidades e incertezas no cadro macroeconómico de comezos de 2022?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:21:01
Nº Rexistro: 27229
Data envio: 10/01/2022 13:21:01.677

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o goberno galego das súas previsións?

. Considera que deben ser redefinidas á luz da evolución da pandemia e do agravamento de elementos como a crise de materiais e de "cuellos" de botella nas subministracións?

. Considera o goberno galego que como xa aconteceu na crise de 2008 a caída de Galiza foi máis lenta pero tamén o será a recuperación? Que vai facer para acelerala?

. Como valora o goberno galego a precariedade e temporalidade do mercado laboral?

. Como aborda o goberno galego a terciarización da economía galega?

. Que vai facer o goberno galego para evitar que esta nova recuperación macroeconómica se acompañe do mantemento da desigualdade das mulleres?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:21:01
Nº Rexistro: 27229
Data envio: 10/01/2022 13:21:01.677

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:18:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:18:16

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:19:37

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:51
Nº Rexistro: 27247
Data envio: 10/01/2022 13:32:51.705

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:32:51
Nº Rexistro: 27247
Data envio: 10/01/2022 13:32:51.705

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia suficiente o número de traballadoras ou traballadores das residencias actualmente para as quendas de noite?

2.ª) Tendo en conta os rexistros que elaboran os centros de atención residencial en Galicia en canto ás incidencias acontecidas, en que quenda laboral suceden a maioría das mesmas?

3.ª) Teñen constancia dende a Xunta de Galicia se os centros de atención residencial compren as medidas de saída de emerxencia respecto ao tamaño das camas para persoas con dependencia? Senón é así en todos os centros, que ten pensado facer a consellería competente na materia ao respecto?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:39:32

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:39:45

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:40:02

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:41
Nº Rexistro: 27266
Data envio: 10/01/2022 13:57:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que "a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos" para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de septiembre, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:41
Nº Rexistro: 27266
Data envio: 10/01/2022 13:57:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que ainda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encirrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de "canto peor mellor", a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluidas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:41
Nº Rexistro: 27266
Data envio: 10/01/2022 13:57:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Considera a Xunta que a xestión de axudas aos danos producidas polo lobo teñen que ver coa súa condición de especie cinexética, tal como se deduce da orde do pasado 28 de decembro de 2021?

.Vai o goberno galego iniciar os trámites para a elaboración dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado co previsto na normativa e na estratexia estatal?

. Ten previsto a Xunta desenvolver como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do Plan durante os 12 anos de vixencia?

. Cando prevé a Xunta contar co novo censo do lobo, cuxos datos son especialmente relevantes para optar aos novos fondos previstos na Estratexia estatal?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:57:41
Nº Rexistro: 27266
Data envio: 10/01/2022 13:57:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta incrementar as axudas para compensación de danos producidos polo lobo e mellorar a súa tramitación?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:54:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:55:00

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27273
Data envio: 10/01/2022 17:44:20.472

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao prezo da luz a comezos de 2022 e ás medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Despois dun ano 2021 de récord do prezo da enerxía eléctrica, 2022 comezou na mesma liña. É necesario recordar que o mes de decembro pechou cun prezo medio mensual no mercado maiorista eléctrico de 239,1 euros, o más alto da historia tras superar en máis de 39 euros os 200 euros/MWh de outubro de 2021.

O día no que se reiniciaba o curso escolar, o 10 de xaneiro, o prezo medio da electricidade no mercado maiorista volvía incrementar e facíao de forma espectacular, cun aumento do 82,2% con respecto ao domingo 9 de xaneiro, volvendo superar os 200 euros por megavatio hora. Desta forma, acadaba o prezo medio de 217,26 euros/Mwh cun prezo máximo entre as 19.00 horas e as 20.00 horas, con 294,98 euros/Mwh. Con respecto a hai un ano, o prezo do ‘pool’ para este día foi un 227,8% máis caro que o 10 de enero de 2021, de tan só 66,27 euros/MWh, coincidindo ademais coa borrasca Filomena.

É necesario poñer esta situación nun contexto económico marcado pola pandemia da covid-19, a inflacción xeral dos prezos e a situación concreta dos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27273
Data envio: 10/01/2022 17:44:20.472

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxéticos, disparados polos altos prezos do gas nos mercados e nos dereitos de emisión de CO2, tamén en máximos históricos.

Así mesmo, esta situación acontece amosando as debilidades estruturais dun sistema tarifario obsoleto e sobrecargado de elementos alleos ao sistema eléctrico, sen resolver polas medidas conxunturais adoptadas polo goberno do Estado. Así mesmo, isto acontece nun contexto no que segundo os datos que vén de facer públicos Rede Eléctrica Española (REE) sobre a xeración eléctrica no primeiro semestre de 2021 Galiza exportou no primeiro semestre do pasado 2021 o 35% da electricidade producida, destinándose a outros territorios que non soportan os custos ambientais e sociais.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora o goberno galego o impacto para a economía da suba do prezo da enerxía?

-Como mide e valora o impacto nos fogares galegos?

-E nas pequenas e medianas empresas?

-Cre o goberno galego que este factor vai demorar a recuperación da crise económica da pandemia da covid-19?

-Que medidas e estudos valora ao abeiro das súas competencias?

-Que demandas traslada ao goberno central?

-Que actuacións vai impulsar o goberno da Xunta para situar Galiza nunha posición forte diante do grave incremento dos prezos da enerxía eléctrica?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27273
Data envio: 10/01/2022 17:44:20.472

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que o noso papel produtor é un vector de competitividade? Que fai para que así sexa?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 17:42:49

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 17:42:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 17:43:05

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27289
Data envio: 11/01/2022 09:20:02.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza e o insuficiente desenvolvemento do marco legal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Con este marco legal pretendíase atender un novo concepto de biblioteca pública aberta superadora do concepto tradicional, creando así un marco adecuado para garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade e articular a nova realidade bibliotecaria galega.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27289
Data envio: 11/01/2022 09:20:02.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de se cumprir 10 anos da aprobación desta lei, cómpre facer unha avaliación do desenvolvemento regulador e da súa aplicación.

Neste sentido o que primeiro chama a atención é a falta de desenvolvemento regulador. Desde a aprobación da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza segue vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Mentres tanto, o informe das bibliotecas públicas españolas que elabora o Ministerio de Cultura xunto coas comunidades autónomas ofrece datos negativos para Galiza, xa que en todos os parámetros aparece por debaixo da media estatal.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Por que o goberno do PP non desenvolveu a Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza desde a súa aprobación e publicación hai 10 anos?

. Como valora o goberno a aplicación dos estándares das bibliotecas públicas de Galiza aprobados en 2014?

. En que fase de desenvolvemento está o Mapa de lectura pública de Galiza? E o impulso aos plans municipais ou territoriais de bibliotecas?

. Como se vai dotar o servizo de bibliotecas de máis recursos para poder actualizar o Mapa de Bibliotecas e os Estándares bibliotecarios?

. Que medidas se van establecer desde o servizo de bibliotecas e desde a consellaría para facer cumprir os estándares de bibliotecas que se determinen desde a consellaría?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27289
Data envio: 11/01/2022 09:20:02.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas está a desenvolver o goberno do PP para acercar o servizo bibliotecario aos concellos máis pequenos e aos núcleos rurais disgregados?

. O Mapa de bibliotecas de Galicia concluía en 2016 que 0 68% dos concellos galegos presenta unha baixa taxa de adecuación dos espazos bibliotecarios, o que provoca que moitas bibliotecas non poidan ofrecer aos usuarios a totalidade dos servizos ou que non alcancen a calidade necesaria. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. A respecto dos puntos de acceso informático, un 59% de bibliotecas presentaban un novel de adecuación aos estándares baixo, o que permite concluír que poucas son as bibliotecas que acadan o estándar para este indicador. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. Canto ao persoal, só o 40% das bibliotecas de Galiza presentan un nivel de adecuación alto, sendo as de Pontevedra e A Coruña as que presentan as peores medias. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. Ten realizado a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a estratexia de mellora das bibliotecas públicas anunciado no Mapa de Bibliotecas Públicas de 2016?

. Cando ten previsto presentar o novo Mapa de Bibliotecas Públicas? O Mapa de 2016 indica que este deberá ser actualizado e publicado, polo menos, cada catro anos.

. Por que aínda non aprobou o goberno galego o Plan de fomento da lectura recollido na Lei 10/2007 do libro e da lectura despoios de telo anunciado en diferentes ocasións?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27289
Data envio: 11/01/2022 09:20:02.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que o goberno galego non ten acrecentado nos últimos anos o orzamento para o mellor funcionamento das bibliotecas escolares conforme corresponde a un servizo público estrutural destas características?

. Como valora a Xunta os datos do último informe elaborado polo Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas que coloca Galiza entre as últimas comunidades en investimento público na rede de bibliotecas?

. Por que aínda non se ten avanzado na creación de servizos móbiles de atención a usuarias?

. Está a traballar o goberno para incluír as bibliotecas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel da Axenda 2030 das Nacións Unidas?

. Que medidas se van establecer para que o servizo de bibliotecas e as bibliotecas centrais territoriais conten cos recursos necesarios (investimentos, persoal e mellora nas infraestruturas) para poder prestar apoio ás bibliotecas de proximidade da súa área de influencia?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27289
Data envio: 11/01/2022 09:20:02.212

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 09:19:15

Daniel Castro García na data 11/01/2022 09:19:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 09:19:36

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:25:43
Nº Rexistro: 27316
Data envio: 11/01/2022 10:25:43.818

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 8 de xaneiro de 2004 cualificábase o edificio n.º 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela como de protección autonómica (vivenda protexida de propiedade privada), cunha duración da protección de 25 anos, finalizando o período de protección autonómica en xaneiro de 2029.

En xaneiro de 2021 a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) emitiu unha orde de desafiuzamento das vivendas deste edificio, na que instaba aos inquilinos destas vivendas de protección autonómica que están en réxime de alugueiro a que as deixen libres no prazo dun ano. Prazo este que remata o vindeiro mes de febreiro.

Son varias as familias afectadas por esta decisión da Sareb. Nun principio 16 familias, algunhas das cales xa se cambiaron da vivenda ante a falla de noticias tanto da Sareb como da propia Xunta de Galicia. A día de hoxe seguen sen ter noticias e non saben se ao final terán que abandonar ou non as súas vivendas. A pesares de estar ao corrente nos pagos dos seus alugueiros e de se faceren ademais cargo dos gastos comúns do edificio, á Sareb non lles aporta solucións, nin sequera nos supostos de querer mercar as vivendas.

Non podemos pasar por alto de que se trata de familias que teñen vivendas en alugueiro de protección autonómica, e que se supón que a Xunta de Galicia debe de velar por esta vivenda protexida. Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Dende cando é coñecedor o Goberno galego da orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela?

2ª) Que actuacións levou a cabo o Goberno galego de cara a parar estes desafiuzamentos?

3ª) Que opinión lle merece o Goberno galego a forma de actuar da Sareb neste caso de vivendas de protección autonómica en réxime de aluguer?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:25:43
Nº Rexistro: 27316
Data envio: 11/01/2022 10:25:43.818

4ª) Pode dicirnos o Goberno galego se vai mediar a través do IGVS para evitar estes desafiuzamentos?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:24:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:24:35

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:26:09
Nº Rexistro: 27317
Data envio: 11/01/2022 10:26:09.459

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A principios de outubro do ano pasado coñeciamos que a industrial portuguesa Altri estaba a buscar un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción.

A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos *Next Generation*.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri de que a comarca da Mariña lucense era a primeira opción da multinacional papeleira para a súa futura planta de produción de fibras téxtiles de orixe forestal, alcaldes e alcaldesas da comarca reclamaban que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia prima pero non ten a industria que a complemente e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, proporá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. De feito o noso grupo parlamentario propúxolle ao Grupo Parlamentario do PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiase a posibilidade de que a dita planta de Altri se instalar na Mariña lucense e o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:26:09
Nº Rexistro: 27317
Data envio: 11/01/2022 10:26:09.459

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia na que lle solicitaba unha reunión de cara a poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, de colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca e ofrecer a mellor situación posible para que este proxecto se poida materializar, que se for así suporía arredor dos 2000 postos de traballo directos. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten pensado o Goberno galego convocar e constituír unha mesa de traballo entre a Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e a empresa Altri, de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense?

2ª) Vai o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propoñer, se é viable, que a fábrica de fibras téxtiles se emprace na Mariña de Lugo?

3ª) Como valora o Goberno galego que a primeira opción amosada pola empresa lusa para radicar a súa nova planta de fibras téxtiles sexa a comarca da Mariña?

4ª) Que accións ten levado ou vai levar a cabo o Goberno galego para que a posibilidade de que Altri se instale na Mariña se materialice?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 13:50:41

Martín Seco García na data 10/01/2022 13:50:54

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:26:09
Nº Rexistro: 27317
Data envio: 11/01/2022 10:26:09.459

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:51:09

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:57:52
Nº Rexistro: 27337
Data envio: 11/01/2022 11:57:52.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de se aprobaren os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

A incorporación desta emenda aos Orzamentos Xerais do Estado propón a recuperación dun fondo que xa funcionaba entre 2009 e 2011, que logo foi eliminado, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A aprobación desta emenda e incorporación da partida mencionada aos Orzamentos Xerais do Estado implica a transferencia deste fondo a través de convenios

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:57:52
Nº Rexistro: 27337
Data envio: 11/01/2022 11:57:52.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.

Unha vez rematado o trámite de aprobación dos orzamentos xerais do estado cómpre activar desde o goberno galego a fórmula que permita que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial poida dispor deste fondo para avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Mantivo a Xunta algún contacto co goberno do Estado para organizar a transferencia da partida dos Orzamentos Xerais do Estado destinadas ao fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais?

- Informou o goberno da Xunta a industria audiovisual galega da partida incluída nos Orzamentos Xerais do Estado para fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en galego?

- Como se vai efectivizar por parte do Estado o reparto da partida de 10,5 millóns de euros totais entre a industria audiovisual en galego en relación ás outras linguas cooficiais? Con que criterios?

- Que organismo competente xestionará este fondo?

- Como se vai efectivizar por parte da Xunta a distribución deste Fondo?

- Está previsto crear unha nova liña de axudas á produción en galego ou vaise sumar o importe deste fondo a algunha liña xa existente? De ser o caso da segunda

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 11:57:52
Nº Rexistro: 27337
Data envio: 11/01/2022 11:57:52.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

opción, como se vai garantir que este crédito teña independencia e non sexa un plus absorbíbel?

- Cando se vai efectivizar por parte do Estado o convenio co goberno da Xunta para a transferencia da partida correspondente?

- Como vai distribuír o goberno galego a partida correspondente entre a industria audiovisual? Cales serán os criterios?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 11:56:01

Daniel Castro García na data 11/01/2022 11:56:05

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 11:56:28

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 12:28:54
Nº Rexistro: 27368
Data envio: 11/01/2022 12:28:54.552

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No DOG do 11 de xaneiro de 2021 publicábase o extracto da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021.

As axudas tiñan como finalidade:

1. Proxectos innovadores, entendendo por tales os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.

2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos que reduzan os efectos da pesca sobre o medio ambiente, en particular mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sostible dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos depredadores protexidos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode dicirnos o Goberno galego cales foron os expedientes tramitados ao abeiro desta orde, cantos proxectos se presentaron, cantos proxectos dos presentados obtiveron axudas e que contía se lles asignou a cada un deles?

2ª) Considera o Goberno galego que se cumpriron as expectativas da dita orde?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 12:28:54
Nº Rexistro: 27368
Data envio: 11/01/2022 12:28:54.552

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:07:44

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:07:56

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:31
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 11/01/2022 13:58:31.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo".

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos mariscadores da Ria do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:31
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 11/01/2022 13:58:31.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa actividade profesional e, polo tanto, soster os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa do goberno da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigar os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:31
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 11/01/2022 13:58:31.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

europeos ben pode asumir, por parte do goberno da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que xestións leva realizado o goberno da Xunta para facer cumprir a proposición non de lei aprobada no pleno do pasado 10 de decembro de 2021?

- Mantivo o goberno galego neste tempo algunha xuntanza cos mariscadores da Ría do Burgo para avanzar unha solución ás súas demandas de compensacións económicas durante o tempo en que se ven privados de faenar?

- Mantivo o goberno algún contacto ou reunión co goberno do Estado para avanzar un marco de negociación que protexa e garanta a sobrevivencia dos traballadores da ría?

- Que marco de actuación prevé a Xunta para defender os intereses dos mariscadores da Ría do Burgo mentres duren as obras que os deixa no abandono sen traballo nin salario de ningún tipo?

- É coñecedora a Xunta de que os mariscadores non poden acollerse ao cese de actividade por telo solicitado xa durante a pandemia?

- Valora a Xunta a posibilidade de adiantar os cartos das compensacións por inactividade obrigada aos mariscadores e logo reclamarllos directamente ao Estado, xa que dispón de asistencia xurídica propia a diferenza dos traballadores da ría?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 13:58:31
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 11/01/2022 13:58:31.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:54:30

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:54:49

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:55:01

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27426
Data envio: 11/01/2022 17:30:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior numero de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27426
Data envio: 11/01/2022 17:30:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27426
Data envio: 11/01/2022 17:30:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario", e fai referencia no seu texto a que "*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*", causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivos destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoas con discapacidade.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas "*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*".

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27426
Data envio: 11/01/2022 17:30:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade? Cantas? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

. Cantos convenios foron asinados por parte da Xunta de Galiza con *Ilunion Servicios Industriales*? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

. Que mecanismos de control, avaliación e seguimento levou a cabo a Consellaría de Emprego e Igualdade destas axudas? Cales foron os resultados acadados? Que medidas foron tomadas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Daniel Pérez López
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:26:45

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:26:49

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27426
Data envio: 11/01/2022 17:30:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:26:58

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contra-pendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo recoñece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: "Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020". (...) "En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento".

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Considera a Xunta de Galiza que as actuacións e infraestruturas que permitan o saneamento e a depuración dos concellos galegos deben ser prioritarias para as Administracións?

2.- Que valoración fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do estado das infraestruturas de saneamento e da EDAR de Noia?

3.- Que valoración fai de como ese estado está a influír na calidade das augas da ría de Muros e Noia e no desenvolvemento dese concello?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- En que medida ten previsto contribuír co Concello de Noia para levar a cabo o cumprimento do Plan Director de Saneamento elaborado por Augas de Galiza?

5.- Está disposto a aportar a cantidade que o Plan Director , 1.325.000 euros, que o propio Plan establece para a mellora e actualización da EDAR?

6.- Vai establecer un convenio co Concello de Noia para a xestión e o mantemento da rede de saneamento de Noia?

7.- Vai acordar co Concello de Noia o establecemento da calendarización de investimentos necesarios para poñer en marcha o resto das accións previstas no Plan de Saneamento para a mellora da rede de saneamento?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:40:38

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:41:27
Nº Rexistro: 27571
Data envio: 12/01/2022 12:41:27.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:41:01

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:18
Nº Rexistro: 27653
Data envio: 13/01/2022 10:37:18.201

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade…), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018. O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:18
Nº Rexistro: 27653
Data envio: 13/01/2022 10:37:18.201

España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente medico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espacio e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nús e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao limite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 10:37:18
Nº Rexistro: 27653
Data envio: 13/01/2022 10:37:18.201

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que ten a capacidade de afrontar realmente un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue ás e aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial?

2. Que razóns cre o Goberno de Galicia que explican a situación límite actual do sistema de atención primaria de Galicia?

3. Que previsión ten o Goberno de Galicia para reformular o modelo de Atención Primaria actualmente en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:32:51

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:33:00

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 27703
Data envio: 13/01/2022 11:36:57.483

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presencia desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presencia mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras , tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos.

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presencia de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presencia no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.

O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 27703
Data envio: 13/01/2022 11:36:57.483

diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado.

Si ben, antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA), o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Traballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual :

"por outra banda y en relación ca silicose, as partes asinantes do presente convenio , se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito galego, para a diagnose, detección , valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da Lousa"

O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 27703
Data envio: 13/01/2022 11:36:57.483

antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos.

1. Que valoración fai o Goberno galego da alta incidencia de silicose na nosa comunidade autónoma, no que se detectaron 70 novos casos no ano 2020 e 92 no 2019?

2. Que actuacións concretas, en relación coa enfermidade profesional da silicose, están realizando as consellerías con competencias na materia, nomeadamente Emprego, Industria e Sanidade?

3. Valora o Goberno galego por en marcha un plan programa integral de silicose de Galicia que conte ca participación das consellerías con competencias na materia de emprego, sanidade e industria?

4. Valora o Goberno Galego a creación dunha unidade ou unidades de referencia de ámbito galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e a pedra?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 27703
Data envio: 13/01/2022 11:36:57.483

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 11:25:07

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 11:25:15

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 11:25:23

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:46
Nº Rexistro: 27747
Data envio: 13/01/2022 13:08:46.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

Galicia atópase nun contexto complexo para os centros de atención residencial motivado unha vez máis pola pandemia. Os contaxios de residentes e persoal nas residencias continúa crecendo de xeito preocupante, especialmente en residencias coma Raiola O Hórreo, e a de Bembrive de Vigo que conta con máis do centenar de afectados, converténdose no maior foco de contaxios do último ano.

A nova variante da Covid, omicron está desafiar a velocidade de transmisión do virus, polo que é preciso adiantar os recursos a esta nova realidade.

Tendo en conta a situación actual, o colapso laboral nos centros de atención residencial debido ás baixas do persoal por contaxios ou corentenas, pode poñer en risco a atención ás persoas maiores residentes. Polo que é preciso unha actuación inmediata por parte da Administración competente.

A gravidade das casuísticas de contaxios nos centros de maiores é menor, debido ás vacinas que chegaron a Galicia a través da partida de máis de 1000 millóns de euros por exercicio presupuestario do Ministerio de Sanidade, non obstante non garante que poidan existir casos graves en persoas con patoloxías previas fundamentalmente, polo que é preciso un protocolo inmediato.

Polo tanto é urxente que o Goberno galego volva a facer públicos na páxina oficial da Xunta o número de contaxios e falecementos por Covid nos centros de atención residencial, para coñecer a realidade por parte da cidadanía así como do propio sector. É importante coñecer se existen casos graves ou falecementos nestes centros con diagnóstico en Covid, tanto dos residentes como do persoal laboral de ditos centros.

É urxente ademais saber se a Xunta de Galicia suspendeu ou non as probas diagnósticas PCR de covid en decembro de 2021, principalmente para os traballadores e traballadoras que se incorporaban tras vacacións, ou novas incorporacións entre outras.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:08:46
Nº Rexistro: 27747
Data envio: 13/01/2022 13:08:46.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Ten pensado a Consellería de Política Social intervir os centros de atención residencial que o precisen para incrementar o reforzo de persoal e material ante tal situación?

2.ª) Existen casos de falecemento ou agravamento por covid nos centros residencias?

3.ª) Deu orde a Xunta de suspensión de realizar probas PCR nos centros de atención residencial para o persoal de nova incorporación ou regreso de vacacións?

4.ª) Por que a Xunta de Galicia deixou de publicar dende o ano pasado os datos de contaxios e falecementos por covid nos centros de atención residencial na páxina oficial da Xunta, a pesar do incremento de ambos?

5.ª) Por que non se realizan PCR a todos os residentes e ao persoal de centros de atención residencial cando se detectan os primeiros casos de covid?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:04:28

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:04:47

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 27758
Data envio: 13/01/2022 13:29:29.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, **Alexandra Fernández Gómez**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras (Vigo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos vaivéns do estaleiro Barreras nos últimos anos poñen en perigo o futuro do sector naval da Ría de Vigo tal e como o coñecemos. A viabilidade e a actividade deste estaleiro é fundamental para atallar a crise industrial que padece a cidade de Vigo e a súa contorna.

Barreras é o maior estaleiro privado do estado, atópase en proceso de liquidación e pendente da decisión da empresa sobre o traspaso da unidade produtiva a un dos grupos interesados, un traspaso que debe ser validado polo Xulgado do Mercantil de Vigo e pola Autoridade Portuaria de Vigo.

Este proceso está tendo continuos cambios e modificación de datas e esta a se alongar máis do previsto inicialmente o que provoca desconcerto e incerteza entre o sector e os traballadores sen que as distintas administracións, e nomeadamente a Xunta de Galiza que ten as competencias en materia de industria, aclare a situación evitando informar do proceso máis alá de anuncios e propaganda sen compromisos reais.

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 27758
Data envio: 13/01/2022 13:29:29.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sinalar tamén que a Autoridade Portuaria de Vigo, como xa indicamos antes, ten que validar o traspaso do estaleiro e tampouco ofrece ningunha información sobre o proceso.

Esta gravísima situación, na que existe o risco real da desaparición dun dos principais estaleiros da Ría de Vigo, que podería poñer en xaque o conxunto do sector da construción e reparación naval de Vigo, non ten sido enfrontada até o momento por parte da Xunta de Galiza, que máis unha vez volve desertar das súas competencias en materia de política industrial.

Aliás, é xa manifesta a incapacidade do capital privado para poñer en marcha as enormes potencialidades produtivas que ten Barreras, que vén sufrindo unha sucesión de fiascos empresariais desde a súa privatización, dos que salienta a frustrada operación liderada por Pemex co entusiasta patrocinio da Xunta de Galiza e a máis recente adquisición por parte do grupo Ritz Carlton. Nese sentido, unha solución de futuro que garanta a continuidade da actividade produtiva e do emprego non pode pasar por insistir no apalancamento financeiro, a cargo de recursos e avais públicos, senón que esixe dunha decidida intervención desde o público.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Ten contactos formais a Xunta de Galiza coa propiedade do estaleiro ou coa consultora encargada da súa venda?

2. Ten constancia a Xunta de Galiza dalgún plan de viabilidade empresarial por parte dos actuais propietarios do estaleiro formulado para solicitar apoio financeiro público?

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 27758
Data envio: 13/01/2022 13:29:29.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galiza no proceso de traspaso do estaleiro Barreras para garantir un proxecto de futuro que garanta a viabilidade da actividade e os postos de traballo?

4. Ten coñecemento da posibilidade de desgaxar a empresa na venda?

5. Ten contactos a Xunta de Galiza coa representación do persoal de Barreras? Coñece a Xunta de Galiza se esta representación está informada do proceso de venda por parte da empresa?

6. Que medidas vai adoptar a Xunta para garantir o mantemento dos postos de traballo unha vez que remate o eventual proceso de traspaso da unidade produtiva?

7. Está a Xunta de Galiza a traballar nun plan industrial para Barreras e para o sector naval da Ría de Vigo?

8. Desbota a Xunta de Galiza a participación no capital e na dirección do estaleiro?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 27758
Data envio: 13/01/2022 13:29:29.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2022 13:26:53

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 13:26:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 13:27:06

Daniel Pérez López na data 13/01/2022 13:27:16

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-3KjOEmLSw-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/